

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 104

Sesión plenaria
23 de novembro de 2022

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 4. Propositions non de lei

4.1 42079 (11/PNP-003562)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pardo López, Adrián e sete deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para manter viva a memoria das vítimas do terrorismo de ETA

Publicación da iniciativa, BOPG nº 394, do 13.10.2022

4.2 42319 (11/PNP-003584)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e sete deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para articular un plan de axudas ás pequenas e medianas industrias e ás persoas autónomas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 394, do 13.10.2022

4.3 42637 (11/PNP-003614)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e sete deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ante a Unión Europea e o Goberno do Estado en relación coa posta en marcha de medidas que compensen as consecuencias socioeconómicas derivadas da prohibición da pesca de artes de fondo en oitenta e sete caladoiros do Atlántico nororiental

Publicación da iniciativa, BOPG nº 397, do 19.10.2022

4.4 43135 (11/PNP-003668)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para elaborar un plan contra a pobreza

Publicación da iniciativa, BOPG nº 404, do 03.11.2022

4.5 43327 (11/PNP-003686)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para implementar medidas económicas que incentiven os concellos á redución do lixo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 407, do 09.11.2022



4.6 43422 (11/PNP-003695)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e catorce deputados/as máis**

Sobre o apoio do Parlamento de Galicia á conmemoración do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller e as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ou solicitar do Goberno de España nesta materia

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 407, do 09.11.2022

Punto 5. Interpelacións**5.1 39762 (11/INT-001957)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis**

Sobre a formación da poboación en competencias clave

Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 07.09.2022

5.2 41510 (11/INT-002016)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis**

Sobre a xestión por parte da Xunta de Galicia do plan Hurbe

Publicación da iniciativa, BOPG nº 386, do 27.09.2022

5.3 42795 (11/INT-002103)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis**

Sobre a situación da área sanitaria de Pontevedra-O Salnés

Publicación da iniciativa, BOPG nº 401, do 26.10.2022

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta**6.1 43814 (11/POPX-000085)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre as medidas dos orzamentos da Xunta de Galicia que prevén o necesario reforzo dos servizos públicos para o ano 2023

Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 16.11.2022

6.2 43816 (11/POPX-000086)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana**

Sobre as medidas que vai impulsar a Xunta de Galicia para loitar contra a violencia machista

Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 16.11.2022



Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 41644 (11/POP-006284)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis

Sobre as axudas para a gratuidade da atención educativa en escolas infantís

Publicación da iniciativa, BOPG nº 386, do 27.09.2022

7.2 40424 (11/POP-006174)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Freire Vázquez, María Begoña e seis deputados/as máis

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia do incremento dos casos de ocupación de vivendas e a pasividade do Goberno central

Publicación da iniciativa, BOPG nº 379, do 14.09.2022

7.3 43815 (11/PUP-000290)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana

Sobre a valoración da Xunta de Galicia de todas as leccións que nos deixou o afundimento e a catástrofe ambiental e social do *Prestige*

Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 16.11.2022

7.4 43256 (11/POP-006499)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis

Sobre o grao de cumprimento do pacto ambiental asinado entre a Xunta de Galicia e Ence en xuño de 2016

Publicación da iniciativa, BOPG nº 407, do 09.11.2022

7.5 40929 (11/POP-006215)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e seis deputados/as máis

Sobre a información da que dispón neste momento o Goberno galego en relación coas causas do derrubamento e os traballos de reconstrución do viaduto da A-6 colapsado o pasado mes de xuño

Publicación da iniciativa, BOPG nº 382, do 21.09.2022

7.6 43288 (11/POP-006504)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre a aceptación da solicitude do cambio de pantallas destinadas aos centros educativos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 407, do 09.11.2022

7.7 43811 (11/PUP-000288)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana

Sobre a presentación no Parlamento dun informe de execución e impacto do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 16.11.2022



7.8 37324 (11/POP-005341)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a actuación do Goberno galego para levar a cabo un novo modelo de atención primaria no sistema sanitario que permita aos profesionais mellorar a capacidade asistencial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 354, do 02.08.2022



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas dos orzamentos da Xunta de Galicia que prevén o necesario reforzo dos servizos públicos para o ano 2023. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Álvarez Martínez (S). (Páx. 12.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 13.)

Réplica do autor: Sr. Álvarez Martínez (S). (Páx. 15.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 16.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que vai impulsar a Xunta de Galicia para loitar contra a violencia machista. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 17.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 19.)

Réplica da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 20.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 21.)

O señor Puy Fraga (P) pide a palabra e intervén con base no artigo 72 para salientar que o seu grupo si se pronunciou sobre a sentenza coñecida como «sentenza da Manada», e entrégalle á Presidencia a declaración institucional do Parlamento de Galicia, aprobada no pleno do 9 de xullo do ano 2018, na que todos os grupos, por unanimidade, se pronunciaron sobre a devandita sentenza e en defensa dos dereitos da muller. (Páx. 23.)

Declaración institucional

O señor presidente dá lectura e somete á aprobación da Cámara unha declaración institucional en relación co día de hoxe, 23 de novembro, no que se celebra o Día Mundial da Infancia, declaración que se aproba por asentimento. (Páx. 23.)



Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Marina Ortega Otero e D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para elaborar un plan contra a pobreza. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 25.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Ortega Otero (S). (Páx. 26.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sra. Carreira Pazos (BNG). (Páx. 29.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sr. Pazos Couñago (P). (Páx. 32.)

A señora Ortega Otero (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 35.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Paloma Castro Rey e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para implementar medidas económicas que incentiven os concellos á redución do lixo. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 37.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Castro Rey (S). (Páx. 39.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 42.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sra. Díaz Mouteira (P). (Páx. 45.)

A señora Castro Rey (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 48.)

O señor Bará Torres (BNG) pide a palabra e intervén con base no artigo 76 porque entende que hai unha inexactitude no discurso da portavoz do Grupo Popular. (Páx. 50.)

O señor presidente dálle a palabra á señora Díaz Mouteira (P) por se quere facer algún comentario respecto da intervención do señor Bará Torres (BNG), e intervén para facer unha aclaración. (Páx. 50.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Paula Prado del Río e catorce deputados/as máis, sobre o apoio do Parlamento de Galicia á conmemoración do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller e as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ou solicitar do Goberno de España nesta materia. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 51.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Prado del Río (P). (Páx. 53.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Díaz Varela (S) (Páx. 57.) e Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 60.)

A señora Prado del Río (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 64.)



Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Adrián Pardo López, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para manter viva a memoria das vítimas do terrorismo de ETA: *aprobada por 71 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 66.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Pérez López e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para articular un plan de axudas ás pequenas e medianas industrias e ás persoas autónomas: *rexeitada por 18 votos a favor, 39 votos en contra e 14 abstencións.* (Páx. 66.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Rosana Pérez Fernández e sete deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ante a Unión Europea e o Goberno do Estado en relación coa posta en marcha de medidas que compensen as consecuencias socioeconómicas derivadas da prohibición da pesca de artes de fondo en 87 caladoiros do Atlántico nororiental: *aprobada por 71 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 66.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Marina Ortega Otero e D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para elaborar un plan contra a pobreza: *rexeitado por 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 67.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Paloma Castro Rey e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta e Galicia para implementar medidas económicas que incentiven os concellos á redución do lixo: *rexeitado por 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 67.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Paula Prado del Río e catorce deputados/as máis, sobre o apoio do Parlamento de Galicia á conmemoración do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller e as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ou solicitar do Goberno de España nesta materia: *aprobada por 71 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 67.)

Declaración institucional

O señor presidente dá lectura e somete á aprobación da Cámara unha declaración institucional en relación coa declaración de recoñecemento ao agrarismo galego, que se aproba por asentimento. (Páx. 68.)

Interpelación de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a formación da poboación en competencias clave. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Rodríguez Dacosta (S). (Páx. 69.)



Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 72.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Dacosta (S)*. (Páx. 74.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 76.)

Interpelación de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a xestión por parte da Xunta de Galicia do Plan Hurbe. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 79.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 81.)

Réplica do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 85.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 87.)

Interpelación de D^a María Montserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación da área sanitaria de Pontevedra-O Salnés. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 89.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 92.)

Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 95.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 97.)

Suspéndese a sesión ás dúas e cincuenta minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos da tarde.

Pregunta de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as axudas para a gratuidade da atención educativa en escolas infantís. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)*. (Páx. 99.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Xuventude (García Martínez)*. (Páx. 100.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)*. (Páx. 101.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Xuventude (García Martínez)*. (Páx. 102.)

Alteración da orde do día

O señor presidente comunica unha alteración no desenvolvemento da orde do día. (Páx. 102.)

Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a información da que dispón neste momento o Goberno galego en relación coas causas do derrubamento e os traballos de reconstrución do viaduto da A-6 colapsado o pasado mes de xuño. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 103.)



Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 104.)

Réplica do autor: *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 104.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 106.)

Pregunta de D. Daniel Castro García e D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a aceptación da solicitude do cambio de pantallas destinadas aos centros educativos. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Castro García (BNG)*. (Páx. 107.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado)*. (Páx. 108.)

Réplica do autor: *Sr. Castro García (BNG)*. (Páx. 109.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado)*. (Páx. 110.)

Pregunta de D^a Noa Susana Díaz Varela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a presentación no Parlamento dun informe de execución e impacto do Pacto de Estado contra a violencia de xénero en Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Díaz Varela (S)*. (Páx. 111.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 112.)

Réplica da autora: *Sra. Díaz Varela (S)*. (Páx. 113.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 114.)

Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e D^a Marina Ortega Otero, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a actuación do Goberno galego para levar a cabo un novo modelo de atención primaria no sistema sanitario que permita aos profesionais mellorar a capacidade asistencial. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 115.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 116.)

Réplica do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 118.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 119.)

Pregunta de D^a María Begoña Freire Vázquez e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia do incremento dos casos de ocupación de vivendas e a pasividade do Goberno central. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Freire Vázquez (P)*. (Páx. 120.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 121.)

Réplica da autora: *Sra. Freire Vázquez (P)*. (Páx. 122.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 123.)



Pregunta de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o grao de cumprimento do pacto ambiental asinado entre a Xunta de Galicia e Ence en xuño de 2016. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 124.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 125.)

Réplica do autor: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 126.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 127.)

Pregunta de D^a Rosana Pérez Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración da Xunta de Galicia de todas as leccións que nos deixou o afundimento e a catástrofe ambiental e social do *Prestige*. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pérez Fernández (BNG).* (Páx. 128.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo).* (Páx. 129.)

Réplica da autora: *Sra. Pérez Fernández (BNG).* (Páx. 130.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo).* (Páx. 131.)

Remata a sesión ás seis e sete minutos da tarde.



Retómase a sesión ás dez da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bo día.

Reanudamos a sesión co punto 6 da orde do día, que é o de preguntas para a resposta oral do presidente da Xunta de Galicia.

E, antes de proceder á súa tramitación, permítanme que saúde os alumnos da Universidade Sénior de Pontevedra, que hoxe nos acompañan. Benvidos ao Parlamento.

Comezamos, polo tanto, coas preguntas.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas dos orzamentos da Xunta de Galicia que prevén o necesario reforzo dos servizos públicos para o ano 2023

O señor PRESIDENTE: En primeiro lugar, formula a pregunta don Luis Manuel Álvarez Martínez, portavoz do Grupo Parlamentario Socialista.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Permítanme, en primeiro lugar, saudar e alegrarme do retorno da conselleira de Política Social a este Pleno. Benvida, señora conselleira, de novo. Alégrome da súa presenza.

Señor presidente da Xunta de Galicia, hai tres semanas houbo unhas declaracións do xerente do Sergas que nos deixaron tres grandes titulares dos que xa temos falado. En primeiro lugar, que, en materia de pediatría, non vai haber os pediatras que esta comunidade autónoma necesita. En segundo lugar, que non todas as citas de atención primaria teñen que darse no mesmo día —o que non sabemos é se a horquilla que manexan vostedes é que entre 4 e 21 días é razoable ao pechar a posibilidade de obter consulta a mediados de mes—. E, en terceiro lugar, que os pacientes crónicos que levaban sen ser vistos polos seus médicos durante seis meses ían ter un plan especial. Iso, xunto cuns incrementos das listas de agarda dende o ano 2019 ata o 2022 absolutamente indecentes.

¿E como se chega a esta situación? Pois xa llelo dicíamos, nos últimos anos —entre o 2007 e o 2020—, esta comunidade autónoma pasou de ser a décimo segunda —de dezasete— peor comunidade autónoma en médicos de atención primaria por cada 1.000 habitantes a ser a décimo cuarta. É dicir, que houbo comunidades autónomas que melloraron. E Galicia empeorou na súa posición relativa, pasou de ser a novena comunidade autónoma en gasto sanitario por habitante —que xa era unha mala posición, dicíámoslles— a ser a décimo segunda, que é unha posición moitísimo peor. Galicia é a segunda comunidade autónoma, por detrás de Madrid, en menor investimento en atención primaria, como lles dicía.

Hai unha semana a falla de médicos deixa varios PAC atendidos só por enfermeiros e enfermeiras, e aparece a solución máxica: cursos de formación, teléfono e, se cadra, plasma —



pantalla, enténdase ben— para que o persoal de enfermería atenda sen médicos. A reacción do Consello dos colexios médicos de Galicia non se fixo esperar e, como non podía ser doutra maneira, cualificaron esa medida de atallo ilegal, ineficiente e temerario. E, como non, a Xunta de Galicia, co seu argumento perenne, di: «Trátase de casos puntuais». Sempre son puntuais. E así imos en materia de sanidade, con ocorrencias de semana en semana.

No ámbito da política social de atención ás persoas maiores, temos un déficit de 15.000 prazas para cumprir esa ratio recomendada dun 5 % da poboación maior de 65 anos, segundo o informe dos directivos e xerentes de servizos sociais —ao que o señor voceiro do Partido Popular fixo referencia no debate de orzamentos hai dous días—. Estamos peor que hai dez anos. Segundo Envellecemento en rede —do CSIC, enténdaseme ben—, a ratio estatal é de 4,2, mentres en Galicia é do 3,1. Pero para que a ratio media sexa de 4,2, evidentemente, hai comunidades autónomas que están por encima, como, por exemplo, por citar algunha: Aragón, Asturias, Castela-León —gobernada historicamente polo Partido Popular—, Castela-A Mancha ou Estremadura, que están por encima desa ratio do 5 %. A propia Valedora do Pobo recoméndalles adaptar o número de prazas ofertadas á demanda aprobada mediante os plans individuais de atención. E hai preto de dez mil solicitudes sen gravar en dependencia. ¿Por que? Porque non hai persoal suficiente para facer as valoracións, o que supón retrasos inaceptables.

En materia de vivenda, considerado —como sabemos todos— o quinto piar do Estado do benestar, no Programa de acceso á vivenda entre o 2010 e o 2020, deixaron sen executar vostedes 400 millóns de euros; 17 millóns de euros no ano 2021, e a estas alturas do ano 2022 teñen vostedes executado un 3 %. Galicia é a última comunidade autónoma en creación de vivendas públicas, e o Instituto Galego da Vivenda e Solo, segundo unha nova do 4 de novembro —hai dúas semanas—, aspira a rematar 64 vivendas públicas. Mentres, no Rexistro de Demandantes de Vivenda onte pola tarde había 15.808 solicitudes; é dicir, no mellor dos casos, van dar vostedes resposta ao 0,4 % da demanda existente. Iso —vou rematando, señor presidente— logo de que o alugueiro experimentase un incremento de entre un 20 % e un 40 % nos últimos cinco anos, segundo zonas da nosa comunidade autónoma.

Por iso lle pregunto, señor presidente da Xunta de Galicia: con estes antecedentes, ¿que pensa facer vostede para reforzar os servizos públicos no ano 2023?

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

(*Aplausos.*)

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señorías.



Permítanme, antes de contestar a pregunta do señor Álvarez, facer, no nome do meu grupo —e gustaríame que fose no de todos os deputados e deputadas deste Pleno—, unha mención especial a quen gobernou Galicia durante quince anos, co apoio maioritario dos galegos, e de quen hoxe se cumpren cen anos do seu nacemento, Manuel Fraga Iribarne. *(Aplausos.)*

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

Señor Álvarez, pregúntame vostede exactamente —supoño que é o que quería saber, polo menos cando formulou a pregunta— que medidas dos orzamentos da Xunta de Galicia prevén o necesario reforzo dos servizos públicos para o ano 2023. E, mire, como creo que non hai mellor resposta que a que se acompaña cun exemplo, voulo dar. Proxecto 2010 340 da Axencia de Infraestruturas e Autoestradas Autonómicas, partida orzamentaria 09A1512B 4.700: 4,8 millóns de euros destinados a que os petos dos galegos non teñan que sufrir a alza das estradas autonómicas. *(Aplausos.)* ¿Parécelle un bo exemplo de como reforzamos os servizos públicos? *(Aplausos.)*

Pero, mire, se quere, amplíolle a resposta. En realidade, todas e cada unha das partidas dos orzamentos para o ano 2023 teñen a mesma finalidade, que é manter, reforzar e preservar os servizos públicos; os de todos, os que pagan os galegos cos seus impostos e, polo tanto, os que queren que se sigan mantendo en tempos de incertezas e que se sigan reforzando. 12.620 millóns de euros é o orzamento máis alto da historia da nosa comunidade autónoma —xa llo teño dito noutras ocasións—, contra as dificultades e contra as incertezas que imos padecer e estamos padecendo.

O que a xente necesita e pide é un investimento, 2.700 millóns de euros, 8,5 máis que o ano pasado. Os investimentos moven a economía e reforzan os servizos, estará vostede de acordo comigo. Menos débeda, a metade de endebedamento que o ano pasado —creo que isto é especialmente importante, tendo en conta a suba dos tipos de interese—, máis gasto social e máis sanitarios —non se preocupe que falaremos de sanidade tamén—, 9.400 millóns de euros, 3 de cada 4 euros do orzamento adicado a gasto sociosanitario. O 74,3 % está adicado ao Estado de benestar. A vostedes xa sei que lles fastidian moito estas comparacións, pero vostedes, no ano que máis dedicaron, en plena bonanza, dedicaron o 68,3 % ao Estado de benestar.

E mire, polo tanto, os orzamentos da Xunta para o ano 2023 van supoñer máis sanidade, por suposto, máis educación, máis servizos sociais, máis políticas de emprego, máis axudas para vivendas; en definitiva, máis servizos públicos. Vostedes, por suposto, votáronos en contra, querían que se devolvesen na súa integridade. É difícil de entender, e vendo como, ao mesmo tempo, son capaces de apoiar, de jalear, como sempre, e de limpar as vergoñas duns orzamentos do Estado que prometen moitas cousas para Galicia —é certo que cada vez menos; cada vez xa vemos que nin promesas hai—, pero que esas promesas non veñen respaldadas nunca cos orzamentos necesarios para poder executalas. Esa é a diferenza entre uns orzamentos reais da Xunta de Galicia e uns orzamentos etéreos que desprezan a Galicia pero que, en cambio, vostedes apoian.

Mire, non é de estrañar, se votaron en contra de que compensemos a suba das autoestradas en Galicia para que os galegos non a teñan que soportar, son capaces de votar en contra de calquera cousa.



Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Para a réplica, o señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Mire, señor Rueda, que eu lle pregunte por sanidade, que lle pregunte por servizos sociais, que lle pregunte por políticas en materia de vivenda e vostede me fale das peaxes das autoestradas galegas non é un insulto a este portavoz, (*Aplausos.*) que estou afeito e tampouco me vou arrugar; (*Aplausos.*) é unha afrenta a esta comunidade autónoma. (*Aplausos.*) ¿Que estarán pensando os cidadáns que nos estean oíndo de que lle preguntemos por políticas sociais e vostede conteste con autoestradas? ¿De verdade cre que iso é medianamente serio e respectuoso? A realidade, señor presidente, é que a súa propia resposta evidencia a falla de compromiso en materia de políticas sociais.

Mire, o problema é que en sanidade hai un incremento de 42 médicos, que vostedes deixaron sen cubrir a totalidade das prazas MIR e que dende que chegou ao Goberno de España o señor Sánchez encadeamos as cinco convocatorias MIR consecutivas máis altas da historia. O que ocorre en sanidade, señor presidente, é que estamos pagando todos os recortes da década pasada sobre os que os viñamos advertindo, porque son as condicións laborais dos médicos as que fan que esta comunidade autónoma teña o problema que ten.

En materia de servizos sociais, señor Rueda, ¿por que non se compromete hoxe aquí solemnemente —que lles gusta moito a palabra— a dotar de máis persoal os servizos de valoración para que esas listas de agarda absolutamente insoportables sexan aliviadas e a cidadanía galega reciba a resposta que merece de forma rápida? (*Aplausos.*) ¿Por que? (*Aplausos.*) Non o vai facer porque sabe que non está. (*Aplausos.*) Aposten vostedes, señor Rueda, por un modelo público de residencias.

Mire, o 23 de febreiro do ano 2017 —hai máis de cinco anos— o señor expresidente da Xunta de Galicia avanzaba na construción de 7 residencias públicas con máis de 900 prazas —en Vigo, na Coruña, en Ferrol, en Santiago, en Pontevedra, en Ourense e en Lugo—. ¿Que hai hoxe desas 900 prazas? Voulle dicir: nin 900, nin 90, nin 9; e non divido por 10 máis porque 0,9 humanos é unha cifra pouco presentable. (*Aplausos.*)

Mire, en materia de vivenda, con que executen o que se lles dá e o que comprometen, teriamos máis que suficiente. Pero mire, señor Rueda —e remato, señor presidente—, despois desa fallida viaxe ao centro e á moderación entendida polo Partido Popular, hoxe en día, desgraciadamente, son vostedes herdeiros daquel Aznar que dicía: «*Es caro eso de la dependencia, ¿verdad?*». Mire, vailles no ADN, desgraciadamente, non primar os servizos públicos; porque ¿sabe que ocorre cos servizos públicos? Que cando o PP entra pola porta, os servizos públicos saltan pola ventá.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.



Para o turno de peche desta pregunta, o señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Álvarez, moi frouxo se tivo que ver ao final da súa segunda intervención cando me tivo que sacar o señor Aznar a pasear. *(Risos.) (Murmurios.)* Melloramos, ¡eh!, *(Murmurios.)* melloramos, porque foi á Idade Media na anterior pregunta... *(Murmurios.)* A vostede, en fin, cando queda sen moitos argumentos, gústalle moito facer ese tipo de comparacións que son curiosas. Igual que é moi curioso —e gustárame remarcalo— que vostede considere rebaixarse falar de que os galegos paguen menos por ir todos os días pola autopista; xente que ten que ir traballar, xente que necesita circular pola autopista para o seu traballo. É algo que rebaixa a este Parlamento simplemente dicir que as autoestradas que dependen da Xunta de Galicia van subir cero euros e que as que dependen do señor Sánchez van subir un 10 %. *(Aplausos.)* Dá igual esta circunstancia, porque lle importa á xente. Vostedes non entenden nada. Ocupan portadas e portadas dos medios de comunicación... *(Murmurios.)* A vostede párecelle un insulto, rebaixarse, que non vale a pena e que non son asuntos dos que haxa que falar. Pois eu vou seguir falando as veces que faga falta, non teña vostede ningunha dúbida. *(Aplausos.)*

E ademais, mire, ¡que máis dá, señor Álvarez! Agora chega a fase de emendas parciais e vostedes farán o de sempre. Fala moito dos servizos públicos e de blindalos, pero hai tantos exemplos —non teño tempo para dicilos— onde vostedes retiran cartos de partidas que están sostendo os servizos públicos e sociais para adicalas a outros que non se entende moi ben, e por intereses electoralistas; ás veces locais, por réditos electorais..., non se sabe. Van facer o mesmo de sempre. Polo tanto, sexan un pouco serios. Xa sei que non están gobernando, pero dende a oposición tamén hai que ser un pouco serios ás veces cando se fala de orzamentos.

Se tivesen ese rigor, non permitirían, por exemplo —e imos falar de sanidade—, que despois do esforzo que vai facer a Xunta de Galicia o ano que vén, que son 1.200 millóns de euros máis en sanidade pública dos que vostedes adicaban no Bipartito... *(Murmurios.)* E teño que sacar o Bipartito porque nos acusan de ser o Goberno dos recortes en sanidade: 1.200 millóns de euros máis dos que vostedes adicaban; ¡1.200 millóns de euros máis!, *(Aplausos.)* ¡un 5 % por enriba da media nacional!

Pero ben, se tivesen rigor, non permitirían que ao mesmo tempo o Ministerio de Sanidade... ¡Señor Álvarez, como elude vostede falar destas responsabilidades! «*Ni por todo el oro del mundo*» —o conselleiro socialista de Sanidade de Extremadura dixit— «*seríamos capaces de contratar a más médicos*», porque o que fai falta é que o Ministerio de Sanidade mova ficha e non a move, e vostedes seguen mirando para outro lado nisto que é fundamental. ¡A ver se se enteran dunha vez das cousas que hai que facer para mellorar en sanidade! Non todo o podemos facer as comunidades autónomas. ¿Pero non se dá conta vostede de que son problemas xerais, de que non é unha cuestión de cartos ou de que, polo menos, non é só unha cuestión de cartos? É unha cuestión de decisión política, de valentía, que ten que ter o Ministerio, e non a está tendo. E vostedes bendina e miran para o outro lado. Nós, desde logo, imos seguir blindando os servizos públicos.



Mire, en inclusión social e loita contra a pobreza, de 70,6 millóns de euros que consignaban vostedes, a 148 millóns de euros que consigna a Consellería de Política Social precisamente.

Tres anos consecutivos batendo récords de investimento en educación: 2.900 millóns de euros este ano.

Imos seguir por este camiño, blindando os servizos públicos.

Volvendo á sanidade —que teño todo o interese en falar da sanidade pública galega—, mire, voulle poñer outro exemplo. Poñálle un ao principio da miña primeira intervención, e non lle gustou nada, pareceulle un insulto; a ver se este lle parece un insulto.

Despois de ter o calendario de vacinación infantil máis potente de toda España, asumindo os custos que antes pagaban as familias para vacinar os seus fillos e sendo conscientes da preocupación que teñen moitos pais e nais pola suba das enfermidades respiratorias, este sábado, despois do éxito da experiencia piloto, imos ofrecerlles a todos os pais e nais a posibilidade de que vaian vacinar contra a gripe todos os seus fillos de entre 6 meses e 5 anos a todos os hospitais, para previr se contra as enfermidades respiratorias. *(Aplausos.)* Son exemplos concretos, señor Álvarez, de como se blindan os servizos públicos.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Eu pídolle que sexa serio cos orzamentos e que entenda que así se blindan. Hai moitísimos exemplos que me deu de vivenda e doutras cousas. Poderíallos rebater, pero non teño tempo dabondo, vostedes sábano de sobra. O malo é que cando vaian volver facer os orzamentos, as emendas —teñen agora a oportunidade—, volverán facer o mesmo: lavarlles a cara ás vergonzas do Goberno central e xogar como quen xoga ao tres en raia, movendo partidas nos orzamentos da Xunta. Pero os orzamentos da Xunta blindan servizos públicos. Vostedes non acaban de entendelo, e síntoo moito.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que vai impulsar a Xunta de Galicia para loitar contra a violencia machista

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señorías.

Señor Rueda, a violencia machista atenta contra a igualdade e a liberdade das mulleres e, na súa forma máis extrema, mata cada ano miles de mulleres no mundo.



Combater a violencia de xénero é moito máis que un imperativo legal, é unha obriga democrática nunha sociedade que queira denominarse como unha sociedade decente.

Claro que avanzamos moito contra a violencia de xénero, sobre todo no ámbito lexislativo, e eu hoxe quero dicir con todo orgullo que Galiza se situou á vangarda grazas a leis como a Lei contra a violencia de xénero ou á Lei contra a violencia vicaria, ambas impulsadas polo BNG e aprobadas por unanimidade nesta Cámara. *(Aplausos.)*

Pero tamén é evidente que queda, moito non, moitísimo por facer. Queremos vivir nunha Galiza onde as mulleres non teñan que sufrir insultos, violencia, violacións ou que mesmo sexan asasinadas polo simple feito de ser mulleres. Queremos unha sociedade na que non volvamos ver sentenzas da minisaia ou da Manada. Queremos unha sociedade na que as mulleres poidamos vivir sen violencia. E queda moito, moitísimo, por facer.

Non podemos baixar a garda, porque o negacionismo avanza. E aí vemos unha extrema dereita que mesmo se atreve a insultarnos ás mulleres chamándonos «feminazis» polo simple feito de defender os dereitos das mulleres. Non podemos consentilo. Hai que illar estes discursos e hai que plantarlles cara.

Pero o Partido Popular, en vez de facer isto, o que fai é ir de ganchete con esa extrema dereita negacionista e gobernar con quen nega que existe a violencia machista. O Partido Popular unha vez máis sitúase do lado equivocado e non defende os dereitos das mulleres. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Non gobernan coa extrema dereita? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.)* Miren, para loitar contra a extrema... *(Murmurios.)* Ben, para loitar contra a violencia machista precisamos a máxima implicación de todas as administracións e a máxima implicación do conxunto da sociedade, pero, sobre todo, necesítanse máis recursos.

E eu hoxe, señor Rueda, quero deixarlle aquí algunhas propostas do BNG:

A primeira, destinar o 1 % do orzamento a loitar contra a violencia machista; 1 de cada 100 euros para garantir que imos poñer todos os recursos para que as mulleres non teñan que seguir sufrindo violencia machista.

En segundo lugar, incrementar as axudas económicas para as vítimas de violencia machista; como mínimo, subir o que subiu o custo da vida, o IPC, para que esas axudas non perdan poder adquisitivo no medio desta crise de prezos.

Terceiro, crear xulgados específicos nas cidades galegas, priorizando os de Lugo, Ourense e Santiago. Votaron en contra desta iniciativa, pero aínda están a tempo de rectificar.

E, por último, señor Rueda, cumprir a lei, esa lei que vostedes levan trece anos incumprindo, empezando por poñer atención psicolóxica en atención primaria para as vítimas de violencia machista.



Estas, señor Rueda, son as propostas do BNG. A nosa pregunta é: ¿cales son as súas? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, parece mentira, é que nin 40 segundos lle durou a vostede o ton conciliador para intentar dicir que contra a violencia machista loitamos todos, ¡nin 40 segundos!; enseguida empezou vostede co que empeza sempre, e así tivo que meter as súas propostas xa no tempo de desconto. Non sei se se deu conta, pero toda a súa pregunta estivo intentando facer o que intenta facer sempre, que é atacar o PP cos seus [...] ideolóxicos, sexa o tema que sexa, incluso nun tema tan importante como este. E, claro, así lle saen as contradicións evidentiísimas. ¿Como pode falar vostede de blindaxe legal na loita contra a violencia machista con declaracións como esta: «Consideramos que o texto que chega hoxe á Cámara é un avance, un gran avance para garantir a liberdade e o dereito real das mulleres a decidir, e o BNG, polo tanto, vaino apoiar sen fisuras»? ¿Sabe que texto é? O que era proxecto naquel momento e despois se converteu na «Lei do si é si». ¿Sabe que deputado era? O señor Rego, o único deputado que teñen vostedes no BNG. *(Aplausos.)*

O señor Rego é ese deputado histórico —supoño que todos o sabemos a estas alturas— que ía lograr grandes resultados —tamén históricos— para Galicia e para o resto de España, despois de investir o señor Pedro Sánchez. E, dende logo, conseguiu resultados históricos; resultados históricos en negativo absolutamente para loitar contra a violencia machista. Supoño, señora Pontón, que estará vostede moi satisfeita. E non sería porque non se lles avisase. Mire, a deputada Marta González —que, por certo, foi secretaria de Igualdade na Xunta de Galicia— dixo: «A eliminación do delito de abuso, tratando de maneira uniforme calquera ataque á liberdade sexual, coma se todos fosen da máxima gravidade, vai supoñer na práctica a rebaixa das penas nos delitos sexuais máis violentos». ¿Fixeron caso? Por suposto que non fixeron ningún caso. A vostedes ninguén lles dá leccións na loita contra a violencia machista. ¡Se xa o saben todo!, ¡se nós non temos ningún dereito!, porque, por suposto, aquí na Xunta de Galicia, como gobernamos coa ultradereita, entón, non nos enteramos absolutamente de nada. Ese é o mundo irreal no que vostede vive en tantas cousas e eses son os exemplos que lles valen para facer sempre política da mala cos temas importantes.

Tampouco lle fixeron caso ao Consello Xeral do Poder Xudicial, que llo dixo tamén: «A redución dos límites máximos das penas comportará a revisión daquelas condenas nas que se impuxesen as penas máximas conforme a regulación vixente». Advertencias clarísimas, pero oídos absolutamente xordos, como sempre. Para vostedes todo isto é propaganda da ultradereita, propaganda dos xuíces fachas. Son as oreilleiras ideolóxicas do BNG, ese supremacismo radical que teñen vostedes nos temas nos que deberían buscar consensos, e, ao final, as consecuencias son especialmente dramáticas.



Seguen apoiando un goberno que acaba de descubrir outra vez —o malo é que con consecuencias para mulleres especialmente prexudiciais— que unha cousa é facer *tuits* e outra cousa é legislar, e legislar en temas máis importantes.

Mire, xa sei que vostede é a que pregunta e eu o que respondo, pero necesito, sobre todo para a segunda parte da miña resposta e para que a xente saiba o que hai, que vostede me responda, se quere —non o vai facer seguramente—, unha pregunta moi clara: ¿señora Pontón, vostede persoalmente e o seu grupo se arrepiñen ou se reafirman en ter votado e apoiado entusiasticamente a «Lei do si é si»? ¿Consideran vostedes que é unha magnífica lei, que protexe as mulleres, pero que a culpa é dos xuíces e das xuízas, que son moi fachas e moi retrógrados? Necesitamos sabelo, señora Pontón.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Para a réplica, a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Rueda, en Galiza desde o ano 2003 foron asasinadas 65 mulleres por violencia machista; neste país tamén foron asasinados 10 nenos e nenas por violencia vicaria. O ano pasado 6.000 mulleres sufriron agresións machistas. E, ante unha pregunta deste tipo, o presidente da Xunta o que vén é a esta sesión con cero propostas e atacar o BNG. *(Aplausos.)* Vostede non necesitou nin 30 segundos para vir aquí, señor Rueda, facer carroñerismo político coa dor das vítimas das agresións. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Mire, señor Rueda, en política non vale todo. *(Murmurios.) (Protestas.)* Si, e o Partido Popular está pasando todas as liñas vermellas da decencia política. É unha indecencia, señorías, que o Partido Popular, que calou ante a sentenza da Manada, queira usar a dor da vítimas *(Aplausos.)* para facer unha campaña contra a «Lei do si é si». *(Murmurios.)* ¡É unha indecencia política...! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Eu non sei, de verdade... Cada vez que falo eu, interrómpenme constantemente. *(Murmurios.)* Non están... Eu xa sei que están afeitos ás mentiras do Telexornal, pero no Parlamento van escoitar a verdade. *(Aplausos.)*

Miren, é unha... *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señora Prado, por favor, silencio. ¡Silencio, por favor!

A señora PONTÓN MONDELO: É unha indecencia política...

O señor PRESIDENTE: Responde o... *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)* Quen responde é o presidente da Xunta. *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non. Xa, non. Responde o presidente da Xunta. Silencio. *(Murmurios.)* ¡Silencio, por favor!



¡Silencio!

Responde o presidente da Xunta.

Prosiga, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Miren, é unha indecencia política e é unha irresponsabilidade que queiran crear alarma social utilizando a dor das vítimas de violacións, unha indecencia política! (*Aplausos.*) E é máis, a «lei do si e si» claro que é un avance, e, se hai fallos, que se corrixa. Pero o que non imos permitir é o que propón o Partido Popular, que quere volver atrás; quere que volvamos á situación anterior, que ía en contra dos dereitos das mulleres. ¿Sabe por que? Porque o Partido Popular sempre está en contra de calquera avance dos dereitos das mulleres. (*Aplausos.*) Temos que impulsalo co seu voto en contra na rúas e nos parlamentos. ¡É unha indecencia política!

Mire, señor Rueda, vostede vén aquí simplemente seguir con esa campaña de carroñerismo político que deciden en Madrid contra unha lei que é un avance para os dereitos das mulleres...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ¿Sabe o que sería mellor? Que collese o temón da Xunta de Galicia e que aceptase as propostas do BNG. Destinemos 1 de cada 100 euros a loitar contra a violencia machista, porque, cando estamos falando da vida das mulleres, destinar 1 de cada 100 euros do orzamento da Xunta parécenos necesario.

E segundo, cumpran a lei. Repásea, señor Rueda, porque de arriba a baixo teñen vostedes un incumprimento flagrante durante os últimos trece anos da Lei galega contra a violencia machista. Póñase a traballar e deixe de facer...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ...carroñerismo político, porque o Partido Popular é un freo e unha rémora para os avances das mulleres. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Para o peche desta pregunta, o señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, o que lle estaban intentando dicir deputadas e deputados do meu grupo hai un momento é que hai unha declaración institucional, aprobada neste Parlamento por unanimidade, de condena contra todas as actuacións da Manada, que foron condenadas tamén por sentenza xudicial. (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)



Lamento que vostede acabe de evidenciar que nin sequera prestou atención ao que se estaba aprobando e que lle dá exactamente igual con tal de dicir que vostedes son uns campións e os demais, nada. Lamento moitísimo ese fariseísmo. Igual que lamento esa covardía de non ser capaz de condenar. É dicir, se hai algo que mellorar, que se mellore. Vostedes están creando alarma social. ¿Pero non se dá vostede conta de que está todo o país, que realmente cre —cremos— na loita contra a violencia machista, escandalizalo porque se están liberando e acurtando as penas de delinquentes sexuais con delitos moi graves? Están saíndo á rúa por unha lei que vostedes apoiaron, e non é capaz de recoñecer que se equivocaron. *(Aplausos.)* ¿Como pode ser? ¿Como pode facer iso?

Señora Pontón, mentres sigan pensando que a loita pola igualdade, a loita contra a violencia machista, ten que ter unha estrela vermella no centro e mentres non se dea conta de que todos os gobernos intentan —ou intentamos— acertar en algo que é fundamental, que é unha lacra que hai que erradicar e que nos importa todos, vostede non entenderá nada e virá aquí faltar ao respecto, ignorar declaracións por unanimidade e ser tan covarde para non condenar unha lei que está tendo estes efectos.

Miren, se se medise polos recursos económicos —que eu creo que non se pode medir só por iso—, voulle dar unha cifra: ¿que me vén falar vostede do 1 %? ¿Sabe canto adicaban —vostedes, ademais, tiñan esas competencias no Bipartito— á loita contra a violencia machista? Pois 13,8 millóns. ¿Sabe canto adicamos nós? Catro veces máis, 44,5 millóns. *(Aplausos.)* Polo tanto, ¿de que me vén vostede falar? *(Murmurios.)*

Si, si, non me estraña, xa sei que dá igual. Vostede ten que colocar aquí o slogan do 1 %, pero, catro veces menos, ¡fíxese que casualidade, señora Pontón! Non me estraña que tampouco me atenda agora. É que non lle interesa escoitar estas cousas. ¡Xa soltou a súa mensaxe...! Viríalle ben enterarse, por exemplo, de que no 2004 —xa no ano 2004, na época do Goberno de Manuel Fraga, que vostedes non foron capaces nin de aplaudir a quen gañou cinco veces as eleccións— se aprobou a primeira lei de igualdade de Galicia; co Goberno de Manuel Fraga. Pero, ¿de que nos dá leccións, señora Pontón? *(Aplausos.)* ¿De que nos dá leccións?

No 2012, aprobación da Rede de entidades locais contra a violencia machista; no 2013, personación da Xunta de Galicia nos procedementos penais con resultado de morte por violencia machista; no 2014 constitúese o Observatorio Galego contra a Violencia de Xénero; no 2015 comeza a funcionar o Centro de Recuperación Integral para Vítimas de Violencia Machista, que vostedes prometeron e nunca executaron. No 2016 lánzanse os programas de apoio e inserción laboral de mulleres vítimas de violencia machista. No 2017 somos a primeira comunidade autónoma que forma o seu persoal en igualdade, prevención e loita contra a violencia machista. No 2019, bonos de alugueiro específicos para as mulleres vítimas de violencia machista. No 2021, recoñecemento expreso da violencia vicaria e da violencia de xénero dixital. Mentres, seguimos sendo a única comunidade autónoma que ten axudas periódicas para mulleres vítimas de violencia de xénero. Vostedes instaurárono; nós continuámosto e aumentámolo; aumentámolo sensiblemente.

Podería seguir, señora Pontón...



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Vostede xa sabe todo isto —remato xa, señor presidente—, o que pasa é que non lle interesa, porque, entón, se lle rompe ese discurso maniqueo, absurdo e que non leva a ningunha parte de anteo-llos ideolóxicos, covarde, para non condenar leis con efectos prexudiciais e que se basea en que vostedes o fan todo e nós... —nós, non, os demais— xa non facemos absolutamente nada.

Mire, señora Pontón, teñen a oportunidade agora. En 2023 vai entrar neste Parlamento a primeira lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia. Fagan aportacións, traballen en positivo, entendan que todos temos moito que aportar, e probablemente con iso evitarán erros, como o que lle acabo de comentar, que non é capaz de recoñecer e que simplemente os retrata como inútiles para loitar contra a violencia machista, como pouco eficaces e, o que é peor, como covardes.

Moitas grazas. *(Aplausos prolongados.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

(O señor Puy Fraga pide a palabra.)

¿Para que quere a palabra, señor Puy?

O señor PUY FRAGA: En aplicación do artigo 72 do Regulamento, polo cal calquera deputado pode pedir, durante un debate, a lectura das normas ou documentos que coide conducentes á aclaración da materia de que se trate.

O señor PRESIDENTE: Si, está contemplado iso no Regulamento.

O señor PUY FRAGA: Á parte de que podía pedila tamén polo 76, porque, certamente, ofende a este grupo que se diga que traballamos en contra da igualdade das mulleres. *(Murmurios.)*

Pero, deixando iso á marxe, durante este debate díxose literalmente que o Grupo Popular non se pronunciara sobre o tema, a cuestión da sentenza da Manada. E vou evitarlle a lectura, pero simplemente quero que a Presidencia rexistre que se lle entrega a declaración institucional do Parlamento de Galicia, lida no Pleno do 9 de xullo do ano 2018, na que todos os grupos, por unanimidade, cuestionamos a sentenza da Manada en defensa dos dereitos da muller. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Correcto. Fágame chegar ese documento.

Declaración institucional

O señor PRESIDENTE: Vou dar lectura a unha declaración institucional para conmemorar a celebración do Día Mundial da Infancia. Di:



O Día Mundial da Infancia, que se conmemora cada 20 de novembro, axuda a visibilizar a causa dos dereitos da infancia e a tomar conciencia da necesidade de seguir traballando e avanzando na construción dunha sociedade que mellore o benestar e o desenvolvemento da infancia e da adolescencia. UNICEF España quere conmemorar este día destacando os grandes logros acadados a favor dos dereitos dos nenos e das nenas, mais tamén lembrando que aínda hai retos pendentes de alcanzar en España e en Galicia para que os dereitos da infancia sexan unha realidade nun estado que ratificou a Convención sobre os dereitos do neno hai máis de trinta anos.

Neste senso, queremos facer fincapé nos múltiples desafíos aos que na actualidade se enfrontan nenos, nenas e adolescentes, como a pobreza e as desigualdades, a crise climática, a violencia, o acoso escolar e o ciberacoso, as consecuencias da covid-19 ou os problemas da saúde mental, o que compromete o seu nivel de benestar hoxe, mais tamén as súas oportunidades de desenvolvemento e supervivencia mañá.

Así pois, asegurar a consecución dos dereitos dos nenos, nenas e adolescentes é unha cuestión colectiva e de obrigado cumprimento, e por iso debemos tomar decisións firmes para garantir que ningún neno e ningunha nena queden atrás. É por iso que pedimos un compromiso real para promover as seguintes accións que favorezan o cumprimento dos seus dereitos: promover un maior e máis eficiente investimento na infancia; escoitar as súas preocupacións e necesidades; impulsar recursos e garantir a prevención e a atención da súa saúde mental; impulsar prestacións de apoio á crianza que beneficien as familias; protexelos ante todo tipo de violencia; reforzar e promover a súa inclusión, con especial atención a inmigrantes, persoas refuxiadas e todos aqueles que saen do sistema de protección á infancia; promover as accións necesarias para o cumprimento dos dezasete obxectivos de desenvolvemento sostible e o Acordo de París e fortalecer a cooperación internacional para o desenvolvemento.

No mesmo senso, a Plataforma de Organizacións da Infancia de Galicia tamén reafirma o seu compromiso unánime de promover a protección integral dos nenos, nenas e adolescentes que viven en Galicia e de garantir os seus dereitos fundamentais e as súas liberdades públicas, co obxectivo de que todos e todas poidan prosperar, aprender, facer escoitar a súa voz e acadar o seu pleno potencial, facendo fincapé no marco regulador galego en materia de protección á infancia.

Nos últimos anos téñense producido melloras nos estándares internacionais dos dereitos das nenas, os nenos e as adolescentes impulsadas polas directrices das Nacións Unidas, e os marcos legislativos máis recentes en materia da infancia están adaptando progresivamente o enfoque de dereitos, incluíndo non só os colectivos desprotexidos, senón o conxunto de todos os nenos, nenas e adolescentes considerados como suxeitos de dereitos, deberes e oportunidades e incorporando as novas cuestións que aparecen nunha sociedade en constante transformación.

Desde este novo paradigma, xorde a oportunidade de reforzar o marco normativo en Galicia que incorpore termos de referencia claves da nosa época como «parentalidade positiva», «bo trato», «contornas dixitais seguras», «detección precoz», «prevención da violencia» ou «transición á vida independente», por poñer algúns exemplos. Por iso, manifestamos o



noso compromiso de traballar por un marco lexislativo que produza un importante salto de calidade na visibilidade dos dereitos das nenas, nenos e adolescentes na ampliación dos consensos sociais, sobre como facelos efectivos e na coordinación de todas as entidades que deben asegurar o seu benestar.

Ademais, o Parlamento quere reafirmar a vontade unánime de Galicia de respectar, defender e promover a convención dos dereitos do neno como medio para abordar os principais retos que ten que afrontar a infancia e insta o Goberno galego, as institucións e a sociedade no seu conxunto a avanzar, entre outras cuestións, na erradicación da pobreza infantil, no fomento dun acceso universal equitativo á educación e á sanidade, no establecemento dun marco xurídico de protección integral contra a violencia e na promoción da participación dos nenos, nenas e adolescentes de maneira efectiva nas decisións que lles afecten.>>

Esta é a declaración que me pasaron os grupos e que foi tras o acordo de todos os grupos.

Moitas grazas. *(Aplausos.) (Apróbase por asentimento.)*

Continuamos coa orde do día. Retomamos as proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Marina Ortega Otero e D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para elaborar un plan contra a pobreza

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Iria Carreira Pazos, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei doc. núm. 43135 (11/PNP-003668).

Emenda de adición

Engadir ao remate o seguinte texto:

“Do mesmo xeito, insta a Xunta de Galiza a artellar as seguintes actuacións de xeito inmediato:

- 1. A restitución da Tarxeta Básica con carácter permanente para garantir o acceso a produtos de primeira necesidade a todas as persoas que o precisen.*
- 2. Remitir antes de rematar o actual período de sesións o proxecto de lei de reforma da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galiza para garantir a compatibilidade e complementariedade da Renda de Inclusión social de Galiza, Risga, co Ingreso Mínimo Vital, IMV.”)*

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Marina Ortega.



A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

Imos falar dunha cuestión creo que das máis importantes que temos agora sobre a mesa en Galicia e, particularmente, despois desta declaración polo Día Mundial da Infancia. Sempre digo que non hai mellor investimento para calquera sociedade avanzada que o de investir na nosa infancia. Non hai mellor investimento. E é moi triste que preguntemos aquí sobre políticas sociais e sobre sanidade ao presidente da Xunta e responda con estradas, ¡moi triste!

Pero, bueno, vou empezar contando unha historia, a colación dos moitos debates que tivemos nos últimos meses. Alá pola primavera do ano 2014, sen que aínda existise a guerra de Putin actual, nin a súa deriva de inflación nin tampouco a pandemia derivada da covid, houbo unha persoa que foi a primeira en visionar o que actualmente tanto debatemos neste Parlamento nos últimos meses. Esa persoa dixo que o facía porque non cría nas políticas de caridade senón moito máis nas da xustiza social. E por iso foi a primeira en crear en Galicia unha tarxeta solidaria que evitaba trámites e —nas súas propias verbas— «garantía a confidencialidade ás familias alonxándoas do asistencialismo» —ou sexa, das colas da fame e dos dedos sinalando esas familias e, o máis triste, os nenos e as nenas desas familias—. Esa persoa foi pioneira en Galicia creando a Tarxeta Solidaria, todo un referente en servizos sociais, e morreu coas botas postas neste Parlamento. Foi todo un referente en servizos sociais —como dicía— e unha auténtica loitadora polos dereitos dos e das que menos teñen, Isaura Abelairas, pioneira en implantar a Tarxeta Solidaria cando non existía nin pandemia nin guerra nin inflación na súa etapa como concelleira en Vigo co alcalde Abel Caballero. (*Aplausos.*) Pódese facer, señorías, pódese facer. (*Aplausos.*) Ela fíxoo con moitos menos recursos, nunha administración local, e aquí pódese facer.

Ademais, lamentablemente, é triste ter que debater unha vez máis neste Parlamento por que o Goberno galego nin coa inflación nin coas consecuencias da guerra de Putin quere manter en Galicia a Tarxeta Básica. Tivo que pasar unha pandemia para que fixesen caso das reivindicacións dos movementos asociativos que loitan día a día contra a aporofobia e contra a pobreza. Tivo que pasar todo isto para implantala, pero durou pouco a pesar de que os datos revelan que si foi efectiva. E a pesar de todo iso o Goberno galego tristemente decidiu fulminala no peor momento, no momento en que as familias máis necesitan esa axuda.

E ¿que din os datos? Pois os datos son claros. Indican que no último ano, despois de todo o que vivimos, Galicia resistiu —amortizou, mellor dito— os datos de pobreza grazas a axudas excepcionais de todas as administracións, pero principalmente de dúas importantísimas: a do ingreso mínimo vital, do Estado, e a Tarxeta Básica, da Xunta. A primeira segue vixente e a segunda —como acabo de dicir—, non.

Díxeno na Comisión de Orzamentos: non hai mellor definición de intelixencia que a capacidade que ten unha persoa, unha familia, unha organización, un goberno, para adaptarse ás circunstancias. Lamentablemente, o Goberno galego non se está a adaptar ás circunstancias, goberna con pasividade e sen medidas excepcionais, coma se as consecuencias da guerra e da inflación pois non pasasen por aquí.



E ¿cal foi a medida máis destacada do Goberno galego ante a crise? Pois o que eu chamo «o método Robin Hood» pero ao revés, quitarlles 30 millóns de recadación a máis de dous millóns de galegos e galegas para dállelos, como rebaixa ao imposto de patrimonio, aos máis de 7.000 galegos que teñen máis dun millón de euros. (*Aplausos.*) Esa é a medida estrela, facer o Robin Hood pero ao revés. (*Aplausos.*)

A proposta que traemos hoxe aquí non é nova. Levamos dende o inicio da pandemia advertindo de que, ante circunstancias excepcionais, corresponden medidas excepcionais, e moito máis agora debido ao incremento de prezos. Cando toca ser goberno temos a cara boa e a cara mala, pero cando os tempos son duros hai que estar ás duras e ás maduras coa cidadanía; porque a cidadanía, os galegos e galegas, merecen un goberno valente que tome medidas, que colla o temón, aínda que ás veces non nos gusten a todos. Pero hai que ter unha estratexia e afrontar con medidas, con valentía, as circunstancias que veñen —para iso presumen tanto de maioría absoluta—. E non hai que optar pola pasividade e pola estratexia do mal estudante, a de que «me teñen manía» e a culpa é dos demais —como sempre fan coa teima de que a culpa é, en todo, do Goberno do Estado e dos concellos—.

O primeiro que ten que facer o Goberno galego é analizar a situación. O diagnóstico é claro, os datos indican que nestes momentos a pobreza se ceba nas familias monoparentais e onde máis doe, na pobreza infantil. Pero o Goberno galego desprezou constantemente as nosas propostas en relación coa necesidade dun plan galego contra a pobreza infantil. ¿Por que non fixeron nada nestes dous anos? ¿Por que tampouco están cumprindo nin co Rexistro de familias monoparentais nin cos recursos que precisan? ¿Cal é o motivo? ¿Por que coas familias numerosas se cumpren as promesas do Goberno galego —coas cales estamos de acordo— pero coas monoparentais non? ¿Teñen algo en contra destas familias monoparentais? O 80 %, por certo, están formadas por mulleres que teñen soas os seus fillos ou que, tras unha custodia ou divorcio, por exemplo, teñen fillos a cargo. ¿Non lles gusta este modelo de familia ás señorías do Partido Popular? ¡Basta xa e cumpran dunha vez por todas con estas familias, coas familias monomarentais e cos seus fillos, porque son unhas das máis afectadas desta crise! ¡Cumpran con aqueles que máis o necesitan!

Non podemos consentir no século XXI que nin un só neno pase fame. Non podemos consentir que nin un só neno non dispoña do material para estudar ou da roupa axeitada. Non podemos consentir que un só neno ou nena sexa sinalado polo resto de nenos por non ter recursos e sufran aporofobia. E non podemos consentir que cos menores tutelados —moitos deles tras vivir con malos tratos nas súas casas, por exemplo, ou en situacións de risco de desamparo— as políticas do Goberno galego con estes menores sexan cruzarse de brazos, sen dotar de recursos humanos os equipos técnicos de menores, tal e como pedimos. Porque isto tamén é pobreza, señorías; e, de feito, é a máxima expresión de pobreza, porque estes nenos non só non teñen recursos senón que tampouco teñen afecto nin vínculos. Non só existe a pobreza monetaria senón a pobreza afectiva.

Non podemos consentir que estes menores continúen sendo invisibles para a nosa sociedade por que ninguén berre polos seus dereitos. Collamos o lado bo da política e sexamos nós os que lles deamos voz a estes nenos e nenas. Non hai mellor política nunha sociedade avanzada —como dicía— que investir na infancia. Fagan políticas a longo prazo por unha vez, deixen



de pensar na axenda electoral e fixen a atención no que de verdade importa. O outro día ti-vemos aquí un pleno de nenos e nenas e adolescentes, formado por representantes de toda Galicia, e déronnos unha lección a todos poñendo sobre a mesa os temas que de verdade im-portan; como este, como o investimento pola infancia, pola saúde mental e polos recursos das persoas que non teñen agora mesmo unha situación económica que permita sacar a adiante as súas familias.

Outras administracións tomaron medidas adaptadas ao contexto. O Goberno de España tomou medidas valentes a pesar de todas as polémicas e de todo o ruído que se xerou. Pero hoxe demostrano os datos, que así falan: «O IPC caeu en outubro ata o 7,3», «España crece, crea emprego e reduce a inflación», «España é o segundo país con menor inflación da Unión Europea», «A inflación reduciuse un terzo grazas a medidas como o mecanismo ibérico, a bonificación do transporte público, a rebaixa de impostos na factura do gas, da luz e dos prezos da enerxía nos mercados internacionais».

E ¿que podemos facer desde Galicia? Pois moitísimo, señorías —partindo, sobre todo, da premisa de que recibimos máis fondos ca nunca de España e de Europa—. Propuxemos cam-biar a Lei de inclusión para facer complementaria a Risa co ingreso mínimo vital, e ¡levamos dous anos agardando, nunha situación de crise sen precedentes! ¿Fixérono? Non. Propuxe-mos retomar a Tarxeta Básica. ¿Fixérono? Non. Propuxemos un plan galego contra a pobreza, medidas adaptadas ás circunstancias especialmente para atallar a pobreza infantil. ¿Acep-tárono? Non. Propuxemos incrementar significativamente os equipos técnicos de menores para blindar os nenos e nenas en risco de desamparo. ¿Fixérono? Non. Propuxemos blindar os dereitos das familias monoparentais, a maioría formadas por nais. ¿Fixérono? Tampouco. Propuxemos que incrementasen o Bono Social Térmico. ¿Fixérono? Non.

E hoxe, con base nos datos e nas circunstancias, facemos unha proposta adaptada ás cir-cunstancias actuais, un plan de pobreza adaptado aos perfís máis afectados, a infancia, mo-cidade, mulleres de familias monoparentais e persoas con discapacidade. ¡Oxalá non sigan a dinámica destes últimos dous anos polo ben dos galegos e galegas e digan que si! Porque nestas circunstancias un plan de pobreza que funcione ten que ser transversal. Galicia leva gobernada trece anos pola desgana a pesar de telo todo —gastronomía de primeira, paisaxe, materias primas, termalismo, das mellores universidades, das xeracións mellor formadas e investigadores e investigadores solicitados en todo o mundo—, pero Galicia sae a adiante única e exclusivamente pola grandísima cultura do esforzo dos galegos e galegas, esa que Ayuso di que lle falta á xuventude. ¡Vergoña lle tiña que dar dirixir esas palabras a unha xuventude que o está pasando moi mal en medio dunha crise e cun dos índices máis preo-cupantes de problemas en saúde mental! Condenen as verbas da señora Ayuso, da súa xefa de filas, en contra da xuventude, señorías do Partido Popular, porque o resultado desa idea no Goberno galego non só se traduce na falta de medidas concretas senón na falta de es-tratexia e ambición por unha terra con moitísimo potencial que non souberon aproveitar en máis de trece anos, derivando nunha fuga de talento —que non queremos que se re-pita— e en que somos tamén unha das comunidades autónomas con peores salarios, peor demografía, con pensións máis baixas. Temos o peor nivel competitivo de toda España, se-gundo os últimos datos que ofrece o Foro Económico de Galicia. E unha cousa está relacio-nada con outra.



Deberíamos saber que, con todo o potencial que ten Galicia, os dirixentes deberían ter ambición de país e, en vez de rebaixar impostos aos que máis teñen, o que deberían facer é incentivar as grandes empresas para investir en investigación e engadir así valor engadido aos nosos produtos galegos para blindar uns salarios dignos para os traballadores e traballadoras galegos. É urxente que o Goberno galego escape do caos e da descoordinación entre departamentos e acepte esta proposta como unha estratexia común pola que batallar en defensa dos dereitos dos que peor o están a pasar nesta crise.

E unha cuestión: non queremos que se repita a fuga de talento, porque é verdade que pasou bastante desapercibida respecto, ao mellor, do que pasou hai moitos anos cos nosos avós. Porque agora volven, é certo, antes tiñan que ir nun barco dous meses ou tres e non volvían; pero, afortunadamente, as comunicacións melloran e poden volver á casa polo Nadal. Pero iso non resta a morriña, iso non resta a pena e a frustración que senten non só os que tiveron que facer as maletas senón tamén os que quedan, as familias que quedan botando de menos os seus fillos e fillas...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ORTEGA OTERO: ...que investiron tantos esforzos para que tivesen un estudo e unha vida que moitos non puideron ter. Iso tamén é pobreza.

E remato cunha frase —como empezaba— de Isaura Abelairas. Ela dicía: «Non sabemos a estatura que temos ata que nos levantamos». Esteamos hoxe máis ca nunca á altura das circunstancias.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ortega.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Señora Iria Carreira.

A señora CARREIRA PAZOS: Grazas, presidente.

Moi bo día a todas e a todos.

Comezaba hoxe o señor presidente da Xunta a súa intervención lembrando unha efeméride. E permítanme lembrar que hai hoxe corenta anos foron expulsados tres deputados, democraticamente electos, deste Parlamento —Bautista Álvarez, Lois Diéguez e Claudio López Garrido— nun intento de silenciar a voz do nacionalismo galego nesta Cámara. Saíulles furada. (*Aplausos.*) Nin a silenciaron daquela nin a van silenciar. (*Aplausos.*) Porque tanto daquela coma hoxe e coma no futuro seguiremos aquí para defender dereitos para Galiza e para o noso pobo.

Centrándonos xa na iniciativa, a Rede Galega contra a Pobreza publicou hai un mes o seu informe sobre o estado da pobreza en Galiza, onde se debulla a situación con base nos datos do 2021, os últimos datos dispoñíbeis.



O 25,2 % da poboación galega estaba en risco de pobreza e de exclusión social en Galiza no 2021. En termos absolutos, este 25 % supón unhas 678.000 persoas, unha cifra que, se ben se reduciu en 4.000 persoas a respecto do ano anterior e que se sitúa dous puntos e medio por baixo da media estatal, representa unha poboación superior á que habita as cidades da Coruña e de Vigo xuntas. Unha de cada catro persoas en Galiza está en risco de pobreza e de exclusión social.

Esta redución que se produciu en termos xerais, se despois atendemos aos datos desagregados por sexo, non é tan así. Mentres que o risco de pobreza e de exclusión social no caso dos homes se reduciu nun 0,9 %, no caso das mulleres aumentou o 0,7 %; é dicir, 8.000 mulleres máis, o que supón que 367.201 mulleres se atopen nesta situación, 55.800 máis que homes. Estas cifras evidencian a feminización da pobreza.

Falaba tamén a señora Ortega da situación da infancia. A taxa AROPE, que cuantifica as persoas en risco de pobreza e de exclusión, dispárase para os menores de 18 anos e alcanza os 34 puntos —o que debe preocupar especialmente porque estamos a falar de menores, de crianzas, de adolescentes, que constitúen un grupo de especial vulnerabilidade—. Unha de cada tres persoas menores de idade vive nun fogar onde non están garantidos uns ingresos mínimos.

Reitero, en Galiza o 25 % da poboación estaba en risco de pobreza e de exclusión social en 2021: 678.000 persoas, das que 367.000 son mulleres —unha cifra que aumentou en 8.000 respecto do 2020—.

No conxunto do Estado español as cifras de risco de pobreza e de exclusión en fogares monoparentais, maioritariamente encabezados por mulleres, atinxen o 54 %. Non temos os datos específicos para Galiza pero a situación, se non é idéntica, vai ser moi similar. De igual maneira, a maior porcentaxe de risco de pobreza e de exclusión social atinxe a fogares con crianzas e adolescentes, o 34 %.

De maneira desagregada, a taxa de pobreza para as mulleres sitúase en 2021 no 20,9 %, cando a media é do 20,2 % e a dos homes do 19,5 %. En canto á pobreza severa, mentres que nos homes se reduce pasando do 10,2 % en 2020 ao 8,6 % no 2021, nas mulleres aumenta —pasamos do 8,7 % ao 9 %—.

Pero non son os únicos datos. O INE fixo pública hai un mes aproximadamente a súa enquisa de persoas sen fogar. En Galiza hai 2.387 persoas sen fogar, un 25 % máis que hai dez anos. A maior parte son homes pero a porcentaxe de mulleres que non teñen unha vivenda non deixa de aumentar. Triplicouse nunha década, pasamos do 7 % ao 21 %.

E ás portas do 25 de novembro quixera destacar unha cuestión recollida no *Estudo sobre senfogarismo feminino e violencia de xénero en Galiza*, elaborado pola propia Consellería de Política Social. Neste estudo formúlase: «¿O senfogarismo causa violencia de xénero? Por suposto que si, pode incrementarse a violencia de xénero pola situación de vulnerabilidade. As mulleres son obxecto de agresións sexuais e vítimas de intercambio de favores, mulleres que están co home para realizar as tarefas do fogar e ser obxecto sexual. As mulleres con adic-



cións tamén se expoñen a intercambiar droga por sexo. Hai agresións sexuais e doutro tipo que non se coñecen nin sequera nos servizos sociais. Hai un mundo oculto que non coñecemos. As mulleres atendidas sofren abusos, manteñen relacións tóxicas e, con moita frecuencia, afianzan a relación de dependencia co seu agresor. Debido á falta de recursos para a muller e a pouca seguridade dos existentes, as mulleres están desprotexidas e vulnerables. A miúdo é este o motivo polo que abandonan a intervención dos recursos e acaban na rúa. Isto non fai máis que expoñelas a unha situación de maior desprotección».

Os datos que dei ao comezo —do informe publicado pola Rede Galega contra a Pobreza— xa dixen que se refiren ao 2021, antes de que rompese esta brutal crise de prezos, polo que a perspectiva que hai sobre os datos que imos ter ao remate deste 2022 tampouco son moi optimistas. Pero o luns houbo a quen lle fixo moita graza que a voceira nacional do BNG subise aquí cunha botella de aceite e cunha botella de leite para denunciar esta subida nos prezos que estamos padecendo. Non sei quen bromeaba sobre os ingredientes das receitas. E eu ben sei que a ningunha das que estamos aquí presentes lle é allea esta crise de prezos, a ningunha. Estou segura de que todas e cada unha de vostedes notaron esa subida no prezo do aceite, dos ovos, no prezo do peixe ou das verduras e das hortalizas, de que notaron a subida nos recibos da luz ou cada vez que paran a encher o depósito do seu coche. Non o poño en dúbida. O que non teño tan claro é se todos somos conscientes do que supón esa subida para quen menos ten; do que supón para un fogar que se mantén só coa risga ou cunha pensión non contributiva; do que supón para calquera das 70.000 persoas que non perciben máis de 500 euros cada mes ter que pagar unha factura da luz desmesurada, uns prezos polos alimentos absolutamente desproporcionados. E xa non falemos de que teñan que pagar carburantes ou alugueiros.

Porque, se son conscientes, o que fica claro é que aquí hai un goberno ao que non lle preocupa, porque fronte a esta situación o goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza ten unha posición claramente de perfil —iso si, con prebendas fiscais para os millonarios—. Non recuperan a Tarxeta Básica como reclaman as entidades sociais, como reclamamos tamén desde o BNG. Substitúen esta medida por axudas a comedores sociais e a bancos de alimentos. Mudan a dignidade de poder mercar o que cadaquén precisa pola caridade e pola beneficencia. Reducen a partida total da risga a pesar de prever unha subida mínima que non chega para paliar os efectos da inflación. O complemento autonómico das pensións non contributivas, que o Partido Popular quixo eliminar e que mantiveron conxelado desde 2010, durante doce anos, agora aumentano en 14 euros ao ano, 1,20 céntimos cada mes. ¡Un exceso! A vivenda pública en Galiza, as axudas ao alugueiro, a regulación do mercado inmobiliario, nin están nin se esperan.

E todo isto mentres tamén estamos vendo como cada vez as traballadoras son máis pobres, os salarios xa non garanten hoxe en día poder ter unha vida digna, poder enfrontar o pago das facturas, poder ter unha alimentación minimamente saudable e de calidade. Cada vez son máis as traballadoras que teñen que acudir incluso aos bancos de alimentos para poder comer. E non imos entrar xa nas condicións laborais que se están a padecer, como precariedade dos empregos, situación da mocidade no mercado laboral, fenda salarial, inseguridade laboral nin nada diso, porque nos daría para outro longo debate.

Detrás de todos e cada un destes datos que dei, detrás deste monte de números, hai persoas, hai persoas que o están a pasar especialmente mal, que requiren medidas, que requiren ac-



tuacións urxentes para evitar que unha vez máis se vexan arrastradas por unha nova crise económica e social. Por iso formulamos esta emenda. Son dúas medidas que consideramos que son imprescindibles e que ademais son urxentes. Por unha parte, recuperar a Tarxeta Básica, unha medida que amplamente é referendada polas organizacións sociais, que esa recuperación teña carácter permanente e que se permita dunha vez por todas a compatibilidade entre a risga e o ingreso mínimo vital. Levamos escoitando tempo e tempo que se vai artellar esa articulación, que se vai producir esa modificación lexislativa, pero de momento non hai máis que boas intencións. E de boas intencións non se alimenta ninguén —e de balas, aínda que haxa a quen lle custe entendelo, tampouco—. Por iso cremos que é necesario actuar de xeito urxente para atallar unha situación que é gravísima e que pode ser moi, moi demoledora para quen menos ten.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Carreira.

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Non sei se os meus compañeiros recordarán aqueles tempos en que a esquerda nos dicía o lamentable e o baixo que era patrimonializar a dor e o sufrimento de determinados colectivos. Parece que fora onte —de feito, foi onte—. Pero hoxe veñen aquí a atribuírse en exclusiva —¿verdade?— a solidariedade coas mulleres maltratadas, coas vítimas da exclusión social, jen fin! ¡Que pouco dura a coherencia na bancada da esquerda, canta hipocrisía, canta dobre moral e canta soberbia, señorías, canta soberbia! *(Murmurios.)*

Eu non vou poñer en dúbida o desexo de todos os deputados por diminuír a pobreza no noso país. Pero tamén lles aseguro que non vou permitir que se cuestione o compromiso, e aínda menos a vontade, do Partido Popular de Galicia para combater a pobreza. Facer un xuízo de valor para acusar o Partido Popular de Galicia de traballar para os ricos e lexislar contra os pobres é unha indecencia intolerable e é unha mentira incompatible cos datos. Por certo, exactamente igual que a que se demostrou hoxe en materia de igualdade cando se desmontou documentalmente a gravísima mentira que hoxe pronunciou aquí a xefa da oposición. ¡Lamentable, lamentable! *(Aplausos.)*

Miren, a mala fe e a subxectividade dos seus xuízos de valor son contundentemente desmentidas pola obxectividade dos datos, eses que demostran que en Galicia a pobreza continúa por debaixo da media nacional —elixan, por certo, o medidor que elixan—.

Falaba a representante do BNG, a señora Carreira, do informe de 2021 da Rede Galega. Galicia mantense nunha posición media sobre o conxunto das comunidades autónomas, aínda que mellora a súa distancia coa media nacional. É unha das cinco comunidades autónomas que no 2021 melloraron a súa taxa de pobreza xunto con Cantabria, Cataluña, Asturias e Canarias —por certo, do informe da Rede Galega contra a Pobreza de 2022; claro, hai que ler os deste ano—.



Cando se afirma falazmente que facemos políticas para os ricos, menten. E, ademais, esas mentiras desméntense precisamente por eses informes que tanto insisten en pedir e despois tanto insisten en ignorar.

Do informe da Rede de Pobreza de 2022 pode concluírse que Galicia conseguiu reducir lixeiramente o importante aumento da desigualdade nacional que se produciu nos anos da covid. Nese mesmo informe, a redución da taxa de pobreza e as medidas de apoio á clase media-baixa permitiron mellorar os indicadores de desigualdade. O índice de Gini, o que os mide, pasou de 29,7 a 29,2; e a nivel estatal subiu do 32,1 ao 33,3. Onde aumentan as desigualdades é no conxunto do Estado, e en Galicia baixan. E vostedes insisten en que traballamos para os ricos.

E teño que volver lerlles o que literalmente di o Informe Foessa: «En todo caso, os datos poñen tamén de manifesto que, máis aínda que no conxunto de España, a desigualdade creceu en Galicia polo incremento da distancia que separa as clases medias das clases pobres e non polo incremento da distancia que separa os ricos das clases medias». Non, señorías, o que está aumentando en Galicia, por fortuna para todos, é a clase media. E para iso imos seguir traballando.

A Xunta de Galicia foi quen de tomar as medidas axeitadas para afrontar a crise da covid e está a tomar as medidas que considera máis acaídas para afrontar a crise de prezos que estamos a padecer. Implantamos no seu momento a Tarxeta Básica e acertamos. Hoxe véñennos aquí a afeiar que non a manteñamos os mesmos que non a copiaron en ningunha das comunidades ou institucións nas que gobernan.

Agora queremos implantar novas medidas, e oxalá que teñamos o mesmo acerto con esas medidas que co que tivemos coa Tarxeta Básica. Xa o veremos, pode ser que si ou pode ser que non. Pero iso é opinable. O que non é opinable é o compromiso cando se aumenta un 25 % o orzamento de inclusión social. E creo que hai 148,5 millóns de euros para demostrar o compromiso da Xunta en combater contra a pobreza.

Señorías, todas as administracións, todas sen exclusión —bueno, case todas—, tomaron medidas específicas para paliar a crise da covid. E todas esas administracións eliminaron esas medidas unha vez superada a crise da covid. ¿Por que só se exige a continuidade das medidas tomadas pola Xunta de Galicia? É que hai moita hipocrisía con isto. Exixíronos manter a ratio de profesores. Iso si, desaparece o financiamento estatal que cofinanciaba eses profesores. Exíxenos manter a mesma ratio de médicos que na covid, pero desaparece o fondo que cofinanciaba a contratación deses médicos. Críticasenos en Galicia, apláudese en Madrid.

Eu, dígolles a verdade, non sei se isto de exixirllo só á Xunta é polo extraordinario acerto amosado polo Goberno galego —que pode ser— ou se é pola extraordinaria hipocrisía amosada pola esquerda; porque se critica a eliminación da Tarxeta Básica pero nada se di da desaparición dos bonos e medidas sociais nos concellos de Santiago, de Vigo, na Deputación da Coruña, en Moaña ou en Pontevedra.

Señorías, a competencia da emerxencia social tamén a teñen os concellos —con fondos que, por certo, tamén a Xunta aumentou este ano, que lles manda 18,2 millóns de euros para



estas cuestións—. Unha de dúas, ou falta corazón nas súas alcaldías igual que na Xunta ou o que sobra é a dobre moral nas súas bancadas. Vostedes terán que contestar esa pregunta.

O Goberno galego vai seguir traballando, traballando para acadar unha Galicia máis cohesionada, máis xusta, máis solidaria. E para estes obxectivos seguirá a implementar novas medidas, a legislar con prudencia e rigor e a manter unha fiscalidade baseada no aumento da riqueza e non no aumento da demagogia.

Respecto das medidas, sorprendeume algunha das cousas que escoitei dicir aquí, francamente. Pois, mire, por poñer algún exemplo, xa que se preocupaban pola pobreza infantil, hai un proxecto piloto da pobreza infantil e son oito millóns de euros que se van dedicar este ano para estes efectos; preocupábanse dos nenos que estaban en dificultades, e hai un fortalecemento dos programas de acollida, cun incremento do 20 % das axudas que reciben as familias de acollida, ademais de impulsar un plan para o coñecemento da acollida. Falouse de familias monoparentais. E creo que foi o director xeral o que lles dixo aquí o outro día que se está esperando pola aprobación da Lei de familias monoparentais —por certo, que lle están pedindo todas as asociacións de familias monoparentais de España—. Pero a culpa... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Por que se espera? Porque se falou cos representantes das familias monoparentais e consideran tamén que é conveniente que primeiro se aprobe a lei nacional. *(Fortes murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Ah, bueno! ¿Non? Pois nada, non pasa nada.

Neste pleno, desde este estrado, chegouse a cuestionar a necesidade de impulsar as axudas ás entidades sociais. Fíxoo o líder dos insurrectos socialistas. Hoxe non está aquí, pero si, si, díxoo. Dixo que había que retirar esas axudas porque tiña que facerse dende a esfera pública. Eu creo que hai que poñer un pouco de sentido común nas cousas, porque despois van ir facerse a foto con esas mesmas entidades sociais. Para iso sempre están, para a foto.

Pero, se falei de medidas, tamén falei de legislar. E a nós parécenos que, para legislar, hai que primar a seguridade xurídica e o rigor técnico sobre as présas e os anuncios grandilocuentes. Exemplo do contrario témolo moi recente e moi doloroso —porque non sempre acertamos, ás veces equivocámonos— no caso dunha lei que deu moito que falar aquí, e pode haber un erro. Eu recordo a intervención de Marta González, que dicía: «Estou segura de que o lexislador non pretende que saian persoas con condenas por delitos sexuais antes de tempo, estou segura de que non o pretende, pero vai ser o efecto dunha lexislación que está mal plantexada». E ¿que fixeron?, ¿facerlle caso?, ¿estudar a cuestión?, ¿tomar as medidas para corrixir? Non, atacala e dicirlle a Marta González —que foi secretaria de Igualdade da Xunta de Galicia— que non está comprometida na defensa dos dereitos das mulleres. ¡É increíble! E hoxe volveron repetilo. Eu volvo repetirlles que a soberbia mesturada co sectarismo é o gran problema que están sufrindo algúns colectivos en España neste momento.

E, por suposto, imos manter unha fiscalidade equilibrada, que garanta a sostibilidade dos servizos públicos, que achegue recursos ás familias, especialmente ás que máis o necesitan e que fomenta o investimento e a creación de emprego. ¡Tanta demagogia levamos oído coa rebaixa do imposto de patrimonio...! Por certo, é curioso, porque onte falábase aquí do señor Touriño. *(O señor Pazos Couñago le un documento.)* «*Touriño desea eliminar los impuestos sobre*



el patrimonio». Outro dos ídolos da esquerda patria: «*Zapatero promete eliminar el impuesto sobre el patrimonio*». Pero xa sabemos que, cando elimina os impostos a esquerda, é bo; e cando o fai o Goberno galego é malo.

Nós queremos rebaixar ese imposto para evitar fugas de capitais e a deslocalización de patrimonios. Creo que é o razoable. Temos o exemplo de Portugal aí ao lado, coa Golden Visa. Creo que o coñecen. Aplauden moito, por certo, as medidas do goberno portugués de esquerda. Despois non queren copialas nin queren que se apliquen aquí. Pero, claro, nós rebaixamos ese imposto para fomentar investimento, para fomentar a creación de emprego. E vostedes seguen aquí coa falacia do Tío Gilito, describindo os empresarios como señores ricos que o que fan é atesourar moedas para zambullirse despois nesas piscinas de ouro. A vostedes os empresarios, señorías, só lles valen para dúas cousas: ou para convertelos en chivos expiatorios do fracaso das súas políticas ou, iso si, como fai a señora Pontón ultimamente, para convertelos no *photocall* conveniente no que irse facer unha foto para aparentar ser moderada. É unha visión moi triste do empresariado que, xa lles digo, nós non compartimos.

Miren, señorías, en poucas semanas aprobaremos o orzamento co maior compromiso social da historia de Galicia, e unha vez máis —e sabémolo todos— farémolo sen o seu apoio —nada novo, por outra parte—. Afortunadamente, a nós os galegos nunca nos escatimaron o recoñecemento que vostedes permanentemente nos negan.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: Remato xa, señor presidente.

Estou seguro de que comprenderán, como representante deste grupo que representa a moitos galegos, que, postos a recibir certificados e carnés de compromiso coa pobreza, lle deamos máis valor e quedemos co que outorgan os galegos, eses que forman a maioría social, a verdadeira maioría social de Galicia que con tanta facilidade intentan vostedes arrogarse.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

A verdade é que tampouco vou xulgar o discurso que acaba de facer o representante do Partido Popular, porque é que é un papel ter que saír aquí defender esta cuestión cando acabamos de escoitar o presidente Rueda, cando lle falan de sanidade e de política social, contestar con estradas. Esa é a sensibilidade que ten este goberno. Pensabamos que o de Feijóo non se podía superar, pero, polo visto, si.

O representante do Partido Popular fala dos empresarios. Déixense deses roles de que uns defenden unha cousa e outros outra. ¡Nin serven para defender os empresarios! Os empre-



sarios o que piden son incentivos para incrementar o valor engadido dos propios produtos galegos e deixar de ser unha das comunidades autónomas menos competitivas de España, señorías do Partido Popular. Porque, grazas ao Goberno galego, somos unha das comunidades menos competitivas de España. Repito, eses son os datos oficiais do Foro Económico Galego, non o digo eu. Pero é que, ademais, vamos ver, xa o repetín na primeira intervención, o éxito das empresas que realmente funcionan é única e exclusivamente pola cultura do esforzo que temos os galegos e galegas, porque o Goberno galego non fai nada, está cruzado de brazos e Galicia segue, continúa e resiste pola propia inercia que teñen.

Pero, miren, os datos din que Galicia, en canto a pobreza, ten rostro de muller e rostro de neno e nena. Esta é unha cuestión pola que me gustaría saber se vai votar a favor ou en contra o Partido Popular, porque ostenta a maioría absoluta e nestes casos a maioría absoluta é a que decide as cuestións transcendentais para Galicia. Este é un dato moi duro de asumir: a pobreza ten rostro feminino e de neno ou de nena. É un goberno que ten que estar á altura nas duras e nas maduras, repito. E iso é o que precisan agora mesmo os galegos e as galegas.

Unha muller soa con dous fillos a cargo, por exemplo, que non pode chegar á fin de mes, ou que non teña cartos para comprarlles peixe aos seus fillos, que non teña diñeiro para darlles unha alimentación equilibrada aos seus fillos ou ás súas fillas, merece un goberno á altura das circunstancias que a mire aos ollos e que lle diga que vai retomar a Tarxeta Básica coa que poida facer a compra dende o anonimato e poder blindar os dereitos e a alimentación dos seus fillos e fillas.

¿Estamos a pedir tanto, señorías do Partido Popular? ¿Por que non retoman a Tarxeta Básica? ¿Por que non o fan? Eu estou segura de que se fixesen unha enquisa privada, anónima, a cada un dos deputados e deputadas destas bancadas do Partido Popular, votarían que si a retomar a Tarxeta Básica. ¿Que é o que lles impide retomar a Tarxeta Básica?

Non me mira o representante do Partido Popular. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Vostede a título persoal seguro que retomaríaa Tarxeta Básica, que, para a xente que non sabe o que é a Tarxeta Básica, é unha tarxeta que garante a dignidade e o anonimato das persoas que non teñen unha situación económica para poder mercar nun supermercado —e máis agora ca nunca, co incremento dos prezos— produtos de alimentación e hixiene básicos. Iso é o que estamos pedindo aquí hoxe, entre outras cousas.

E, como a Tarxeta Básica, tamén solicitamos que eliminasen o veto á risga a finais de 2020, hai máis de dous anos, e a conselleira de Política Social díxonos que si, que o faría. Promesas incumpridas. E aínda tivemos que escoitar en boca do Partido Popular —onte, sen ir máis lonxe— o tema da palabra «paguiña» referíndose aos dereitos e á dignidade que toda persoa precisa, porque a vida —repito, como en moitas outras ocasións— dá moitísimas voltas. E os que traballamos preto dos servizos sociais, ben por profesión ou ben por política, sabemos que a vida pode dar moitas voltas. Porque eu persoalmente e moitas das persoas que estamos aquí vimos como moitas persoas de éxito empresarial, e ás que lles ía moi ben a vida, de repente tiveron que acudir aos servizos sociais para pedir axuda. Iso pódenos pasar a calquera. Non estamos pedindo para persoas dun certo sector, estamos pedindo porque sabemos perfectamente que o perfil dos servizos sociais mudou e temos que adaptar as políticas aos novos



perfís. Os novos perfís, como nos están dicindo os propios estudos, son as familias monoparentais, a xuventude, as persoas con discapacidade e os nenos e nenas. Temos que facer un plan específico para eses sectores, que non se está a facer por parte do Goberno galego.

¿Estamos pedindo tanto, señorías do Partido Popular, nun momento de crise como o que estamos acusando? Estamos vendo como outras administracións si están tomando medidas adecuadas e axeitadas para o momento. Iso é gobernar con intelixencia e sensibilidade. ¿A que estamos esperando para que fagan o mesmo dende o Goberno galego? ¿Estamos pedindo tanto?

Non entendo por que teñen que desprezar constantemente as nosas propostas cando neste caso, nesta situación e con base nestas propostas, deberíamos estar todos a unha. Eu sigo confiando e agardo que reflexionen e recapaciten dende o Partido Popular para que, de verdade, tomen esta cuestión en serio, para que pensen o seu voto, para que voten a favor e poidamos sacar esta proposta do Partido Socialista dende a máxima humildade e que Galicia avance, para que poidamos rescatar as persoas que máis o necesitan, as familias que máis o precisan —nomeadamente os nenos e nenas, que teñen que ser sagrados e para que saian adiante nunha das peores crises, sen precedentes, que vivimos ata o momento—. Recapaciten, pensamos que non estamos pedindo nada raro, pensamos que é unha cuestión xusta, necesaria, e moralmente estamos en débeda coas persoas que están a padecer esta crise.

O señor PRESIDENTE: ¿Sobre a emenda?

A señora OTRTEGA OTERO: Sobre a emenda, presidente, estamos totalmente de acordo. E agradecemos o voto favorable do Bloque Nacionalista Galego. Volvemos instar o Partido Popular para que vote a favor. Se non vota a favor, terá que mirar aos ollos a cidadanía, terá que mirar aos ollos a esas mulleres que teñen fillos a cargo e non poden chegar á fin de mes e dicirlles o porqué do non a esas persoas.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Paloma Castro Rey e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para implementar medidas económicas que incentiven os concellos á redución do lixo

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha autoemenda do Grupo Parlamentario Socialista e unha emenda do Grupo Parlamentario do BNG.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Paloma Castro Rey, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (11/PNP-003686, doc. núm. 43327)

Emenda de modificación

Débese substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido.



“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- 1. O mantemento da bonificación do 10 % non canon de Sogama para tódolos concellos de Galicia que cumpran coas esixencias de reducir o volume de lixo e envases lixeiros e repercutir esta rebaixa nos recibos á veciñanza.*
- 2. Aplicación adicional da bonificación do 15 % para os concellos que acrediten avances na compostaxe da materia orgánica, axudando así á Xunta de Galicia a sacar á nosa comunidade da cola de España en canto cumprimento de obxectivos de reciclaxe.*
- 3. Renuncia por parte da Xunta de Galicia á idea de reclamar aos concellos turísticos que suban o recibo do lixo aos comercios e á hostalería por invadir a autonomía local en cuestións de competencia municipal.*
- 4. Que a Xunta reforce as subvencións aos concellos para implantación de medidas que contribúan á reciclaxe dos biorresiduos, na medida en que boa parte dos pequenos concellos non dispoñen dos recursos para a implantación do colector marrón e, por tanto, quedarían fóra da bonificación do 15 % non canon de Sogama.*
- 5. Construción das plantas de biorresiduos que estaban previstas no Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia 2016-2022 para favorecer a xestión de proximidade.”)*

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Luís Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 43327 (11/PNP-003686)

Emenda de substitución

Substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a:

- 1.- Bonificar o canon de SOGAMA ata un máximo do 25% aos concellos que:*
 - leven a cabo programas e medidas para a redución do envío de residuos a SOGAMA,*
 - veñan desenvolvendo, ou poñan en marcha en 2023, iniciativas para a recollida separada dos biorresiduos e preferentemente a súa xestión de proximidade (mediante compostaxe doméstica e comunitaria) e, cando non sexa posíbel a xestión de proximidade, mediante diferentes alternativas de recollida e tratamento en planta (porta a porta, quinto colector...);*
 - acrediten o incremento da recollida de envases lixeiros,*
 - repercutan a bonificación no recibo que pagan as persoas usuarias.*
- 2.- Colaborar cos concellos na implementación de medidas que favorezan o incremento dos resultados de redución, reutilización e reciclaxe dos residuos.*



- *Elaboración e aprobación de programas de prevención e plans municipais de xestión de residuos da súa competencia.* - *Elaboración e aprobación de programas de prevención e plans municipais de xestión de residuos da súa competencia.*

- *Elaboración e aprobación de ordenanzas tipo de xestión de residuos municipais.*

- *Dotación de persoal de inspección e vixilancia da xestión de residuos.*

3.- *Incrementar as partidas destinadas a financiar investimentos dos concellos para conseguir mellores resultados na redución, reutilización e reciclaxe dos residuos, primando os tratamentos de proximidade, o cumprimento da xerarquía de residuos e os principios da economía circular.”)*

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Castro Rey.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Vou comezar a miña intervención lendo unha nota de prensa. Está en castelán: «Cerceda, a 7 de marzo de 2022. La bonificación del 10 % en el canon de Sogama durante los últimos tres años ha ahorrado a los gallegos un total de 9.756.328 euros. Con esta rebaja también se pretende aliviar la presión sobre las economías de las familias, fuertemente golpeadas por la crisis del covid-19 y el implacable incremento del precio de la energía eléctrica, acrecentado por el conflicto de Ucrania».

Acabo de ler unha nota de Sogama de hai nove meses. Neste tempo ¿que mudou para que este Goberno pretendese, pola porta de atrás, suprimir unha bonificación que consideraba necesaria para aliviar a presión das economías familiares? Esta pregunta que lanzo ao aire tería que respostala a conselleira, que foi a que anunciou esta supresión e que quedou ao final aos pés dos cabalos cando días despois foi desautorizada polo presidente da Xunta, que non dubidou en facer fronte a este desacougo causado pola conselleira co anuncio dunha nova bonificación do 15 %.

Hoxe traemos ao pleno esta iniciativa para ver se dende a oposición podemos poñer un pouco de cabeciña ou ese sentidiño —que din vostedes— para frear esta improvisación e o cúmulo de bandazos que a Xunta leva dando dende hai semanas. Ao final estes bandazos pois son resultado dunha ineficiente xestión que leva anos xa, anos de non cumprir o que obrigaba a cumprir a lexislación. E non me refiro á lexislación actual senón tamén á lexislación anterior, ás directrices marcadas pola Unión Europea, e ata os compromisos que o propio Goberno da Xunta marcou no Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia do ano 2010 ata o ano 2022.

Dende o PSdeG xa advertimos en múltiples ocasións que este Goberno é experto en facer plans. Pero é máis experto en presentalos publicamente con toda a maquinaria publicitaria e aínda máis en non cumprilos. O Plan de xestión de residuos urbanos é un claro exemplo disto. Dígolles que, se o Goberno da Xunta cumprise xa non digo o previsto neste plan senón o 50 % do previsto neste plan, non teríamos estes datos lamentables que nos fan estar á



cola das comunidades autónomas en materia de xestión de residuos. Pero levan anos con este plan metido nun caixón, e agora que chega o vencemento dos prazos fixados pola Unión Europea pois cólleenos a todos en cueiros. E ¿que fai a Xunta? Pois algo moi imprevisible: botarlle a culpa ao Goberno de Pedro Sánchez, que fai unha lexislación estatal en materia de residuos moi restritiva. E a guinda a todo este atranco atopámolo co acontecido —como dicía antes— nas últimas semanas, e vou facer un resumo cronolóxico para que se vexa así todo o despropósito en conxunto.

En primeiro lugar, dende o Grupo Socialista trouxemos ao Pleno no mes de outubro unha interpelación á conselleira na que lle preguntabamos como ía facer para cumprir os prazos marcados pola lexislación vixente. A conselleira sacou peito da xestión do Goberno da Xunta en materia de residuos e ata chegou a afirmar que eramos un referente a nivel europeo —eu, a verdade, non sei como non está invitada ao cumio que se está a celebrar polo clima—. E, ademais, recalcou que ían ser insubmisos e que non ían cumprir a lei estatal no que se refire á fiscalidade ambiental. Semanas despois, a directora xeral presenta o novo Plan de xestión de residuos urbanos na Comisión 2ª, o plan 2023–2030. Avalía o anterior, e hai que matizar que esta avaliación se contén nunha carilla e media no papel e en menos de cinco minutos na comparecencia da conselleira. A verdade, tempo sobráballes; porque, para dicir que dos 12 obxectivos non cumpriron ningún, cun segundo chegaba.

E voules resumir estes obxectivos. O primeiro é a redución da produción de residuos. Pretendían acadar unha redución per cápita dun 10 % para o ano 2021, e só se conseguiu baixar un 8,8 %. O segundo obxectivo era a recollida selectiva en orixe, que era, para o 2020, o 50 % sobre o peso dos residuos xerados; e a porcentaxe é do 16,78 %. O terceiro era o desenvolvemento de infraestruturas precisas para acadar eses criterios de suficiencia e proximidade. Falaba a Xunta de 11 plantas en 2023, e neste momento temos 3 plantas —O Cervo, Verín e Vilanova— e todas aínda en proceso de execución. O cuarto obxectivo era minimizar o vertido final que vai a vertedoiro —a pesar da predilección deste goberno por queimar—. Aínda así, non cumpriron. Reduciron do 45 % ao 30 %. E do último obxectivo, do da calidade e transparencia, pois, a verdade, xa prefiro non falar, porque creo que ese si que o esqueceron por completo. Aínda estamos esperando moitos «artigos 9» para poder ter algún dato fiable en materia de xestión de residuos; como, por exemplo, os concellos aos que se lles aplicaba a bonificación deste 10 %. E podería seguir con eses incumprimentos, que non os inventamos nós, están previstos na avaliación do novo Plan de xestión de residuos e na avaliación do anterior. Pero vou continuar con este despropósito.

Días despois, coa lei de acompañamento, aparece sorprendentemente a redución desa bonificación do 10 % aos concellos, xustificando en que Sogama aumentara moito os gastos de xestión debido á suba do prezo da enerxía. Esqueceron dicir que o 64 % do que entra en Sogama se queima para producir enerxía, iso que é denominado «valorización enerxética» e que soa tan ben. Sogama obtén por isto beneficios millonarios. Se sobe o prezo da enerxía, os beneficios tamén soben —iso é de primeiro de primaria—. Pola contra, esa redución da bonificación do 10 % do canon pois vai afectar directamente os concellos e repercutir nos recibos do lixo que aboan as familias —aos 167 concellos galegos que se beneficiaban desta suba—. E, en lugar de pagar 59,40 euros que viñan aboando dende hai tres anos, pasarán a pagar 66 euros por tonelada de lixo, unha medida que non ten sentido no momento de crise



de prezos no que nos atopamos e que vai afogar aínda máis os concellos e a veciñanza. É totalmente insolidaria e contraria aos principios medioambientais que priman a redución do lixo fronte á valorización enerxética e á incineración.

Días despois complementan esa supresión cun recibo diferenciado para os concellos turísticos —aplicado á hostalería e ao comercio por consideralos grandes produtores de lixo—. Corenta e nove concellos turísticos van recibir un recibo diferenciado, o que é unha total discriminación respecto dos outros e unha total intromisión na autonomía local. É unha total falta de asunción de competencias por parte da Xunta, que é a que ten que aplicar esta fiscalidade ambiental ou, de forma similar, a substitución por unha recadación diferenciada. Pero, non, prefiren botarlles a pelota aos concellos.

Pasan uns días e aparece o presidente Rueda, que, claro, co malestar xa a un nivel sen precedentes, e aproveitando unha pregunta parlamentaria do Grupo Socialista, se ve obrigado a rectificar. E anuncia que confirma esa eliminación do canon do 10 % porque o que vai facer é unha bonificación distinta, un 15 % condicionado especificamente á implantación do contedor marrón e ao traslado ás familias desta redución. Polo tanto, desautoriza á conselleira totalmente e obriga ao Grupo Parlamentario Popular a ter no último momento que presentar unha emenda á Lei de acompañamento para que recolla isto, así como ao presidente de Sogama a ter que mandar catro ou cinco días despois unha carta a todos os concellos na que especifica esta redución. Temos aquí a carta que tivo que enviar aos concellos para especificar non o que dixera Rueda senón outras medidas, incluíndo tamén as rebaixas anteriores a esta nova rebaixa, os obxectos da rebaixa anterior.

Neste momento ¿como xustificamos nós este baile de cifras? Pois esta conduta da Xunta só revela dúas cousas: en primeiro lugar, que a Xunta pretendía blindar o nivel de beneficio da eléctrica, coa propietaria de Sogana; e, por outro lado, que non tiña nin idea de como cumprir eses prazos establecidos pola normativa estatal e por iso opta por cargarlles toda a responsabilidade aos concellos. Ante isto, nós —e, como dicía antes, para poñer un pouco de cabeciña a isto— trouxemos unha proposición non de lei que dea un pouco de estabilidade a este baile de cifras e que axude os concellos, e ao final a Galicia, a poder acadar estes obxectivos establecidos non só na lexislación estatal senón tamén na galega. E por iso propoñemos o mantemento desa bonificación do 10 % a todos os concellos de Galicia que cumpran eses dous obxectivos —o de reducir e o de repercutir esa rebaixa nos recibos á veciñanza—; a aplicación adicional dun 15 % a aqueles concellos que acrediten avances na compostaxe e a implantación do contedor marrón; unha renuncia por parte da Xunta a reclamarlles a eses concellos turísticos a suba do recibo do lixo, porque claramente está invadindo a autonomía local e está discriminando uns concellos respecto doutros; e, despois, que a Xunta reforce as subvencións aos concellos para a implantación de medidas que contribúan á reciclaxe dos biorresiduos e, sobre todo, para aqueles pequenos concellos que teñen moi difícil a implantación do colector marrón porque están moi afogados polas subas dos prezos que estamos a vivir na actualidade.

Eu espero o voto favorable do resto dos grupos. Creo que é necesario un gran pacto verde de país que nos leve a avanzar neses obxectivos medioambientais establecidos e que contribúa a que Galicia saia da cola do ránking que temos a nivel estatal. Polo tanto —repito—, esperamos a responsabilidade do resto dos grupos e o voto favorable a esta iniciativa.



Polo de agora, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Castro.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Bo día.

Neste debate, que é un tanto confuso, ás veces as árbores non nos deixan ver o bosque. Entón eu intentarei falar das árbores e falar do bosque. O bosque é o modelo de residuos que temos que implantar, porque o actual está claro que foi un fracaso, que foi un fiasco. E as árbores son os instrumentos, as medidas que temos que trasladar para que eses obxectivos se poidan conseguir, que poden ser medidas de bonificación e tamén de penalización. Efectivamente, temos que bonificar e incentivar con medidas fiscais as boas prácticas e penalizar aquelas que son negativas, por iso se vai establecer un imposto á incineración e ao depósito en vertedoiro, que son solucións finalistas que son as preferidas por Sogama e pola Xunta do Partido Popular e polas cales Galiza está á cola do Estado en materia de recuperación e reciclaxe. E por este motivo incumprimos os obxectivos marcados pola Unión Europea e polo plan estatal para o 2020 que fixaban a reciclaxe no 50 %.

¿Saben en que cifras estamos, señorías do Partido Popular? Con datos oficiais do Ministerio de Transición Enerxética e con datos oficiais da Xunta, a través do borrador do Plan de residuos 2023-2030 —que teño aquí e, polo tanto, son datos que trasladou a propia Xunta—, estamos no 21,8 % de reutilización e reciclaxe. E tiñamos que estar no 2020 no 50 %. Polo tanto, algo se fixo mal, ¡moito se fixo mal!, por parte do modelo da Xunta e de Sogama. A todo isto hai que dicir que estamos no 21,8 % grazas aos resultados de Nostián e de Lousame, porque, se collemos os resultados de Sogama, estamos no 6,8 %. (*Aplausos.*) ¡O 6,8 %! (*Aplausos.*) Son 770.000 toneladas de residuos as que van á incineración e ao vertedoiro. ¡Un auténtico fiasco, un auténtico desastre, que non se tapa con toneladas de propaganda e que tampouco se tapa con esa cerimonia da confusión que montaron vostedes co colector marrón!

A solución non é o colector marrón; polo menos non é a única nin a mellor solución. Pode ser unha pero non é a mellor. O que vai ser seguro é un marrón. O colector marrón vai ser un marrón, está sendo un marrón, para os concellos —que ven aí unha espada de Damocles—. E, ademais, isto non llelo dicimos nós, isto díllelo a experiencia práctica, que demostra que as mellores alternativas son os tratamentos de proximidade —o mesmo Plan de residuos 2023-2030 di isto, que as mellores opcións son as de proximidade—. E a experiencia práctica di —por exemplo, en Allariz, ou, por exemplo, en Revitaliza— que se debe ir por aí, porque o 90 % ou o 95 % do territorio galego non ten que utilizar recollida de residuos nin colectores marróns nin nada parecido. Pódese facer mediante compostaxe doméstica, mediante compostaxe comunitaria, pola dispersión de poboación que temos no país. E isto mesmo dío o propio documento do Plan 2023-2030, pero é que, ademais, llelo están dicindo —e vostedes están creando aquí un gran conflito institucional— desde o reino de taifas de «Baltarnia», onde hai un informe, un acordo, da Comisión de Medio Ambiente que lles di que isto é un auténtico disparate, que é unha medida irracional, que é unha medida custosa, que é unha medida ilóxica e que é unha media antiecolóxica.



Miren, teño aquí o informe: «Comprar contedores para biorresiduos, encher a nosa paisaxe rural de contedores engadindo a cor marrón, aumentar as rutas de recollida e transportar o produto recollido ata as instalacións que se constrúan é relativamente sinxelo pero é económica e ambientalmente insostible» —Deputación de Ourense, Departamento de Medio Ambiente—.

Entón, claro, é que vostedes están no auténtico despropósito, están no auténtico disparate, están na improvisación e nos bandazos. Fixeron un estudo no ano 2018, que custou 1,1 millóns de euros, sobre cales son as mellores alternativas para o tratamento dos biorresiduos —que é o gran problema porque son o 50 % dos residuos urbanos domésticos—. Fixeron eses estudos no ano 2018 —foron sete lotes— e ¿saben o que fixeron? Botalos ao lixo, non os aproveitaron. Téñenos escondidos. Pedímolos polo artigo 9 e non nolos deron. Queremos saber o que din eses estudos, porque o que din, loxicamente, é que as mellores alternativas son as de proximidade. É como unha pirámide. Hai que empezar polo máis cercano e despois, en todo caso, ver como se resolve nas zonas urbanas máis densas; que, efectivamente, aí pode haber recollida porta a porta, pode haber quinto colector, pode haber fórmulas mixtas como a agrocompostaxe. Non se pode impoñer unha, e vostedes queren impoñer unha.

Pero, claro, despois imos ás árbores, a esta cerimonia da confusión coas medidas. Vostedes, efectivamente, anunciaron, a través do documento de orzamentos, a supresión da bonificación do 10 %. Pero non é que o presidente da Xunta rectificase a conselleira de Medio Ambiente, é que o presidente da Xunta ratificou, ¡ratificou! —non rectificou senón que ratificou— o que dixo a conselleira de Medio Ambiente, o de que ían suprimir a bonificación porque había un desequilibrio económico no funcionamento de Sogama. E ao cabo dunha semana, despois da chuvia, do aluvián, de críticas que houbo en todo o país contra esa medida, acabaron rectificando, pero ao cabo dunha semana.

E, claro, anunciaron entón a bonificación do 15 %, pero é unha medida que ten trampa, porque queren impoñer a través desta bonificación o quinto colector —a non ser nos concellos de menos de dous mil habitantes—. Xa lles dicimos que isto é un auténtico disparate, non ten pés nin cabeza, non ten sentido, é ilóxica, é antiecolóxica, é moi custosa esta medida. Non ten razón de ser, xa lles expliquei os motivos.

Pero a realidade —volvendo ao bosque— é que temos que pensar como desenvolver un modelo de xestión dos residuos de futuro —sobre todo dos biorresiduos—, porque o pasado xa sabemos que foi un auténtico fiasco, un desastre. Están aí as cifras, que non o desmenten. E temos que apostar por modelos lóxicos e ecolóxicos, por aproveitar experiencias que teñen éxito, que están postas como exemplo en toda Europa, as que estamos facendo aquí e as que están facendo noutros países próximos. En Cataluña, por exemplo, están apostando pola compostaxe de maneira decidida, e teñen uns resultados que están á cabeza do Estado e moi próximos ao que marca a Unión Europea. E xa lles dicimos que, no caso de establecer a recollida, non se debe impoñer o colector marrón, porque non é a mellor alternativa; pode ser unha, pero non é a mellor.

E, para rematar, quixera explicar cal entendemos nós que é a motivación da imposición, do intento de imposición, do quinto colector. Porque, claro, vostedes van dando bandazos. Son



un polo sen cabeza —teño que dicírllelo—, porque o presidente de Sogama di unha cousa, a directora xeral de Calidade Ambiental, cando lle preguntan desde os concellos, dilles outra —que, por certo, parece unha persoa bastante razoable—, dilles que non vai estar vinculado ao contedor marrón. Despois a conselleira, no seu discurso, di que si, que se vai impoñer o colector marrón. Aclárense dunha vez, porque realmente o que di o escrito que mandou o señor presidente de Sogama é que se vai vincular esa bonificación do 15 % á imposición do colector marrón a non ser nos concellos de menos de dous mil habitantes.

Entón, se queren impoñer o colector marrón só se nos ocorren dúas razóns: unha é a ignorancia e outra é a mala fe. A ignorancia ten solución, podemos axudalos, de verdade. Non é que nós saibamos moito disto, pero hai experiencias municipais. Co de «nós» quero dicir aquí «os deputados e deputadas do BNG». Hai experiencias municipais que demostran que se están facendo ben as cousas. Desde logo, non ese desastre que é a planta de compostaxe de Areosa, que é o campo de probas que vostedes están implantando para estender ás outras plantas. É un auténtico desastre, porque prevía tratar 15.000 toneladas/ano no 2020, e no 2021 tratou 496. E de aí ían saír 4.000 toneladas de compost e saíron malamente —porque eu non creo que saísen, pero, ben, din vostedes que saíron— 9 toneladas. Entón está claro. E a calidade dese compost habería que vela, gustaríanos que nos desen as analíticas que lles pedimos.

Entón pensamos que hai alternativas mellores e podemos traballar entre todas e todos con Revitaliza, con Allariz, con outras experiencias que hai no Estado para ter un modelo alternativo.

Se é a mala fe, só pode xustificarse por dúas razóns. Unha é o negocio millonario das empresas que queren instalar o quinto colector. E xa lles digo que o quinto colector pode ser unha alternativa. En Pontevedra púxose o quinto colector nunha parte moi pequena do ámbito urbano, porque no resto non é necesario —no resto non é necesario, estámosllelo demostrando coa práctica—. Pode deberse a este negocio millonario ou pode deberse a que queren alimentar ese monstro de Sogama e a nova Sogama dos xurros que xa anunciaron tamén para Cerceda.

A vostedes non lles interesa ter un compost de calidade, xa se ve no caso de Areosa. Vostedes o que queren é facer un paripé, facer que fan, facer que recollen a materia orgánica, que a levan a unha planta, que a trasladan, que a pasean por todo o país, para despois levala realmente onde a queren levar, que é a Sogama ben para queimar ou ben para facer biometano. E xa lles dicimos que, se ese é o plan oculto do Partido Popular, lles ten que quedar claro que non o imos permitir, non o imos permitir nós e non o van permitir, como xa llelo están dicindo tamén a Deputación de Ourense e moitas entidades locais ás que lles parece que isto é un auténtico disparate e un despropósito.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Díaz Mouteira.



A señora DÍAZ MOUTEIRA: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Pois si, tal e como anunciou o presidente da Xunta de Galicia en datas recentes neste hemisiciclo, Sogama vai aplicar en 2023 a bonificación do 15 % no canon relativo ao tratamento de residuos, unha bonificación, señorías, que medra non só en porcentaxe —ata o 15 %— senón tamén en canto aos seus obxectivos. E ¿que fixo a Xunta de Galicia? Pois a Xunta de Galicia, tendo en conta a actual situación de crise e a alza da inflación que está a golpear as familias galegas, pediu a Sogama un esforzo aínda maior.

Con estas premisas, señora Castro, entenderá vostede que este Grupo Parlamentario Popular non vai apoiar esta proposición non de lei —máis ben esa autoemenda que sacou vostede froito da improvisación, de ir correndo, si, de ir correndo—. (*Murmurios.*) Ben, eu entendo que lle é difícil seguir o ritmo de traballo do Goberno galego e actualizar a información. (*Murmurios.*)

Miren, señorías, lendo esa autoemenda, fala vostede do mantemento dunha bonificación, da edición doutra bonificación, e o BNG fala dunha bonificación do 25 %. Pero ¿vostedes realmente cren que isto que están a pedir é serio? Esta é unha mostra máis da demagogia á que nos teñen acostumados. Se a Xunta, para o caso, establece unha bonificación do 25 %, ou adicional ao 15 %, pois estou segura de que vostedes pedirían o 30 %, o 40 % ou o 50 %. Isto, señorías, non é unha feira, non é unha subasta nin os concellos son artigos de mercado. Isto é algo moito máis serio. Estamos a falar do cumprimento da lei por parte dos concellos e da articulación de mecanismos para axudalos. A Xunta e Sogama están a carón dos concellos na implantación de todas aquelas medidas que favorezan a implantación dos «tres erres».

Non obstante, señorías, non debemos esquecer, como aquí se recordou, que a xestión dos residuos é, por lei, competencia local, coa particularidade de que os concellos teñen as súas características, polo que as campañas informativas, de concienciación, a dotación de medios materiais e o establecemento de sistemas específicos de recollida e transporte deben estar adaptados a esas características. Non podemos esquecer a alta dispersión da poboación e a inviabilidade de determinados tipos de recollida de lixos. Exemplo da cooperación cos concellos é o programa de compostaxe doméstica promovido por Sogama, señor Bará, para proporcionar aos entes locais de forma gratuíta composteiros, recursos didácticos, divulgativos e cursos de formación orientados á veciñanza —440 entidades, 224 concellos, señora Castro, 186 centros educativos e 30 colectivos sociais adscritos a esta iniciativa, e aos que chegaron preto de 20.000 composteiros—.

Curiosamente, señor Bará, hai moitos concellos que participan no Plan Revitaliza que decidiron adscribirse ao programa de Sogama. Non sabemos se é porque no Revitaliza non reciben suficientes medios e axudas. E o BNG sabe perfectamente que hai concellos que implantaron o plan, que implantaron programas de compostaxe doméstica comunitaria, e que non foron quen de reducir a cantidade de lixo entregado a Sogama. Pero hai outros que non están no Plan Revitaliza e que si foron capaces de diminuír a produción de lixo.



Polo tanto, señorías, os concellos son a administración competente dende 1992, coa colaboración importantísima, imprescindible, de Sogama —que dende hai tres anos axudou os concellos con esa bonificación do 3 %—. ¿Con condicións? Claro. ¿Cales? Volume de residuos, reducir, incrementar a reciclaxe de envases lixeiros e, por suposto, trasladar esa bonificación ao recibo da veciñanza. Así que, unha vez máis, a iniciativa tivo unha boa acollida, polo que reflicten os datos, datos que non son nin concordan cos do BNG nin cos do Grupo Socialista. Miren vostedes, no ano 2021 solicitaron a bonificación 165 concellos. Só 13 non cumpriron os requisitos. No 2022, 167 —pendentes de saber aqueles que os cumpriron—.

Están vostedes tamén errados, señora Castro, na participación da Xunta. En Sogama é o 51 % e non o 49 %. Entendo que é un erro involuntario, pero é a nosa obriga repasar datos e ser exactos. Sendo exactos, non podemos falar de enriquecemento, como din vostedes, nin preocuparnos polos beneficios de Naturgy, como di o señor Bará e recordou a súa lideresa Ana Pontón o pasado 3 de novembro. Cómpre falar con propiedade, señorías, porque Sogama non reparte dividendos entre os seus accionistas, Sogama só repartiu dividendos —e repartiu 9 millóns de euros— os anos 2005 e 2006. ¡Vaia coincidencia!, porque son xustíño os anos do Bipartito no Goberno galego. *(Aplausos.)* Dende entón, señorías, os beneficios acadados por Sogama destínanse a reservas, reinvéstense en melloras, en procesos, en infraestruturas, en servizos e innovación. Son máis de 90 millóns de euros. ¿En que se invisten? En protexer o medio ambiente. ¿En que se invisten? En prestar mellor servizo público e enriquecer, claro que si, enriquecer, pero a vida dos galegos e das galegas. ¿Como? Pois pondo en marcha —como en 2023 se porá en marcha— a bonificación do 15 %. Tamén con condicións, claro. ¿Que condicións? As anteriores que citei e mais a instalación dese colector marrón que tanto lles molesta, que se ten que implantar antes do 31 de decembro de 2023 salvo naqueles concellos con poboación inferior a dous mil habitantes.

Pero non é pola Xunta de Galicia, señorías —é que parece mentira que vostedes o digan—, é pola lexislación comunitaria. Si, señor Bará, é pola lexislación comunitaria e os obxectivos europeos de reciclaxe para 2025. E por iso Sogama anuncia, o Goberno galego anuncia, esa bonificación para 2023, que se acreditará. E acreditará un aforro para os galegos e as galegas no ano 2024 de 10 euros por tonelada; de 66 euros, señora Castro, a 56,10 —e non 59,40, como viña dicindo—.

Ademais, en 2023 tampouco se aplicará o IPC da tarifa do canon, un IPC que se estima que estaría no 9 %. E Sogama seguirá ofrecendo o canon máis barato de Galicia, Sogama seguirá ofrecendo o canon máis barato do país en relación coas plantas da mesma tipoloxía. E, señora Castro, Galicia seguirá sendo referente europeo, e estivo presente —creo que niso está desinformada— no cumio do clima, como estivo a conselleira.

Así que temos que ter en conta o esforzo que se está a facer dado o desorbitado aumento dos prezos, o incremento de custos do gas, do material do transporte que lle vai supor a Sogama máis de 44 millóns de euros. E logo a vostedes écheselles a boca falando de enriquecemento e beneficios. Hai que ter un pouco máis de seriedade e un pouco máis de coherencia. Mire, cando falo de coherencia, señora Castro, é porque o Grupo Socialista pide non só que se manteña senón que se faga outra bonificación adicional, e logo máis do 57 % dos concellos gobernados polo PSOE e adheridos a Sogama non solicitaron a bonificación. Si, señorías, dos



102 concellos con goberno socialista 59 non pediron a bonificación. Pero tamén os gobernos nacionalistas. Do 52 % dos concellos con goberno nacionalista —29 concellos— só 14 pediron a redución do canon.

Ao Grupo Parlamentario Popular gustaríanos saber as razóns de non pedir esa bonificación por parte destes concellos. Quizais sexa porque non cumpriron os deberes medioambientais ou quizais sexa porque tanto lles ten a situación de crise que está a afogar os veciños e as veciñas de Galicia.

E, mire, en canto á taxa turística dos concellos turísticos, señora Castro, eu creo que debe darlle unha relida á Directiva marco de residuos, á lei estatal e á lei galega, porque é unha opción que poden adoptar os concellos galegos. Non é ningunha intromisión, é unha opción. Iso é algo que ao mellor debe de aclarar, así como que, nese afán da Xunta de Galicia de non deixar sós os concellos, temos ese plan de infraestruturas, esas catro plantas de biorresiduos e esas plantas de transferencia, polo que os concellos si terán esas plantas a menos de 50 quilómetros, para priorizar a xestión en proximidade.

E ¿por que, señorías? ¿Por que se teñen que investir eses máis de 40 millóns? Para beneficiar os entes locais poñendo á súa disposición as instalacións necesarias para dar cumprimento ás obrigas legais.

¡Coherencia!, porque aquí só se fala de coherencia. Mire, a mesma falla de lóxica que teñen os seus argumentos é a mesma falla de lóxica que teñen cando manteñen a boca pechada diante do Goberno central fronte aos dous impostos que quere impoñer en Galicia, que supoñen para as familias galegas un impacto económico de máis de 13 millóns, un incremento estimado de 11 ou 12 euros por tonelada. Señorías, iso non é coherencia. A Xunta de Galicia presentou alegacións e votou en contra deses novos impostos do señor Sánchez pero non serviu de nada, porque eu creo que ben distinto sería que en vez de Galicia se tratase doutras comunidades autónomas.

Mire, se a súa preocupación fose tal pola situación económica dos concellos e das familias, os socialistas galegos xa terían solicitado en Madrid que se retirasen estes impostos. ¿Onde estaban vostedes mentres os aprobaron? ¿Onde estaban? Vostedes dedícanse a verter manifestacións enganosas, distorsionadas, fan declaracións que enganan a cidadanía. E despois é a Xunta a que ten que apertar o cinto e promover a instalación do colector —porque é unha obriga europea, insisto—. O Goberno galego vese na obriga de incentivar a instalación deses colectores para materia orgánica antes do tempo establecido pola Unión Europea. ¿Por que? Polo goberno do señor Sánchez, porque tamén adiantou a instalación en dous meses. En apenas dous meses tiñan que establecer os concellos de máis de 5.000 habitantes ese colector. Así que aquí hai un único obxectivo, que é sancionar, recadar.

Está á vista do exposto que non están vostedes na mellor posición para erixirse en garantes da defensa da economía nin dos galegos nin dos concellos. A súas declaracións o único que evidencian é un escaso ou nulo coñecemento da realidade. Haxa ou non bonificación, señorías, canto máis reduzan os concellos a recollida de lixo e canto máis materiais remitan á reciclaxe, menos pagarán a Sogama. ¿Que deberían facer? Exixirlle ao Goberno que suprima os impostos. Deixen de enganar.



Aquí en Galicia, a Xunta de Galicia, a través de Sogama, seguirá, mentres, traballando e prestando un servizo eficiente, de calidade, a todos os galegos e as galegas, e cunha nova bonificación, si, que se enmarca no apoio constante aos concellos, señorías. ¿Para que? Para facilitar, única e exclusivamente, as obrigas europeas en materia de tratamento de xestión de residuos. E neste escenario actual, teñan por seguro que, tanto o Goberno galego como este Grupo Parlamentario Popular, seguirán a traballar para aliviar a presión tributaria aos galegos, aos concellos e á cidadanía.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Mouteira.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

Señora Díaz, a verdade é que vou darlle a razón nunha cousa, no da autoemenda. Dicía vos-
tede que é moi difícil que eu puidese seguir a actividade frenética da Xunta. E é verdade, cos últimos bandazos destas últimas semanas era imposible. (*Aplausos.*) Eu presenteí a iniciativa co primeiro bandazo, rexistrei outra co segundo cambio de opinión, co terceiro; e ao final tiveron que facer unha emenda no que xuntaba todos eses, porque, se non, era imposible chegar á situación na que nos atopamos neste momento.

A verdade é que nós non criticamos estas bonificacións de Sogama, o que criticamos é que vostedes, pola porta de atrás, coa Lei de acompañamento, pretendían suprimilas. Pero ¿que pasa? Que os concellos se levantaron e, ante a protesta e a ante o malestar xeral, tiveron que botarse para atrás nesta opción.

E vou pronunciarme, en primeiro lugar, en relación coa emenda do BNG. Nós imos aceptar algunhas partes —en relación coas solicitudes de bonificación do 25 %—. Creo que nós plantexamos na nosa iniciativa dúas bonificacións: unha do 10 % —similar á que estaba— de redución e repercusión á cidadanía, e outra do 15 % para a imposición do contedor marrón. E os concellos que cumpran eses dous requisitos, terían ese 25 %. Polo tanto, preferimos establecelas de forma diferenciada porque temos coñecemento da dificultade que teñen algúns concellos para a implantación do contedor marrón e, polo tanto, se verían prexudicados e non obterían ningún tipo de bonificación. Polo tanto, preferimos deixar de forma diferenciada esas bonificacións; e, no caso de que cumpran as tres, si que poderán optar ao 25 %. En relación cos seguintes puntos, os de colaborar con concellos na implementación de medidas e na relación das medidas, estamos conformes. Polo tanto, imos aceptalos como engádega ao noso punto cuarto.

E, realmente, a realidade do que ocorre, do que acontece aquí e o que motivou a nosa iniciativa, como lle dicía antes, señora Díaz, é esa desagradable sorpresa que agochaban. Todos os anos a lei de acompañamento sempre nos trae sorpresas. Pois a deste ano era esa supresión da bonificación do 10 % a 167 concellos galegos, nun momento de crise, de inflación, no que máis están a padecer as economías domésticas. E a Xunta pretendía subirlles o recibo do lixo a 1,6 millóns de fogares mentres que os mesmos orzamentos perdoaban 34 millóns de euros



anuais a 7.700 galegos e galegas con patrimonios millonarios. ¿Cal é a escusa? A escusa era o aumento dos custos da luz e do gas nas súas instalacións —dicían—, un 187 % máis que aumentaban os custos. Pero, tendo en conta que a principal función de Sogama —como lle dicía antes— é a valorización enerxética —o 64 % do que entra—, non dicían que os ingresos que viñan da venda desta enerxía crecían un 81 %, ata os 99,7 millóns de euros ao ano.

No tema dos concellos turísticos, o de subir o lixo ou un recibo diferenciado de lixo para os comercios e hostalaría nos concellos turísticos, dicía vostede que era unha opción que prevía a lei estatal. Non, non é unha opción, é unha imposición que contén o novo Plan de residuos urbanos de Galicia que impón a Xunta aos concellos no prazo de tres anos; polo tanto, non é unha opción, é unha imposición. Como dicía un alcalde, coñecido dende hai moito tempo, a Xunta non é boa compañeira de viaxe. Isto estao a demostrar, porque pasa a pelota da súa incompetencia aos concellos. Están a afogar os concellos con competencias impropias e, aínda por riba, pretenden incrementar os recibos e que repercuta isto na cidadanía ou que asuman aínda máis os concellos este custo.

Existe un malestar sen precedentes entre os concellos. Iso é o que levou a esta rectificación e a ter que meter pola porta de atrás, e na última hora, unha emenda á Lei de acompañamento por parte do grupo que sostén o Goberno, e, ademais, despois do fracaso que supuxeron estas convocatorias que fixeron vostedes con ese diñeiro que proviña do Miteco e que pretende axudar as comunidades autónomas á implantación dese colector marrón. Estas axudas estaban dotadas con 6,7 millóns de euros e só se adxudicaron 4,82 millóns de euros. Espero que non aconteza o mesmo coas axudas que veñen agora, que foron aprobadas neste ano, de 22,79 millóns de euros para a implantación e para repartir entre as comunidades autónomas.

E, xa para concluír, dígolle que a señora conselleira terá que vir aquí —espero— a dar explicacións, porque foi desautorizada. Foi desautorizada nun dobre sentido, pois ese intento de forzar os concellos a implantar o contedor marrón non agochaba outra cousa que a incapacidade da Xunta para cumprir os prazos e exixencias da Lei de residuos e solos contaminados; e foi desautorizada porque os datos oficiais da propia Xunta sitúan a Galicia na cola de España en materia de reciclaxe.

Aposten vostedes por axudar os concellos a acadar eses obxectivos e implementen medidas de sensibilización e incentivos que animen á reciclaxe e á redución do volume do lixo. É unha obriga, non é imposición de Pedro Sánchez, é unha obriga medioambiental que temos todas e todos os galegos. Temos un territorio rico en recursos naturais e comprometido, como xa demostramos en moitas ocasións. Celebrabamos hai uns días os vinte anos do desastre do *Prestige* sacando peito con orgullo da solidariedade e do compromiso medioambiental da nosa xente. Polo tanto, dende aquí, dende as institucións, temos que dar exemplo.

Sen máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Castro.

(*O señor Bará Torres pide a palabra.*)



Si, señor Bará, ¿para que quere a palabra?

Déanlle voz ao escano do señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Pido a palabra, polo artigo 76, por unha inexactitude da portavoz do Partido Popular.

O señor PRESIDENTE: ¿Cal é exactamente a inexactitude?

O señor BARÁ TORRES: A inexactitude é —e isto paréceme especialmente un tema serio e que creo que debemos aclarar e non pasar por alto— que non se pode dicir nunha tribuna como a do Parlamento que hai unha normativa, sexa comunitaria, estatal ou galega, que establece a obrigatoriedade de poñer o quinto colector. Esas normativas o que establecen —e teño aquí diante a lei estatal— é que se debe fomentar a recollida separada e a compostaxe dos biorresiduos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Iso estivo no debate, xa estivo no debate.

O señor BARÁ TORRES: E, para que quede claro, di: «*Se entenderá*» —léollo en castelán, porque igual así o entende mellor—...

O señor PRESIDENTE: Iso xa foi no debate, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: ...«*también como recogida separada de biorresiduos la separación y reciclado mediante compostaje doméstico y comunitario*». Polo tanto, en ningún lado se fala do quinto colector. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Señora Díaz Moureira, señora Díaz Moureira, ¿algún comentario? *(Risos.)* *(Protestas.)* ¡Claro! ¡Claro, por favor! ¡Home, claro!, se é unha inexactitude, terá que corrixila ela. ¿Quere corrixir a inexactitude se hai inexactitude? ¡Claro, é normal! *(Protestas.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Claro, normal!

Proceda.

A señora DÍAZ MOUTEIRA: Imos seguir co debate, señor Bará. Si que é unha obriga europea, claro que é. *(Proseguen as protestas.)* Por falta de tempo non concretei que se pode... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, é igual, eu teño un ton de voz suficientemente alto para que se me escoite. *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Un pouco de respecto, un pouco de respecto, por favor!

A señora DÍAZ MOUTEIRA: Entón, simplemente quero dicir que non hai...

O señor PRESIDENTE: Perdoe, señora Díaz Moureira, perdoe. *(Fortes murmurios.)* Pido un pouco de respecto por todos, por todos *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*



Primeiro, as alusións valóraas a presidencia. (*Protestas.*) ¡Si, si, lean o Regulamento! Eu concedinlle a palabra ao señor Bará porque dixo que había unha inexactitude. O normal é que lle pregunte á persoa que cometeu a inexactitude —presumiblemente, segundo o señor Bará— se a corrixe. Isto é o normal. (*Un señor deputado: Non.*) ¿Como non? ¡Bueno, por favor, por favor, veñal! ¡Por favor, saque de aí! (*Fortes murmurios.*)

Señora Díaz Mouteira.

A señora DÍAZ MOUTEIRA: A inexactitude é non concretar que é para municipios maiores de 5.000, porque si é verdade que, para os de menos de 2.000, se pode substituír por esa compostaxe doméstica ou comunitaria, o que por falta de tempo non puideron concretar.

O señor PRESIDENTE: Correcto. Pois está aclarado todo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Miren que sinxela é a cousa! Non hai nada como dialogar, ¡por favor! (*Fortes murmurios.*) (*Risos.*) ¡Xa está, por favor! É que, vamos, é que é unha cousa...! Xa está. (*Aplausos.*)

¡É o Parlamento, señores! ¡Uso da palabra con sentido común!

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Paula Prado del Río e catorce deputados/as máis, sobre o apoio do Parlamento de Galicia á conmemoración do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller e as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ou solicitar do Goberno de España nesta materia

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista e unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Noa Díaz Varela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 43422))

Emenda de modificación

Na parte resolutiva da iniciativa, propónse unha nova redacción para o número 3, que terá o seguinte contido:

3. Elaborar unha estratexia para estender a rede de Centros de Información á Muller (CIM) a todo o noso territorio, especialmente nos concellos de baixa intensidade poboacional, que estableza criterios de emprazamento e prestación de servizos conforme a factores como a xeografía, a densidade poboacional e as características sociodemográficas, tal e como reclama a Fegamp. Para tal fin, a Xunta de Galicia prestará soporte técnico e incrementará os recursos económicos que garantan a pervivencia no tempo dos CIM.

Emenda de adición

Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir un novo número 3 bis, que terá o seguinte contido:



3 bis. Asegurar un financiamento estable e con fondos suficientes que garanta no tempo todos os recursos humanos e técnicos necesarios na prestación dos servizos contra a violencia de xénero.)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 43422 (11/PNP-003695)

Emenda de substitución

Substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a:

1. Colaborar coas Entidades Locais no ámbito da formación das e dos profesionais nos servizos de base municipais, nos Centros de Información á Muller, así como na ampliación e fortalecemento das Mesas Locais de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero á fin de informar axeitadamente sobre os recursos a disposición de todas as vítimas da violencia de xénero.

2. Seguir fomentando a Rede Galega de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero, en colaboración ca Fegamp, así como proporcionar todo o apoio técnico necesario no ámbito da loita contra a violencia de xénero. Para iso, realizar as accións necesarias para mellorar o marco de colaboración e apoio aos CIM por parte do goberno galego, comprometéndose ao incremento da achega económica do programa de axudas

e subvencións e a incrementar a contía económica máxima que a Xunta de Galiza alcanzará para o financiamento estrutural dos CIM a través da liña de axudas anual terá en conta a fixación de ratios mínimas de persoal que deberán establecerse en función do número de mulleres potencialmente usuarias do servizo así como a contratación a xornada completa, como mínimo, de todo o persoal que sexa obrigatorio para a acreditación do CIM. e subvencións e a incrementar a contía económica máxima que a Xunta de Galiza alcanzará para o financiamento estrutural dos CIM a través da liña de axudas anual terá en conta a fixación de ratios mínimas de persoal que deberán establecerse en función do número de mulleres potencialmente usuarias do servizo así como a contratación a xornada completa, como mínimo, de todo o persoal que sexa obrigatorio para a acreditación do CIM.

3. Fomentar a extensión de novos Centros de Información á Muller, especialmente nos concellos de baixa densidade poboacional, prestando soporte técnico e económico no proceso de creación dos mesmos. 3. Fomentar a extensión de novos Centros de Información á Muller, especialmente nos concellos de baixa densidade poboacional, prestando soporte técnico e económico no proceso de creación dos mesmos.

4. No proceso de tramitación do proxecto de Orzamentos para 2023, incrementar os recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero de forma que se sitúen, como mínimo, no 1% do total. 4. No proceso de tramitación do proxecto de Orzamentos para 2023, incrementar os recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero de forma que se sitúen, como mínimo, no 1% do total.

5. Dirixirse ao Goberno de España para: 5. Dirixirse ao Goberno de España para:



- *Fomentar a coordinación no ámbito da igualdade e contra a violencia de xénero cos distintos Ministerios e departamentos competentes do Goberno de España e coas Comunidades Autónomas para impulsar as actuacións necesarias co obxecto de cumprir co mandato dos Convenios de Istambul e Varsovia, e coas medidas recollidas nos acordos da Conferencia Sectorial de Igualdade celebrada o pasado 22 de xullo de 2022.*

- *Que dea cumprimento efectivo ao Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, impulsando as modificacións lexislativas pendentes e adoptando as medidas recollidas neste Pacto en materia de prevención, detección e atención integral ás vítimas.*

- *Garantir a non redución de orzamento e un sistema de financiación estable, plurianual e con fondos suficientes para afianzar todos os recursos humanos e técnicos necesarios na prestación dos servizos contra a violencia de xénero, cumprindo cos estándares de calidade, accesibilidade, adaptabilidade e non discriminación; dentro do marco de cooperación Estado-Comunidades Autónomas e baixo o acordo do futuro Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.”)*

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, presidente.

Señorías, estamos ás portas do 25 de novembro, unha data que nos permite facer balance sobre os avances e sobre as eivas nas políticas públicas que as administracións públicas desenvolven ao longo do ano en materia de igualdade e loita contra a violencia de xénero.

E creo que é fundamental falar destes dous conceptos nun mesmo nivel. Non hai igualdade real mentres haxa unha soa vítima de violencia de xénero. E a loita contra a violencia de xénero ten que combaterse con políticas de igualdade —sensibilización, educación, conciliación, igualdade salarial e de emprego— e, como non podía ser doutro xeito, con atención ás vítimas ofrecéndolles recursos e leis que lles aporten seguridade para enfrontarse con garantías xurídicas aos seus agresores.

Facendo balance sobre os avances, temos que dicir que en Galicia foron moitos os que se conqueiron. E vendo a intervención desta mañá da lideresa dos independentistas, pois temos que concluír que, efectivamente, en Galicia as políticas públicas en materia de igualdade son excelentes, porque non houbo nin unha soa crítica ás políticas de igualdade. E a proposta que houbo por parte do independentismo vouna comentar agora.

Empezamos polo orzamento. O orzamento para combater a violencia de xénero que pide o BNG na súa proposta é un 1 %. A Xunta de Galicia destina un 1,58 % do global, porque estamos falando dun orzamento de 12.620.000 millóns de euros. Polo tanto, fagan a conta a ver canto lles dá. Onte a miña compañeira Noelia Pérez intentou explicarlles aos socialistas e aos independentistas que, efectivamente, o Goberno da Xunta de Galicia dende o ano 2009 incrementou as partidas orzamentarias destinadas á igualdade nunha cantidade o suficientemente importante como para chegar a este 1,58 %. E dixo exactamente que no orzamento do ano 2009 non chegaban á cuarta parte. ¿Por que? Porque o investimento era de 54,7 millóns de euros dun global de 11.793.000 millóns de euros do orzamento da Xunta de Galicia.



Fagan as contas. Iso é o 0,4 %, é o que destinaban vostedes. Agora piden o 1 %, cando do global é o 1,58 %. *(Aplausos.)* Esa é a realidade.

E, claro, ademais diso, hoxe tivemos que escoitar que os do Partido Popular non defendemos os dereitos das mulleres. Hoxe tivemos que escoitar que era unha indecencia que o Partido Popular calase ante a sentenza da Manada e que por iso agora nos dedicamos a criticar a Lei do «só si é si». ¿E saben por que? Porque teñen mala conciencia porque votaron a favor desa lei e porque agora non son capaces de solidarizarse coas vítimas dos agresores que están saíndo ás rúas. Si.

E, mire, o meu portavoz tivo que ensinalles a declaración institucional da Manada, que foi aprobada neste Parlamento o 18 de maio de 2018, para visibilizar que vostedes menten. Pero ¿sabe por que menten? Porque vostedes están na posverdade absoluta. Vostedes son trumpistas. ¿E por que son trumpistas? Porque deforman a realidade... *(Risos.)* Non, ríanse, ríanse; non é unha risa, señorías, non é unha risa. Vostedes tómalo a risa porque xa non saben que facer. E hoxe a súa lideresa pasouse de freada intentando tapar a desvergoña de votar a favor desa lei e non sendo capaz de solidarizarse coas vítimas. *(Aplausos.)*

Ontes a min acusouseme de incendiar este Parlamento e de crear alarma social. E, miren, mentres eu onte falaba nesta tribuna, porque eu dixen que estaban saíndo á rúa os agresores, ¿saben o que acontecía? *(Murmurios.)* Si, claro, claro, eu dixen iso. Pero é que mentres eu falaba nesta tribuna, a Audiencia Provincial de Cantabria excarceraba un máis, señora Rodil, ¡un máis! *(A señora Prado del Río mostra un documento.)* ¡E eu son a que creo alarma social! ¡Eu son a irresponsable! ¿Por que? Porque vostedes queren calar este tema. Xa o dixo o Goberno de España: que os medios de comunicación non falen disto, que os partidos non falen disto, que é unha alarma social. Mire, o que creou alarma social foi a propia lei.

Vostede onte falaba dunha lameira. ¿E vostedes saben o que é a lameira? A lama está formada por area, terra, follas e auga, ¿vale? E aquí, ¿cal é a lameira? Pois, mire, a lameira é unha suposta lei que ía resolver o problema da sentenza da Manada. Todo comezou coa sentenza da Manada, porque nesa sentenza se puxo unha pena por acoso cando era unha agresión sexual. E a vostedes parecíalles pouco, e a todos nos parecía pouco, e como nos parecía pouco, puxémonos a lexislar, lexislamos. ¿E cal foi o froito desa lexislación? Pois que en vez de ter unhas penas maiores, temos unhas penas menores; en vez de ser o mínimo seis anos, o mínimo é catro anos, e para todos aqueles agresores aos que lles puxeron seis anos agora son catro. E si, señora Rodil, non bote as mans á cabeza. ¡Claro que hai que botar as mans á cabeza! *(Murmurios.)* porque, mire, señoría, en Galicia temos dous casos —de momento—. No caso de Cambre rebaixan dous anos por unha violación en Galicia. ¿E a vostedes non lles parece que isto é de alarma social? Claro que é unha alarma social.

Ontes unha deputada que agora non está diciame desde o escano —porque excarceraron o violador de Xinzo—: «só son dous meses». ¡Que llo diga á vítima! E non son dous meses, foi un ano, un ano de rebaixa da pena, o que pasa é que cumpría a pena no mes de febreiro, pero saíu no mes de novembro. ¿Por que? Porque vostedes aprobaron unha lei insolvente, unha chapuza legal. *(Aplausos.)* ¡Esa é a chapuza legal! *(Aplausos.)* É a chapuza legal sumada ás críticas aos xuíces dicindo —como dixo o Bloque Nacionalista Galego— que os xuíces eran



machistas... Iso díxoo o Bloque Nacionalista Galego... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Non? ¿Non o dixo o Bloque Nacionalista Galego? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* Non, non diga vostede que non. Si, si, díxoo Néstor Rego. Claro, a señora Presas di que si e di que é machismo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Ela o di! *(Murmurios.)* ¡É machismo! *(Murmurios.)* O problema é que os xuíces son machistas, esa é a lameira. A lameira é cometer un erro e, en vez de recoñecelo e ter a humildade de dicir «imos ver como resolvemos isto», non, fan a lameira. E fan a lameira dicindo que son os xuíces, os fiscais, o machismo, a falta de formación... Eu onte expliqueillo. Os xuíces que están agora rebaixando as condenas porque teñen que facelo por imperativo legal son os mesmos xuíces que condenaron estes agresores a penas máis altas por imperativo legal. *(Aplausos.)* ¡Xa está ben! *(Aplausos.)* ¡Xa está ben de botarlles a culpa a outros! *(Aplausos.)*

E, miren, dixo a señora Pontón hoxe que non valía todo en política. Non. E dixo que era unha indecencia falar deste tema e utilizar a dor das vítimas. Ela hoxe utilizou a dor das vítimas falando de 65 mortes dende o ano 2003. Pero, mire, dixo exactamente a señora Pontón: «O Partido Popular sempre está en contra de calquera avance dos dereitos das mulleres. Temos que impulsalo co seu voto en contra nas rúas e nos parlamentos». Señora Rodil, ¿vostede pode ratificar as palabras da señora Pontón e dicir que este grupo vota en contra dos avances dos dereitos das mulleres, cando as catro últimas leis aprobadas neste Parlamento foron por unanimidade de toda a Cámara, incluída a maioría absoluta que ten esta bancada? *(Aplausos.)* Recorde a Lei de 2016 para garantir que as vítimas de violencia de xénero tivesen unha partida orzamentaria permanente para facer fronte ás prestacións periódicas. Foi a proposta do BNG, pero foi grazas a este grupo parlamentario que saíu adiante. No ano 2021 aprobáronse dúas leis, a da violencia vicaria —da que vostedes tanto presumen e nós apoiamos—... Pero, mire, que apoiásemos a lei non quere dicir que a Xunta non estivese atendendo as vítimas, porque dende o ano 2015 a Xunta de Galicia estaba atendendo as vítimas de violencia vicaria sen ter ningún respaldo legal. E, mire, en España tivo que pasar o caso das nenas Ana e Olivia para que o metesen nunha disposición transitoria na Lei de infancia no mes de xuño, cando nós xa o estabamos debatendo nesta Cámara. Tiveron que metelo pola porta de atrás, e non modificar a Lei orgánica do 2004, que é o que tiña que ser.

Porque, ¿sabe o que pasa, señora Rodil? O que pasa é que o Goberno de España non está facendo o que ten que facer, non está lexislando o que ten comprometido no Pacto de Estado, e por iso todas esas leis non están saíndo adiante. Este grupo propuxo unha modificación da lei do 2007 para incluír a violencia dixital dentro das formas de violencia, e vostedes apoiárona, e houbo unanimidade e houbo consenso. ¿De onde sacan vostedes esa afirmación que fixo hoxe a súa lideresa con total desfachatez? ¡Iso si que é unha indecencia política! *(Aplausos.)* É unha indecencia política dicir que este grupo non apoia as leis e os avances dos dereitos das mulleres. *(Aplausos.)* ¡Ese é o tema! *(Aplausos.)*

Mire, non se é máis feminista —xa llo dixen moitas veces— polo feito de ser muller —o feminismo hai que practicalo—, nin por vir aquí desprestixiar un grupo, intentar calumniar e mentir no máis puro estilo do trumpismo para intentar arañar un puñado de votos. Porque se equivocaron, e en lugar de dicir «equivocámonos», non, estamos botándolles a culpa aos xuíces, que son machistas e que non están formados. Pois, miren, non. *(Murmurios.)*



E xa lle digo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, non, mire, eu traía unha intervención... *(Murmurios.)* Mire, eu traía unha intervención... *(Protestas.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. ¡Silencio, por favor!

A señora PRADO DEL RÍO: Eu traía outro tipo de intervención. *(Murmurios.)* Traía outro tipo de intervención, *(Murmurios.)* pero a verdade é que escoitar nesta Cámara esta mañá que o Partido Popular non defende os dereitos das mulleres, que non votamos a favor dos avances dos dereitos das mulleres, cando as catro últimas leis en materia de igualdade nesta Cámara —tres a proposta do BNG— saíron co voto favorable do Partido Popular... Si, si, eu non nego que foron tres a proposta do BNG; á diferenza do seu deputado no Congreso, que tamén se atribúe a da violencia dixital, e foi a proposta deste grupo.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: Eu non me poño medallas, que non teño; vostedes si, vostedes si que as poñen.

Miren, eu traio hoxe unha proposta que xa está escrita, que vostedes xa a teñen... *(Murmurios.)* Non, non; se non queren votala, non hai ningún problema... *(Murmurios.)* Eu pídolles altura de miras e que intenten cambiar ese discurso. Se queren rachar co consenso... Porque se nos acusou de estar coa extrema dereita; que eu saiba, en Galicia...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ...non hai nin un só concelleiro da extrema dereita. En Galicia non gobernamos con nin un só concelleiro da extrema dereita. *(Aplausos.)* Non, en Galicia non hai ningún, *(Aplausos.)* ¿Saben por que? Porque o Partido Popular foi quen de botar desta Cámara as Mareas de Podemos..., *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: ...e a extrema dereita non entrou. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: E vostedes, como bos herdeiros das Mareas de Podemos...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.

(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)

Terminou o seu tempo.

(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.) *(Aplausos.)*

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Díaz Varela.



A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Señora Prado, eu tamén tiña outra intervención, e tiven tempo, porque xa me imaxinaba o que pasaría aquí para emendarme ou autoemendarme un pouco.

Volven ao tema da lei. Eu entendo que o teñen no seu argumentario cansino e que tentan colocalo, ademais, no foco da axenda mediática. (*Murmurios.*) Pido un pouco de respecto, por favor... (*Murmurios.*)

Mire, a nós parécenos triste, moi triste, moi triste, que aproveiten o Día da Eliminación da Violencia contra as Mulleres para isto, porque esta lei, pese a quen lle pese, é unha lei moi necesaria. Sitúense detrás vostedes, se queren, desas revisións de condena para agochar que vostedes votaron en contra por puro puritanismo, porque non queren, dende logo, que as mulleres vivamos a nosa sexualidade como nos pete. Ese é o problema, que non queren que a vivamos así, porque non queren legislar o que consideran espazos privados. (*Murmurios.*) Non sexa cínica, señora Prado. Vostedes opuxéronse a esta lei non por isto do que está vostede falando aquí, opuxéronse a esta lei —non hai máis que ver a Ponencia— por moitas outras cuestións que están lexisladas; afortunadamente, pese a quen lle pese, e a vostede.

Mire, na nosa opinión, dende logo, é errar na estratexia, porque con estes discursos irresponsables, absolutamente irresponsables —e remítome ao de onte, que foi absolutamente irresponsable—, a nós o que nos brindan son lugares para lembrar que o Partido Popular, xunto —repito— coa extrema dereita, votou en contra dunha lei necesaria e imprescindible que ás mulleres nos fai moito máis libres e nos protexe de comportamentos violentos. Votaron en contra de que se entenda que un abuso sexual —o que antes se podía considerar un simple abuso sexual— é unha agresión sexual. A isto que estou dicindo é ao que vostedes votaron en contra. (*Aplausos.*)

Mire, o expresidente da Xunta, Feijóo, o candidato señor Feijóo, xa tivo onte tamén este debate no Senado —por certo, no que lle faltaban deputados e deputadas de Podemos nesa sesión do Senado—, (*Murmurios.*) e xa vimos como, unha vez máis, saía escaldado. (*Murmurios.*) O presidente do Goberno de España —a quen a vostedes lles gusta moito mentar aquí, e eu creo que é a primeira vez en todo o que levo de lexislatura que o vou mentar tamén—, Pedro Sánchez, tivo que lembrarllas onte que vostedes —si, eu si me atrevo a dicir o que vou dicir agora— non só son os responsables de introducir os negacionistas das violencias machistas nas institucións, senón que na súa historia —na dos conservadores, na dereita máis conservadora, teñen no seu currículo algo do que non poden botar demasiado peito— teñen un currículo intachable en políticas contra as mulleres: votaron en contra da Lei do dereito ao divorcio, votaron tamén en contra do dereito ao aborto, en contra da Lei estatal de igualdade entre homes e mulleres e agora tamén votaron en contra da nosa liberdade sexual. (*Aplausos.*) Si, non..., non, señora Prado, vostede é dun grupo parlamentario, pero pertence a un partido que é o Partido Popular. (*Aplausos.*) Si, si, o do señor Fraga, o do señor Aznar..., (*Aplausos.*) tamén o do señor Casado, ¡tamén o do señor Casado!, (*Murmurios.*) que o estamos facendo bendito.



Mire, vostede siga facendo demagogia e o ridículo tamén cun tema tan serio. E atrévanse —como xa o están facendo— a cargar contra moitas maxistradas e maxistrados que subscriben o que nestes días advertía a Fiscalía Xeral do Estado. Imaxino tamén que fará vostede o mesmo cando se pronuncie o Tribunal Supremo; calculo que tamén o fará.

Ben, nós ao noso, porque nós si que imos falar hoxe da iniciativa que vostedes presentan aquí. Nós, si. Nós aproveitamos o Parlamento galego para o que ten que ser, que é para falar hoxe desta iniciativa. Estamos ás portas da conmemoración do 25N, que é o Día da Violencia contra as Mulleres, e soemos dicir que esa loita non debera ser nun día, porque é só o 25N, e non podemos estar máis de acordo, certo. Pero convén lembrar, como xa dixemos tamén onte, que calquera loita pola igualdade ten referentes, e eses referentes son mulleres feministas que abandeiran e abandeiraron tamén esta nosa loita. A realidade —e tamén o dicía onte a señora Rodil— é que hoxe estamos aquí grazas a elas.

E por iso non está de máis —hoxe queremos facelo— lembrar a Patria, lembrar a Minerva e lembrar a María Teresa, as irmás Mirabal, que un 25 de novembro do ano 1960, na República Dominicana, eran asasinadas brutalmente, e os seus corpos aparecían absolutamente destrozados nun vehículo. Foron brutalmente asasinadas por defender a liberdade e por oporse á ditadura no seu país. Hoxe son tamén moitas as mulleres destrozadas en vida. No noso país tamén podemos solidarizarnos coas nosas irmás iranianas, e coas de todo o mundo, e para elas debemos seguir traballando en Galicia, porque realmente o que avancemos aquí tamén servirá de referente para todas elas.

Nós, dende logo, no PSdeG situamos como cuestión preferente na axenda feminista a loita contra as violencias machistas, que, ademais, lonxe de minguar, vemos día a día como segue a ser unha constante na nosa sociedade, produto dunha cultura patriarcal moi, moi arraigada.

Xa o dixemos moitas veces, a violencia machista é a manifestación máis cruel e inhumana da desigualdade; é un problema estrutural, non unha lacra; é un problema estrutural que temos que erradicar con todos os nosos medios, con todos os medios ao noso alcance.

Por iso nós asumimos a primeira parte da súa iniciativa, que lle pon deberes á Xunta de Galicia, pero nós tamén queremos poñerlle algún máis. Non imos repetir o debate de onte, penso que quedou clara a nosa postura. Nós compartimos esa extensión dos CIM, pero para iso, dende logo, deben incrementar os recursos. Eses CIM, centros de información á muller, continúan cunha subvención, a inicial, a que se plantexaba —xa o dixen onte—, 45.000 euros para os CIM individuais e 120.000 para os mancomunados. Cremos que é absolutamente insuficiente e pensamos que hai marxe, sen dúbida, de mellora.

Pero, iso si, de acordo co punto 3 da súa iniciativa, no que piden fomentar a extensión de novos CIM, nós cremos que hai que deixarse xa de eufemismos e —repito, seguindo o debate que tivemos onte— comprometernos de verdade. E se así fose, se vostedes están comprometidas en realidade coa igualdade, nós pensamos que deben aceptar a nosa emenda, que non é mais que dar voz aos concellos galegos representados na Fegamp, que á súa vez, ademais, funciona de altofalante da Asociación de Centros de Información á Muller, Asocim. Nós pedimos que esa extensión dos CIM se faga de acordo cunha estra-



texia para estender esta rede a todo o noso territorio, establecendo criterios de emprazamento e prestación de servizo con base en factores como a xeografía, a densidade poboacional e as características sociodemográficas, e ademais para iso, loxicamente, incrementar eses recursos.

Onte estaban dispostas a asumir isto que reclamamos abrindo un proceso de diálogo. Ademais, a conselleira anunciaba que o 12 de decembro vai haber unha reunión precisamente para isto. E tamén, por certo, falaban onte nesa emenda que facían á proposta, á moción do BNG, de incrementar recursos. Por iso nós entendemos que isto hoxe vai ser aceptado.

Xa en canto á segunda parte da súa iniciativa, nós concordamos en todo cando lle pon deberes ao Goberno do Estado. É preciso fomentar a coordinación no ámbito da igualdade e contra a violencia de xénero. O contrario, dende logo, lévanos ao fracaso. Pero penso que iso xa se está a facer, ás veces —certo— con acordos unánimes, ás veces respectando o voto das maiorías.

Tamén cremos que é necesario dar cumprimento na súa totalidade ao Pacto de Estado contra a violencia de xénero, unha ferramenta imprescindible. Saben —xa se dixo tamén onte aquí— que está en pleno proceso de renovación, e é esencial chegar a un acordo que, como na primeira ocasión, sexa referendado no Congreso e no Senado.

Hai que aproveitar tamén este proceso para impulsar as modificacións lexislativas pendentes. Nós non nos escondemos, señora Prado. Quedan iniciativas lexislativas pendentes —certo—. Hai que impulsalas, así como completar as accións aínda non desenvolvidas.

Tamén pensamos que é precisa unha avaliación concienciada e pormenorizada do destino de cada euro que chega do Pacto do Estado. Hoxe pola tarde falaremos coa conselleira disto, porque ben sabemos que esa avaliación non está a ser rigorosa, e moitas das veces eses recursos orzamentarios chegan ou ben a onde non deben ou mesmo se invisten onde non se debería. É responsabilidade de todas e todos unha fiscalización, pero, como digo, isto falareino esta tarde coa conselleira.

Tamén concordamos co último punto, sobre asegurar un sistema de financiamento estable, plurianual e cos fondos suficientes para garantir e afianzar todos eses recursos necesarios para a loita contra as violencias machistas. Pero, por ser coherentes, entendemos tamén que hai que poñerlle deberes á Xunta de Galicia. Do mesmo xeito que o Goberno do Estado debe garantir eses recursos estables, nós tamén pensamos que se debe asegurar nos nosos orzamentos, para quen governe, que haxa un financiamento estable, con fondos suficientes que garantan no tempo todos eses recursos, porque nun exercicio responsable, pensamos nós, dende logo, non é moi de recibo poñer deberes ao Goberno do Estado e a nós, non só xa non poñérollos, senón non cumprilos.

En definitiva, nós pensamos que o que demandamos hoxe aquí coa nosa emenda é máis que asumible. E se de verdade están comprometidas e comprometidos coa igualdade —non temos dúbida, cando menos no noso país, é certo, con este grupo parlamentario— e contra a violencia machista entendemos que así será. Pero, por favor, prérgolles, nestes segundos que me quedan,



que deixen de facer xa demagogia, utilizando a dor de probablemente moitas mulleres para non defender o que é algo moi necesario e que garante a nosa liberdade sexual.

Nada máis. Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Varela.

Imos saudar agora os alumnos de 5º e 6º de primaria do Centro Plurilingüe A Laxe, de Ferrol. Benvidos ao Parlamento, e tamén á profesora que os acompaña.

Continuamos co debate, e agora ten a palabra, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

Bo día.

Non se preocupe, señora Prado, non só nos imos reafirmar en todas e cada unha das palabras da nosa portavoz nacional, senón que, como teño dez minutos, vou engadir algunha cuestión máis. (*Aplausos.*) Para comezar, porque a propia proba de que vostedes son un absoluto freo ao avance, xa non das políticas de igualdade, senón ao avance en xeral deste país, foi a súa intervención, señora Prado. A súa propia intervención é a proba de que son vostedes un freo. (*Aplausos.*)

E mire, só hai unha cousa da súa intervención na que podemos estar de acordo, que é que, efectivamente, este país ten un gran marco legal e moitos instrumentos para loitar contra a violencia machista, efectivamente. Iso é así. É un éxito colectivo, pero un éxito colectivo da sociedade galega e, moi especialmente, do feminismo galego, que, presionando e traballando intensamente desde todos os ámbitos, fai que vostedes teñan que acabar dicindo que si cando sempre parten dun non. Esa é a historia do Partido Popular en Madrid e en Galiza, señora Prado.

Eu vólvolle recordar: estiveron en contra da Lei do divorcio, da Lei do matrimonio homosexual, das primeiras leis de igualdade no ámbito do Estado, estiveron en contra da Lei do «si é si» e están sempre en contra, dicindo que non ou criminalizando, como fixeron co 8 de marzo... Si, si, si. Cos grandes movementos de masas do 8 de marzo empezaron vostedes criminalizando, ata que tiveron que facer o que fixeron co caso da Manada, subir ao carro, porque era insostible que mantivesen o non. Iso foi o que fixeron, señora Prado. (*Aplausos.*) Iso foi o que fixeron. Sempre parten do non: «non» cando se propón aquí ampliar as axudas periódicas de vítimas de violencia machista a todo o ano, «non» cando se propón aumentar as contías, «non» cando se propón impulsar cláusulas de igualdade, «non» cando se propoñen avances para a sociedade... Primeiro empezan dicindo que non, ata que non son capaces de soste-lo ese non; entón, a sociedade pásalles por riba e vostedes rectifican, e só acertan cando rectifican, señora Prado. (*Aplausos.*) Pero cando nos están matando, permítannos que ás veces, efectivamente, teñamos que elevar o ton, porque se nos esgota a paciencia e porque non poden calar esas demandas, señora Paula Prado.



E vostedes xa inventaron a extrema dereita antes de que existise na política española así con ese nome. Eu recórdolle que unha das primeiras decisións que tomou o seu amado líder Feijóo cando entrou no Goberno foi recortar as axudas periódicas ás vítimas de violencia machista. (*Aplausos.*) Si, xa tiñan vostedes Vox no ADN antes do nacemento de Vox.

E mire, é que, de verdade, son vostedes dun cínico, ¡dun cínico!, que é para estudar. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, cínicos e cínicas, sen o máis mínimo escrúpulo. Porque, claro, aquí temos que vir desde esta bancada aturar que nos chamen terroristas día si, día non, mañá e noite... (*Murmurios.*) E despois nós dicimos aquí que, obxectivamente, o Partido Popular goberna coa extrema dereita e, non sei..., Mañueco debe ser militante de Eusko Alkartasuna ou de, non se sabe, *de la UPG; debe ser de la UPG Mañueco, si.* (*Aplausos.*) Miren, é que hai que ter un pouco máis de valentía, señora Prado, e un pouco máis tamén de saber encaixar o que fan vostedes mesmos.

E mire, vostede, que é precisamente no debate político *Miss Lameira*, (*Murmurios.*) veu hoxe intentar continuar o espectáculo de onte. Aquí estamos, neste Parlamento, en política, para buscar solucións. E nós reafirmámonos, señora Prado, en que volveríamos votar, por suposto que si, esa lei. E nós dicimos: se hai carencias na aplicación, se hai erros na aplicación, busquemos solucións. Busquemos solucións, non o que está facendo o Partido Popular, que é carroñerismo e é intentar aproveitar ese grave problema para sacar rédito político. Iso é o que están vostedes facendo en lugar de buscar solucións e é o que fixeron na tramitación desa lei.

Porque mire, agora veñen vostedes *a posteriori* dar grandes sentenzas. ¿Pero que fixeron vostedes na tramitación desa lei? Achegar cero medidas para transformar o Código penal, porque viñeron aquí lavar a cara con declaracións institucionais, dicindo que comprendían o desgusto social —¡que menos!, ¡só faltaba que non respectasen o desgusto social con esa sentenza!—, pero despois non fixeron nada, nada, para cambiar o marco legal. E, efectivamente, hai machismo na xudicatura, claro que hai machismo na xudicatura, (*Aplausos.*) igual que en todos os ámbitos da sociedade. E por iso neste Parlamento tamén traemos recorrentemente propostas para que os xuíces teñan máis formación obrigatoria ou para facer mellores protocolos para a atención da violencia sexual. Nós fixemos propostas nese sentido. Vostedes o que fixeron foi absolutamente nada, porque o que intentan é autoxustificar a súa falta de actuación. (*Aplausos.*) E a hemeroteca está aí tamén para ver as primeiras reaccións que houbo daquela.

En todo caso, señora Prado, eu tampouco lle quero permitir que deixemos de falar do importante hoxe. Simplemente remato cunha cuestión e dou por pechado este tema.

Mire, teñan un pouco de valentía. Porque agora, claro, rumoréase que queren volver facer unha declaración institucional sobre esta cuestión para o vindeiro pleno. Pois, mire, teñan valentía e, se queren que debatamos especificamente sobre esta lei, traian esa moción que levan ao Congreso sobre a Lei do «si é si». Traian unha iniciativa aquí sobre esa lei. Teñan un pouco de valentía e digan cal é a alternativa do Partido Popular para resolver os problemas que está habendo. (*Aplausos.*) E aí debateremos e falaremos de que facer para resolver os seus problemas e para resolver os problemas da atención ás vítimas de violencia machista. Ese é



o camiño. Aí poderán tecer consensos connosco; non, desde logo, nesa estratexia de celebrar cada violador que sae absolto, que é case o que están facendo vostedes. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)* Si, si. ¡Vergonza si, vergonza si, vergonza...! *(Murmurios.)*

E miren, como vostedes non queren falar dos centros de información á muller... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Silencio, por favor! ¡Silencio!

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Mesmo de lado nos acusan a nós de non ter vergonza. ¡O que hai que oír nesta tribuna!, ¡o que hai que oír! *(Aplausos.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Mire, eu quería falar —se me deixan tamén— dos centros de información á muller. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! ¡Silencio, por favor! Están no debate. Están no debate elas. Silencio. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Silencio! É un debate. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, é un debate. Despois a señora Prado terá o seu turno. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Silencio!

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Eu espero que me recupere o tempo que estou perdendo coa sobreactuación do Partido Popular. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Non se preocupe polo tempo. Continúe, señora Presas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Silencio, señor Vega, por favor. ¡Silencio, por favor!

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Indo á cuestión dos centros de información á muller, se eu tomase este debate tan pouco en serio como fai o Partido Popular, diría o que dixo a voceira de Igualdade onte nesta tribuna, que é que parecía que chegaba o 25 de novembro e o BNG se acordaba dos centros de información á muller. Pero, como nós tomamos este debate en serio, o que vou facer é explicar as emendas que presentou o Bloque Nacionalista Galego para mellorar unha iniciativa do Partido Popular, coa que, coa proposta de resolución en termos abstractos, podemos estar de acordo, porque, basicamente, é unha declaración de intencións e de boas vontades. Claro, en abstracto, estamos moi de acordo con colaborar coas entidades locais, con que se amplíen os CIM e con pedirlle ao Estado que cumpra co Pacto de Estado. Estamos de acordo con iso, témolo votado mil e unha veces. Pero o que pretende o Partido Popular con esta iniciativa —que despois xa foi derivada a outra cuestión— é simplemente lavar de forma cerimonial o seu cargo de conciencia por votar en contra doutras propostas.

O luns comezamos votando en contra de destinar 15 millóns de euros máis aos centros de información á muller. Onte votaron en contra dunha moción do BNG para reforzar os CIM, para cumprir as demandas que dende o ano 2019 fai a Fegamp e incrementar a contía orzamentaria para facer a principal demanda que teñen as traballadoras dos CIM,



que é consolidar os postos de traballo, a xornada completa e blindar así os cadros de persoal. Onte votaron en contra diso e agora queren que votemos a favor dunha iniciativa que di que hai que reforzar os CIM. Entón, nós estamos de acordo con reforzar os CIM, e o que facemos é emendar pedindo que se cumpran esas demandas, señores do Partido Popular. Porque no día de hoxe hai dúas cuestións nas que todas deberíamos estar de acordo: a violencia machista segue estando aí; vai en aumento, ademais, a necesidade que teñen estes centros —e vou poñer un exemplo—, e, por outra banda, temos capacidade de actuar. Temos capacidade de actuar porque hai recursos económicos; simplemente se trata de orientalos ás prioridades, e nós entendemos que os CIM teñen que ser unha prioridade. E hai tamén unha folla de ruta do que hai que facer, que é ese informe ao que eu me refería.

E, mire, onte a miña compañeira Olalla Rodil puña o exemplo de Vigo, o exemplo dunha cidade. Eu voulle poñer outro exemplo: Mancomunidade de Verín, concellos de Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Verín e Vilardevós. Datos da Garda Civil a comezo deste mes de novembro: 38 casos de medidas en vigor, 45 vítimas activas, 67 denuncias entre VioXén e quebrantamentos. Este CIM atende unha media de 300 persoas ao ano e fai o seguimento dunha media de 75 vítimas anuais; un seguimento no que se estima que se emprega unha media de cinco anos. Polo tanto, a conclusión é clara: se acabamos de debater nesta Cámara tamén a semana pasada o informe da Fiscalía e sabemos que hai máis de seis mil denuncias neste último ano, é evidente que as necesidades aumentan. ¿E que ten este CIM, que atende tantos concellos e tanta proporción de territorio ao seu servizo? Pois ten dúas traballadoras a servizo completo, a xornada completa, e ten tres de forma temporal, por horas. Están absolutamente saturadas, e o que necesitan é máis financiamento estrutural por parte da Xunta, que é competencia directa.

Disto é do que hai que falar e isto é o que non poden tapar. Por iso pedimos máis recursos para os CIM e tamén, efectivamente, ese 1 % de orzamento para a Xunta, porque, claro, debe mentir a señora Lorenzana, que onte recoñeceu aquí, nesta tribuna, que son 20,5 millóns de euros o que vai no programa específico dos orzamentos da Xunta para violencia machista. *(Aplausos.)* E 20,5 millóns non é o 1 % dun orzamento de máis de 12.000 millóns de euros, que é o que pedimos nós especificamente para a violencia machista, fronte ao recorte ou conxelación que practica nos seus programas: a Xunta, no 2023, 180.000 euros menos. Estas son as cifras; poden disfrazalas como queiran. Nós aquí o que pedimos é deberes para a Xunta, deberes tamén para o Estado, que haxa un compromiso co financiamento e que non aconteza nesta crise como xa advertía Simone de Beauvoir e como estamos vendo que está a pasar outra vez: que bastará unha crise económica, política ou relixiosa para retroceder nos dereitos das mulleres.

Nós xa vimos o que facía a dereita no ano 2008, desde logo, nesta crise de prezos; e neste momento no que, ademais, grazas tamén á actuación do Partido Popular, a extrema dereita avanza, non imos permitir que se dea un paso atrás.

Polo tanto, cando vostedes rectifiquen e estean nas posicións que buscan solucións aos problemas e que buscan non dar pasos atrás senón adiante, terannos a nós; cando non, terannos en fronte, con toda a contundencia que faga falta e dicindo todo con todas as letras, señores do Partido Popular.



Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, presidente.

Todo isto para tapar que votaron a favor dunha chapuza lexislativa que está poñendo na rúa violadores e agresores sexuais. Todo isto para iso.

Menten e calumnian constantemente. Mire, orgullosa de formar parte do Partido Popular de Fraga, de Aznar, de Feijóo...; do Partido Popular de Fraga, que no ano 1991 creou o Servizo Galego de Igualdade. Si, xa daquela nós criamos na igualdade; non viñeron vostedes inventar o feminismo e a igualdade, señora Presas. ¿E sabe de cando son os centros de información á muller, para os que vostede hoxe vén aquí pedir? Pois tamén do Goberno de Fraga, do ano 1995; ¡de 1995, os primeiros CIM en Galicia! (*Aplausos.*) Cando vostedes gobernaron, quixeron pechalos e montar aquela rede de oficinas de I+D para colocar os seus amigos. Non o digo eu, dío o seu sindicato, a CIG. Di que intentaron colocar a todos os responsables do BNG no Consorcio Galego de Igualdade. Iso dío a CIG. Non é que vostedes teñan un sindicato, xa llo dixen máis veces; o sindicato ten un partido. Pois o sindicato que os ten a vostedes xa o dixo. Si, si xa o dixo. (*Murmurios.*) Maioritario, si, pero, bueno, por desgraza, nalgúns casos, si e noutros, non.

Miren, seguen mentindo cando falan de recortes. Vostede di que non chegamos a un 1 % en atención á violencia de xénero porque vostedes non cren na igualdade nin cren na conciliación, porque, miren, a loita contra a violencia de xénero non é so darlles os recursos e as prestacións ás vítimas. A loita contra a violencia de xénero parte da prevención, a loita contra a violencia de xénero parte de pagarlles as escolas infantís e que sexan gratuítas ás mulleres, para que poidan ir traballar e non teñan que depender economicamente do seu maltratador. (*Aplausos.*) Para vostedes iso non é loitar contra a violencia de xénero; para nós si, señorías. ¡Para nós, si!

Señora Presas, e unha nova mostra máis do seu machismo —que eu lle digo sempre que non se é feminista só polo feito de ser muller— é vir aquí criticar as palabras dunha deputada chamándome «miss». A min non me preocupa que vostede me chame «miss»; agora, retráaa a vostede. ¡Moi feminista o comentario! ¡Si, señora, moi feminista! (*Aplausos.*)

Mire, señora Díaz, subiu vostede tres veces a esta tribuna neste pleno e nin unha soa vez —tivo tres oportunidades— se solidarizou coas vítimas, que están vendo como os seus agresores sexuais están saíndo á rúa. Tamén o Bloque Nacionalista Galego. Pero, ¿para que aproveitou a tribuna? Para arremeter contra os xuíces e dicir que son machistas. Claro, e as mulleres tamén son machistas, porque ¿sabe que pasa? Que maioritariamente os xuíces son mulleres e maioritariamente a carreira fiscal está formada por mulleres. (*Murmurios.*) ¿Que son?, ¿mulleres machistas todas? Miren, si claro, son todos machistas: mulleres homes..., menos os do Bloque Nacionalista Galego, que son feministas, porque teñen unha lideresa muller e porque as que son mulleres son feministas, a pesar de que fagan comentarios machistas; o resto somos todos machistas. (*Aplausos.*)



E, claro, xa o colmo é dicir que nós estamos tendo esta intervención porque celebramos que saian violadores á rúa. ¡Iso xa é a guinda do pastel, señorías! Iso celebrarano vostedes porque non son capaces de dicir que foi unha chapuza lexislativa. E, polo tanto, son vostedes os que están celebrando iso. Nós, non, e por iso estamos enfadados, ¡claro que estamos enfadados! Pero mire, vostede di: ¿cal é a alternativa? Mire, a alternativa deulla a nosa compañeira Marta González no Congreso do Deputados, que dixo: «*Está el tema de la eliminación de la distinción entre abusos e agresiones sexuales. De nuevo el Ministerio se ha escudado en la redacción del convenio de Estambul para explicar el porqué de esta modificación. Pero una vez más tenemos que recordar que realmente, en la práctica, lo que va a suponer eso es una rebaja de la pena a los delitos más graves.*». Esa é a alternativa, iso foi o que dixo o noso grupo en Madrid. Menten e calumnian. ¡Menten e calumnian! (Aplausos.)

E di vostede que o presidente Feijóo veu rebaixar as partidas —ríase que é moi gracioso— das prestacións das vítimas. (A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.) Mire, eu entrei nesta Cámara no ano 2009, pero levaba moitos anos traballando en centros de información á muller e atendendo moitas vítimas de violencia de xénero; eu non sei se vostede atendeu algunha vez algunha. E o drama desas vítimas era que o seu goberno, cando gobernaba o Bipartito, tiña as expectativas do denominado «salario da liberdade». ¿E sabe canto tempo tardaban en cobralo? Once, doce, trece ou catorce meses, ¿sabe, señora Presas? Esa era o seu compromiso coas vítimas de violencia de xénero, que denunciaban o seu maltratador, non tiñan un traballo —porque vostedes tampouco tiñan políticas de emprego para as vítimas de violencia de xénero— e dábanlles o salario da liberdade, pero tardaban trece, catorce, quince ou dezaseis meses, ¡ata dezaioito meses algunha vítima señorías!, ¡ata dezaioito meses! Isto vivino eu atendendo vítimas de violencia de xénero nos centros de información á muller do ámbito rural, que tiñan que denunciar o seu maltratador e volver para a casa.

Porque, ¿sabe cal foi a revolución na materia de violencia de xénero? Unha lei do presidente Aznar, cando puxo en vigor a orde de protección, que conseguiu que os maltratadores saísen da casa e que a muller puidese denunciar e puidese quedar na súa casa; conseguiu que fose o seu maltratador o que marchase e non que fose ela a unha casa de acollida. (Aplausos.) ¡Esa foi a verdadeira revolución da violencia de xénero!

O señor PRESIDENTE: ¿Sobre as emendas?

A señora PRADO DEL RÍO: Vostedes non nos teñen que dar leccións de feminismo, nin vostedes descubriron o feminismo...

O señor PRESIDENTE: ¿Sobre as emendas?...

A señora PRADO DEL RÍO: Si, señor presidente.

Onte a conselleira dixo que o día 12 vai ter unha reunión coa Fegamp para falar deste tema. Creo que debemos deixar que se efectúe esa reunión coa Fegamp. Si, creo que teñen que ser dialogadas, porque hai un informe da Fegamp que foi feito de costas á Consellería. Non se lle informou, non se lle pasou absolutamente ningunha información, como dixo onte aquí a conselleira, e a conselleira onte mesmo comprometeuse aquí a que o día 12 vai ter esa reunión. Creo que non podemos adiantarnos nós, dende o Parlamento, ao resultado desa reunión.



Polo tanto, non podemos aceptar esas emendas.

Grazas. *(Aplausos prolongados.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Procedemos á votación das proposicións non de lei.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de D. Adrián Pardo.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Adrián Pardo López, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para manter viva a memoria das vítimas do terrorismo de ETA.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada por unanimidade esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Pérez López.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Pérez López e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para articular un plan de axudas ás pequenas e medianas industrias e ás persoas autónomas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 39; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Rosana Pérez Fernández.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Rosana Pérez Fernández e sete deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ante a Unión Europea e o Goberno do Estado en relación coa posta en marcha de medidas que compensen as consecuencias socioeconómicas derivadas da prohibición da pesca de artes de fondo en 87 caladoiros do Atlántico nororiental.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.



O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada por unanimidade esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, a iniciativa de D^a Marina Ortega.

Aceptase a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Marina Ortega Otero e D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para elaborar un plan contra a pobreza.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de D^a Paloma Castro.

Eu entendín —a ver se o entendín ben— que acepta como engádegas os puntos 2 e 3. (Asentimento.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Paloma Castro Rey e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta e Galicia para implementar medidas económicas que incentiven os concellos á redución do lixo.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE: Por último, votamos a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de D^a Paula Prado.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Paula Prado del Río e catorce deputados/as máis, sobre o apoio do Parlamento de Galicia á conmemoración do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller e as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ou solicitar do Goberno de España nesta materia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.



En consecuencia, queda aprobada por unanimidade esta proposición non de lei.

Declaración institucional

O señor PRESIDENTE: Vou dar lectura a una declaración institucional sobre a declaración de recoñecemento ao agrarismo galego, que me fan chegar os grupos tras o acordo ao que achegaron, e que di así:

«Desde finais do século XIX e ata entrado o XX, a sociedade galega mergullouse nunha loita para reivindicar os dereitos da terra que traballaba. Este movemento, coñecido coa denominación de «agrarismo», foi decisivo para os labregos e labregas da nosa comunidade e rematou coa redención dos foros vixentes dende a Idade Media.

Ata este momento sucesos como o ocorrido hai cen anos en Sobredo, parroquia de Guillarei, no concello de Tui, nos que perderon a vida, polos disparos da Garda Civil, Cándida Rodríguez, Joaquín Besada e Venancio González, lémbrennos a importancia deste movemento no avance de Galicia.

A crueza da realidade diaria da poboación agraria, que representaba máis de tres cuartos do total da demografía galega, unido á profunda crise que vivía España, propiciaron a aparición dun pensamento crítico que reclamaba unha transformación integral do sistema vixente. En Galicia, este descontento xeral cristalizou nun movemento histórico, sen precedentes. Os labregos e as labregas comezaron a agruparse, pouco a pouco, unidos polas ansias de mellora nas condicións de vida e a eliminación das desigualdades existentes.

As sociedades labregas dinamizaron o rural e loitaron por reformular as regras da propiedade da terra e garantir dereitos básicos como a educación ou a sanidade. Tamén reclamaron melloras nos modos de traballo e a introdución de tecnoloxías que facilitasen as tarefas diarias. Os fitos desta loita tiveron repercusións dentro e fóra dos límites de Galicia ata a esperada aprobación, en 1926, do Real decreto lei de redención dos foros.

O Parlamento de Galicia recoñece o espírito solidario de todos os que loitaron a favor dos dereitos dos seus semellantes, coa vista posta na mellora da sociedade galega, e lembra as vítimas da represión contra este movemento, producidas en Campo da Porta —Salcedo, Pontevedra—, Oseira —en Cea—, Nebra —Porto do Son—, Terra de Trasancos e Sofán —en Carballo— ou Sobredo —en Tui—, e tantos outros lugares do territorio galego.»
Esta é a declaración. E moitas grazas. *(Aplausos.) (Apróbase por asentimento.)*

(Aplausos.)

E continuamos coa orde do día, que é o punto 5 xa, interpelacións.

Interpelación de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a formación da poboación en competencias clave

O señor PRESIDENTE: Para formular esta interpelación ten a palabra a señora Rodríguez Dacosta.



A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Bos días a todos e a todas.

Conselleira.

Hoxe dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos necesario formular esta interpelación porque na nosa comunidade unha de cada catro persoas paradas non pode acceder á formación para o emprego. Porque actualmente, segundo datos EPA, hai 461.116 persoas, o 27,9 % das persoas entre 16 e 64 anos, que carecen de formación equivalente á segunda etapa da educación secundaria. Entre elas —entre esas máis de catrocentas mil persoas— hai 40.818 persoas en situación de desemprego e 36.700 persoas precarias, persoas que non poden acceder —como dicía— á formación para o emprego.

O feito de que algo máis de unha de cada catro persoas non poida acreditar formalmente o dominio das competencias clave parece un certo incumprimento dunha Recomendación europea efectuada hai case dezaseis anos. E por iso, formulámoslle unha serie de preguntas, como ¿que valoración fai o Goberno galego de que, pese ás interpelacións —múltiples interpelacións—, mocións, plans de diferentes tipos e leis nos que aparece a necesidade de facer un plan de formación en competencias clave, aínda haxa hoxe, na actualidade, case oitenta mil persoas entre paradas e precarias sen competencias clave?, ¿como valora a Consellería que se fora deixando sen gastar crédito vixente en políticas de emprego ano tras ano ata 1.775 millóns, que ano tras ano se tiveran que diminuír as partidas que viñan do SEPE no que quedaba sen gastar, que con eses fondos se puidera formar a todas esas persoas carentes do graduado en ESO e os diversos gobernos do Partido Popular non o fixeron? Se pensa vostede tomar medidas concretas respecto desta cuestión, e ¿como vai estruturar este plan de formación tan necesario?

Mire, o 27 de novembro do ano 2013 aprobaron vostedes —o Partido Popular— a Lei de inclusión social de Galicia. No apartado 2 do seu artigo 56 establece: «Convenio de inclusión sociolaboral con compromiso de actividade». Di textualmente: «Os contidos deste convenio estarán referidos a actuacións que, formuladas de maneira progresiva, teñan como meta a integración laboral, tales como o asesoramento e a orientación laboral; a formación profesional, tanto inicial como ocupacional, incluíndo...» —e isto é importante, o que nos ocupa hoxe, vamos— «...a obtención de competencias clave». Tampouco as persoas perceptoras da risga recibiron formación nestas competencias, aínda que estivera incluída no seu itinerario personalizado de inserción e asinada tanto por ela como polo orientador ou orientadora.

Segundo o *Boletín Oficial do Parlamento* do 15 de abril de 2016, entre as proposicións non de lei aprobadas en pleno e presentadas polo propio Grupo Parlamentario Popular, figura unha sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun programa de inserción laboral para mulleres vítimas de violencia de xénero. E dicía concretamente: «O Parlamento insta a Xunta de Galicia a elaborar un programa de inserción laboral para mulleres vítimas de violencia de xénero que conte coas seguintes actuacións: un itinerario de inserción:...» —loxicamente— «...que contemple un plan de acción personalizado para a busca de emprego, no que se inclúa orientación, asesoramento, acompañamento, seguimento e avaliación». Pero había un



segundo punto tamén: «Formación para o emprego: accións formativas que teñan como finalidade adquirir competencias clave». Tampouco as mulleres vítimas de violencia machista, en cuxo itinerario de inserción figuraba a súa participación en accións de formación en competencias clave, foron convocadas para acceder á dita formación.

Seguimos. Segundo o *Boletín Oficial do Parlamento* do 12 de maio do ano 2016, entre as resolucións presentadas polo Grupo Parlamentario Socialista figura como número 4 «Loitar contra a cronificación do desemprego e a perda das persoas máis cualificadas», que inclúe o noso apartado 1, Formación en competencias clave necesarias para o tecido produtivo galego no tempo de desemprego. Este último apartado figura entre as resolucións aprobadas polo Pleno do Parlamento de Galicia na sesión do día 10 de maio de 2016, relativas ao Plan estratéxico de Galicia 2015-2020; que figura como Resolución número 38 e que foi aprobada por unanimidade.

Neste plan, no Plan estratéxico de Galicia —que dicía— 2015-2020, figura como obxectivo mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas, mediante a adquisición dunha acreditación oficial de formación profesional, co obxecto de aumentar a cualificación profesional dos traballadores e traballadoras e aumentar as súas posibilidades de acceso ao mercado laboral. Entre as súas principais liñas de actuación encóntrase a formación en competencias clave necesarias para o tecido produtivo galego no tempo de desemprego. A incidencia real no conxunto das persoas paradas carentes do graduado en ESO foi insignificante.

Segundo o *Boletín Oficial do Parlamento* do 9 de novembro do 2016, por parte do Grupo Parlamentario Popular preséntase unha proposición non de lei polo trámite de urxencia que di que «insta a Xunta a que, no eido das políticas activas de emprego, impulse en maior medida a formación e acreditación en competencias clave entre os traballadores e as traballadoras pouco cualificadas, de xeito que consigan acceder aos certificados de Nivel 2 e 3». Polo que sabemos, tamén o Goberno do Partido Popular fixo oídos xordos a unha proposición non de lei do seu propio partido.

Entre o período 2013-2016 e o 2017-2020, os traballadores precarios sen graduado en ESO pasan de ser o 30 % ao 24 %. En 2016, as persoas con 33 anos ou menos xa cursaban a ESO, mentres que no 2020 foron os menores de 37. Cos fondos non gastados destinados á mellora da cualificación no emprego, preto dunhas vinte mil persoas paradas poderían ter accedido ás competencias clave.

Segundo o *Diario de Sesións do Parlamento de Galicia*, o 12 de maio do ano pasado, do ano 2021, o Grupo Parlamentario Socialista presentaba unha interpelación que eu remataba dicíndolle a vostede: «Señora conselleira, hai 1.540 razóns para que as persoas paradas se sintan insultadas polos diferentes gobernos do Partido Popular, unha por cada millón de euros que deixaron sen gastar en políticas de emprego os seus diferentes gobernos». Por iso, interpelámola para que se comprometa neste Parlamento a pór en marcha un plan mixto de adquisición de experiencia en formación e en competencias clave para 10.000 persoas paradas non perceptoras de prestacións.»

Na moción presentada o 14 de maio para substanciar a interpelación anterior dise como punto 7: «Impulsar un plan de formación en competencias clave para que en catro anos



poidan adquirir estas competencias o 80 % das persoas que carezan delas». E un punto 8: «Poñer en marcha un plan mixto de adquisición de experiencia e formación en competencias clave para, polo menos, dez mil persoas paradas non perceptoras de prestación». O Partido Popular votou en contra.

Como sabe, en decembro do 2006 publicábase a Recomendación do Parlamento europeo e da Comisión sobre competencias clave para a aprendizaxe permanente. E destaca esta recomendación: Desenvolver a oferta destas competencias para todos no contexto das súas estratexias de aprendizaxe permanente e utilizar as competencias para a aprendizaxe permanente para garantir que os adultos poidan desenvolver e actualizar esas competencias ao longo das súas vidas. E aténdese, en particular, a aqueles grupos que se consideren prioritarios no contexto nacional, rexional ou local como é o caso das persoas que necesitan actualizar as súas competencias. Que se establezan as infraestruturas para a educación e a formación continua dos alumnos, que a coherencia da oferta de educación e formación para adultos, destinada a cidadáns particulares, se logre estreitando os vínculos coa política de emprego, a política social, loxicamente, a política cultural, etc.

Pero, a pesar destas recomendacións, a estratexia de desenvolvemento e actualización destas competencias nos adultos entre 16 e 64 anos non deu os resultados necesarios. No artigo 5 dos módulos formativos do certificado de profesionalidade do Real decreto —que coñece— 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade, dise na súa redacción inicial, no seu apartado 5: «Os parámetros e criterios do contexto formativo para impartir o módulo estarán constituídos polos criterios de acceso dos alumnos, que asegurarán que estes contan con competencias clave suficientes para cursar con aproveitamento a formación. Aos alumnos que accedan ás accións de formación dos certificados de profesionalidade de Nivel 1 de cualificación non se lles exixirán requisitos académicos nin profesionais». Obviamente, a un peón da construción non se lle exige, pero ese non é o problema que temos en Galicia de falta de cualificación dos traballadores e traballadoras.

Ben, en Galicia establecéronse sistemas de acreditación de competencias clave mediante exames de coñecementos —iso é certo— pero non se fixo ningún plan de formación que pretendara cubrir a recomendación do Parlamento Europeo e da Comisión. O feito de que máis de unha de cada catro persoas non poida acceder á formación formalmente parece un incumprimento dunha recomendación moi importante. Obviamente, hai unha diminución das persoas que non poden acceder á formación certificable de Nivel 2 ou superior porque esta diminución se produce na medida en que saen por cumprir a idade de xubilación persoas con graduado escolar e se incorporan persoas de 16 anos con ESO. Pero dentro de algo máis de vinte anos xa non haberá persoas que foran escolarizadas na EXB, soamente as persoas con fracaso escolar que non acabaran o graduado en ESO terán a necesidade de acreditación por competencias clave. Pero, para facernos unha idea, en 2008 había 452.000 persoas entre 16 e 64 anos con graduado escolar, e nos dous primeiros trimestres de 2002, 349.000.

E esperamos que responda a esta cuestión porque, señora conselleira, faltan traballadores para executar o investimento industrial proxectado en Galicia entre o 2023 e o 2027. Fala este artigo de que a situación en Galicia...



A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ...—xa termino— é moito peor que noutras comunidades.

Que estas 40.000 persoas estean formadas en competencias clave, que poidan acceder á formación implicaría que puideran acceder a estes postos de traballo aos que agora non poden acceder. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas.

Para contestar a esta interpelación ten a palabra a conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, a señora Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidenta.

Bos días, señores e señoras deputados.

E grazas, señora Rodríguez.

Ben, vou intentar repartir a contestación. Nunha primeira banda, no que estamos facendo en relación a competencias clave, coincido con vostede na transcendencia que teñen as competencias clave pero a situación actual e a estratexia que temos xa plantexada no 2023 non se corresponde coa situación que acaba de plantexar. E tamén aclarar de novo a execución dos fondos de emprego, que nunca coincidimos vostede e mais eu. E realmente queredo saber de onde sae esa cifra dos 1.700 millóns dos que fala pero, ben.

Vamos ver, o orzamento de Emprego da Xunta de Galicia é de 432 millóns para este ano —un 13 % máis— e dese orzamento, case a metade —o 47 %— está destinado á formación para o emprego e a orientación laboral. Deses 202 millóns, 104 son os que se corresponden co Plan de formación para o emprego. É dicir, subimos un 26,8 % directamente o Plan galego de formación para o emprego.

¿Como se articulan as competencias clave? Non soamente con eses exames libres dos que vostede falaba, senón que dentro do Plan de formación para o emprego —que sabe vostede que inclúe a formación para ocupados e o que se coñece como AFD: a formación para desocupados—, dentro das subvencións de formación para desocupados —que no vindeiro ano serán 65 millóns de euros, 50 que anunciei na Comisión cando presente os orzamentos e 15 máis que se van engadir— hai unha parte destinada precisamente á impartición de cursos e, por suposto o exame, para competencias clave. É dicir, que non soamente hai eses exames por libre, senón que se están dando cursos dentro da formación para desempregados.

E, en concreto, dentro deses cursos de formación para desempregados en competencias clave, o importe que imos destinar no orzamento do ano 2023 sube un 45 % respecto do ano 2022. Chegamos a practicamente cinco millóns de euros, son 4.944.442 euros.



Ademais, o que xa vostede dicía na súa formulación da interpelación, tamén se pode participar, efectivamente, en probas libres.

Vou dar algúns datos porque creo que tamén é importante coñecelos. Dende o ano 2009 presentáronse 130.000 persoas para o nivel 2. Saben que hai dous niveis, un para acceder aos certificados de profesionalidade de nivel 2 e outro para acceder aos de nivel 3. Estou falando dos catro exames que existen en competencias clave, que son matemáticas, lingua galega, castelán e inglés. Como digo, para o nivel 2 presentáronse 130.000 persoas e para o nivel 3 presentáronse 34.000 persoas. Superaron as probas o 72 % no primeiro suposto, para o nivel 2, e o 62 % para o nivel 3.

Estou dando os datos dende o ano 2019, tendo en conta que sabe que o ano da pandemia quedaron suspendidas, por razóns obvias, as probas.

Tendo en conta estes datos e o que dicía ao comezo, temos claro que hai moitas máis persoas que poderían participar nestas probas de competencias clave e que é básico, por suposto, e tendo en conta os datos de persoas que non están cualificadas para acceder ao mercado laboral, que temos que aumentar esa participación. Vaia por diante que a participación nas probas é libre e ademais non ten prazas limitadas ata o de agora; e dicir, que calquera pode anotarse en calquera momento.

Pero, volvo dicir, tendo en conta que hai moitas máis persoas que se poderían presentar e que temos capacidade para examinar máis persoas, a estratexia que está xa en marcha e que está nos orzamentos do ano 2023 engloba:

Por unha banda, campus virtual. Saben que puxemos en marcha case ao comezo desta lexislatura ese campus virtual en materia de formación. O que temos feito é adquirir recursos formativos para as competencias clave de nivel 2 e 3; é dicir, que, a partir de xa, van estar dispoñibles para calquera que queira facer de xeito gratuíto e libre a súa formación a través do campus, en calquera dos dous niveis, o nivel 2 ou o nivel 3, e ademais está previsto que os alumnos e as alumnas dispoñan dun servizo de tutoría co fin de que poidan contar con apoio que lles poida axudar a resolver as dúbidas que teñan no proceso de preparación. Isto en relación á formación.

En relación ás convocatorias, estase deseñando un programa para aumentar o número de convocatorias; e dicir, ata o de agora había esa proba única e anual no recinto de Silleda, que se entendía tamén que era un centro en equidistancia dos distintos puntos de Galicia, pero aínda así imos intentar achegar os lugares de realización das probas ás persoas que queiran participar nelas, co cal se van poñer a disposición centros de formación profesional propios da Consellería de Emprego nas catro provincias para facer máis probas ao longo do ano e tamén en datas alternativas, de xeito que se flexibilice o acceso aos exames por toda a xeografía galega e durante todo o ano. Polo tanto, ampliación do número de convocatorias de probas libres e tamén do lugar e a data, ou as datas, onde e cando se poden realizar.

E repito, ademais, por suposto, continúa activa esa formación a través dos cursos de formación para desempregados, ata o de agora estaba destinado do total da formación para desempre-



gados un 5 %, aumentamos esa reserva a un 10 %, co cal a subida é dun 45 % no orzamento ata chegar a eses case cinco millóns, e actualmente xa teñen solicitado a participación máis de 4.200 persoas.

E vostede sinalaba todos eses millóns que, repito, si me gustaría que me aclarase de onde saca eses datos de 1.775 millóns e dende cando procede esa débeda —digamos— que temos cos galegos de non execución de fondos de emprego.

Eu o que lle podo dicir é que dende o ano 2009, o Goberno da Xunta de Galicia non tivo que devolver un só euro ao Ministerio de Traballo, que máis cartos que tivésemos, máis cartos que teriamos executado. E nos últimos doce anos a media de execución de fondos de emprego está nun 83,5 %. E isto contando a fase D, é dicir, a fase de concesión das axudas, cando o Ministerio de Educación agora mesmo nin sequera está exixindo a fase de concesión das axudas, senón que está exixindo ás comunidades autónomas que estean publicadas as ordes de axuda —é dicir, a fase A do gasto—, pero eu lle estou dando as fases de axudas concedidas. A media dos últimos doce anos é dun 83,5 %.

Datos a día de hoxe na execución do orzamento do ano 2022. Agora mesmo estamos xa en fase D nun 72,02 % de fondos comprometidos con respecto ao crédito vixente. Continuamos sendo a primeira comunidade autónoma por número de axudas publicadas, somos a terceira en políticas activas de emprego.

Polo tanto, de verdade que si me gustaría saber de onde sae ese dato de 1.775 millóns porque de verdade que non coincide en absoluto coa realidade da contabilidade da Xunta de Galicia, nin tampouco cos datos que se están pasando ao Ministerio. E o Ministerio, se non se estivesen executando os fondos durante estes doce anos, tería requirido, evidentemente, a devolución dos fondos de emprego.

Pola miña parte nada máis de momento.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Ben, conselleira, concorda comigo entón en que este é un asunto moi relevante, porque antes non me daba tempo de ampliar a información sobre os traballadores que se necesitan en Galicia para executar o investimento industrial que se ten que proxectar entre o ano 2023 e o 2027. E di: «A situación complícase especialmente para Galicia porque a necesidade de persoal é xa unha serie ameaza para que saian adiante os proxectos industriais previstos entre 2023 e 2027, que suman case 9.000 millóns de investimento e que van acompañados da creación de 15.000 novos postos de traballo, boa parte dos cales poderán quedar sen cubrir.»



Isto seguro que tamén lle preocupa a vostede. Anunciaba agora un investimento para este 2023 de cinco millóns de euros en formación en competencias clave. Benvidos sexan, benvidos sexan, obviamente. Eu creo que non son suficientes e non sei se a Consellería ten a estrutura agora necesaria ou puxo os cimentos necesarios para que esa formación en competencias clave se poida desenrolar neste ano.

É importantísimo, e vostede sábeo, porque a formación de nivel 2 —que, claro, parece que falamos dun tema como moi árido cando a xente di formación de nivel 2— o que vén dicir é que temos que formar persoas que teñan unha cualificación necesaria para acceder a un posto de traballo. Obviamente un peón fórmase cun desempeño profesional e, sen embargo, un oficial ten que pasar por un curso de formación. Entón, cinco millóns creo que é unha cantidade a considerar, pero totalmente insuficiente e pedímoslle dende o Grupo Parlamentario Socialista que a Consellería estea pendente desa estrutura necesaria para a impartición destes cursos, para que estes cursos se poidan desenrolar. Porque, non vostede particularmente, pero en notas de prensa os gobernos do Partido Popular poñíanse medallas por ser os primeiros en facer eses exames para a acreditación de competencias clave. Pero os resultados que se publicaban das probas de competencia eran dunha media moi escasa; é dicir, unha media anual de aprobados de 1.374 persoas que superaban esas competencias.

A media anual das persoas paradas ou precarias que non poden acceder á formación para o emprego entre o ano 2009 e 2019 foi de 156.080 persoas. Se valoramos o instrumento escollido pola consellería en materia de traballo nos sucesivos gobernos do Partido Popular para solucionar o problema da imposibilidade de acceso á formación, que era basicamente este, obteremos como resultado que de media no período 2010-2019 —como ben di vostede, porque despois houbo ese parón— se solucionaba un 0,9 % do problema en media anual. É que é totalmente insuficiente.

O problema soamente se pode solucionar con formación e si que é certo que as aulas virtuais son imprescindibles nesta materia. Se se pon en marcha ese campus virtual. O que pasa é que son moitos anuncios e despois a realidade da Consellería é moito máis lenta.

O problema do emprego co Partido Popular vén de antes de vostede. Porque Feijóo dicía no ano 2011 —e isto é un perla— despois dun Consello: «Aínda que tivésemos unha capacidade orzamentaria superior á que temos hoxe, poderíamos ter máis persoas formadas, pero se non hai demanda de emprego, teríamos máis persoas formadas pero sen emprego.»

Ben, isto a calquera persoa que lea temas de emprego parécelle un insulto. Pero dixo outra cousa, díxoo no *Diario de Sesións* de febreiro de 2011, nomeadamente o día 9. Dicía: «Pero mire, señoría, nós seguimos, a pesar das poucas competencias en materia de emprego, por non dicir practicamente ningunha, seguimos traballando no diálogo social.» Feijóo dicía que non tiña competencias en materia de emprego. Ben, declarábase totalmente —para min— incompetente nesta materia. E entón, claro, obviamente non fixeron un plan de formación en competencias clave como recomendaba o Parlamento europeo e como recomendaba a Comisión, e hoxe temos o resultado: 40.566 persoas paradas de media nos dous primeiros trimestres que non podían acceder a esta formación.



É gravísimo porque hai falta de profesionais, vanse contratar no sector da construción e noutros sectores moitísimos traballadores e temos a 40.000 persoas paradas que non poden acceder a esa formación e van quedar excluídas do mercado laboral, poden quedar excluídas do mercado laboral. E as 39.000 persoas que están traballando en precario e que teñen cursos para mellorar a súa cualificación e acceder a estes postos de traballo que se van crear van quedar fóra do mercado laboral. Por iso é necesaria esta implementación de competencias clave nun plan formativo necesario e estruturado.

E en relación á inexecución orzamentaria, eu non é a primeira vez que dou este dato, un dato que incluso moitas veces o desgloso ano por ano para que se vexa, obviamente, onde está ese incumprimento e esa inexecución orzamentaria. Pero os datos, todos os datos que se dan nesa inexecución son sacados dos datos que o Goberno galego lle aporta a este Parlamento, señora conselleira.

Nada máis nesta segunda intervención. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Dacosta.

Peche da interpelación, conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Vamos ver. Estando de acordo nesa necesidade de cobertura de vacantes, o que non podo acordar é que onde teña que ir a política de formación sexa exclusivamente para cubrir competencias clave. E voume explicar.

Creo que a Unión Europea avanzou e avanzou bastante máis ata chegar a unha política que sae dos propios catálogos de especialidades formativas e de certificados de profesionalidade e iso é —en paralelo, por suposto, porque os sistemas teñen que ser de transición— no que se está a traballar dende a Xunta de Galicia e dende esta Consellería na estratexia de formación.

Nos últimos dous anos, investimos 380 millóns en total, dos cales 200 foron destinados directamente ao Plan de formación para o emprego. E formáronse 46.500 persoas na súa totalidade, porque creo que este tamén é un dato relevante.

Vostede falaba dunha serie de intervencións do presidente Feijóo, pero creo que obviaba a situación laboral do mercado económico-laboral do ano 2011 e a situación actual. É dicir, cando o presidente Feijóo no ano 2011 sinalaba a inexistencia de vacantes é precisamente porque nos últimos dez anos, e de maneira nomeada dende a pandemia, estamos vendo ese fenómeno, que creo que é a primeira vez, dende logo en moitísimo tempo, en que se dá a existencia de persoas que buscan emprego pero a existencia tamén de vacantes, e sinalábao vostede con esa nota de prensa. Co cal situación é absolutamente anómala e, polo tanto, hai que traballar de distinta maneira, de distinto xeito no ano 2011 que no ano 2022. De aí que as declaracións do presidente Feijóo perdan simplemente vixencia porque a situación socioeconómica e laboral é diferente agora mesmo á que era cando el fixo esas declaracións.



Por esa razón, dicía que agora mesmo temos que traballar moitísimo, dende logo, cunha formación dual e flexible e cunha formación onde —e aí está o cambio— sexa a empresa a que entra no proceso formativo. Iso é o que está pedindo, precisamente, a Unión Europea. Xa falaremos con máis calma, pero creo que ese é o problema que está existindo por parte do Goberno da nación e por parte do Ministerio de Traballo en como se está enfocando a formación. Eles si están enfocando a formación como no ano 2011 e non como exige o ano 2022.

¿Como estamos traballando en Galicia? Mantemos, como lle dicía, os plans de formación, porque hai que mantelos. Mantemos a formación para ocupados, mantemos esa formación para desocupados, onde unha porcentaxe se destina ás competencias clave e outra por suposto a certificados de profesionalidade. Pero estamos traballando para incorporar as empresas ao proceso formativo. ¿Como? A través de procesos de microformación adaptados precisamente ás competencias que existen e que necesitan as empresas para os traballos que teñen que ofertar ao mercado.

Por iso traballamos xa este ano, e continuamos o ano que vén, con convenios de colaboración cos clústeres, onde son os clústeres os que definen a formación que precisan as empresas afiliadas a eses clústeres para dotar de formación os traballadores exclusivamente para os traballos que agora mesmo as empresas do sector están demandando. Por iso, continuamos traballando en unidades formativas en empresas, onde a empresa pode dar de alta no catálogo de especialidades formativas do Sepe a formación que precise, é a empresa a que a diseña.

E, por iso, anunciei tamén na comparecencia de orzamentos que creamos ese novo centro de formación especializada na Cidade das TIC, na Coruña, en colaboración coa Universidade, e precisamente para a cualificación e recualificación laboral de traballadores que están afectados polo peche das centrais térmicas e polos procesos de transición enerxética.

E este ano —tamén o explicaba na comparecencia de orzamentos— damos un paso máis nesa Axenda galega de capacidades. Empezamos a incorporar a figura das microcredenciais, figura que tería que estar a día de hoxe regulada e incorporada a nivel nacional. Ímolo facer en Galicia, con efectos soamente en Galicia, porque non temos máis competencias, pero os traballadores galegos que adquiren esta formación van ter unha certificación por parte da consellería.

E ¿que son esas microcredenciais? Son bonos empresa e bonos para persoas desempregadas, é dicir, formación para traballadores ocupados subvencionada pola Xunta e formación para traballadores desempregados en microformacións que están fóra dos dous catálogos, do catálogo de formación do Ministerio de Educación, certificados de profesionalidade, e do catálogo de especialidades formativas do Sepe.

¿Por que? Porque eses catálogos están agora mesmo en moitos aspectos anticuados e teñen que renovarse. E o proceso para a renovación e para dar de alta novos certificados de profesionalidade, novas especialidades, é lentísimo e non vai de acordo coas necesidades que ten o mercado e o sistema produtivo actual. Para dar de alta un novo certificado de profesionalidade, necesitamos máis dun ano, e unha especialidade formativa ronda os dous-tres meses, sendo moi áxiles. Co cal necesitamos ir ás competencias específicas, ás especialidades que están requirindo as empresas. Ese é o sentido, precisamente, das microformacións. Repito:



microformacións, microcredenciais que terían que regularse a nivel nacional, porque o que é unha pena é que para un traballador que adquira esa formación e esa certificación en Galicia oficialmente non sexa válida en Andalucía, en Murcia ou en Cataluña, porque non se está regulando, non se está avanzando no desenvolvemento desa senda galega de capacidades a nivel nacional.

Co cal este é un problema serio —penso— para o mercado de traballo a nivel nacional e para o mercado galego, para as comunidades autónomas —e aí volto con que seguramente o señor Feijóo cando falaba das competencias de emprego se refería ás competencias en materia lexislativa—. Evidentemente, as comunidade autónomas chegamos ata onde podemos chegar, e aquí neste caso no límite das nosas competencias.

En canto ás competencias clave, que era o motivo da súa interpelación, eu estou completamente de acordo. É unha porcentaxe relevantísima en toda España —en Galicia é un pouco inferior, creo que está en tres puntos menos que no resto de España— de persoas que non teñen esa cualificación básica para acceder aos certificados de profesionalidade. Pero —volvo dicir—, con este novo sistema, á marxe dos catálogos, moito máis moderno, poden ter un acceso moitísimo máis áxil e moitísimo máis flexible, o que realmente as empresas están precisando, e para iso está concibido o sistema de formación profesional para o emprego.

Outra cousa é a formación profesional educativa, outro problema e outra eiva do Goberno de España. Hoxe para a formación profesional, para o emprego...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): ...nun 80 por cento no Ministerio de Educación, o cal está tamén dando lugar a unha perda gravísima de axilidade en canto á xestión da formación para o emprego.

Remato xa, presidente.

Simplemente porque quede claro que a folia de ruta está clarísimamente marcada por parte do Goberno. Temos clarísimo que a formación para o emprego é a base das políticas activas de emprego, a base da mellora da empregabilidade dos traballadores e das traballadoras e a base fundamental da mellora do noso tecido produtivo e da competitividade das empresas. Polo tanto, por iso aposta o Goberno galego pola formación polo emprego e polas políticas de emprego e por iso eses orzamentos.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Porque temos clarísimo que aí está a base.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Interpelación de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a xestión por parte da Xunta de Galicia do Plan Hurbe

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Ampliación de vial entre a rúa Vázquez Estévez e a estrada PO-400, no concello de Arbo, 315.000 euros. Humanización e mellora da accesibilidade do núcleo rural de Moreiras, no concello de Toén, 372.000 euros. Obras de construción dunha piscina pública no concello de Boborás, 576.000 euros. Embelecemento do contorno da capela de Santa Marta de Albeos, no concello de Crecente, 117.000 euros. Derrubado de edificio e acondicionamento de praza na rúa do Faro en San Cibrao, no concello de Cervo, 467.000 euros. Melloras da intersección da rúa do Souto con praza da vila no lugar de Vilariño de Conso, concello de Vilariño de Conso, 239.000 euros. Mellora do bordo da praia no concello de Porto do Son, 229.000 euros. Subministración de 34 bancos no concello de Montederramo, 38.000 euros. Acondicionamento e mellora do núcleo de Montesalgueiro, no concello de Aranga, 107.000 euros. Construción de piscina pública e un centro de BTT no concello de Outeiro de Rei, 972.000 euros. Reforma da praza, zona de mercado e biblioteca no concello de Bande, 107.000 euros. Humanización dos contornos de Papucín e Santaia, Frades, 134.000 euros. Humanización de espazos públicos no concello dos Blancos, Ourense, 70.000 euros. Rehabilitación da praza de abastos no concello de Viana do Bolo, 695.000 euros. Mellora no acceso ao núcleo de Seadur, Larouco, 79.000 euros.

Señora conselleira, o que acabo de ler é unha relación, unha lista parcial, só unha pequena parte de todos os concellos que teño aquí, de obras municipais contratadas pola Xunta ao abeiro do Plan Hurbe, que financia o que vostedes chaman obras en materia de urbanismo. E ¿sabe que relación teñen todos estes concellos que acabo de ler? A relación entre eles non é que sexan concellos galegos, é que todos teñen alcaldías do Partido Popular, *(Aplausos.)* señora conselleira. O que fan vostedes é un escándalo, é indecente, é un abuso que imos denunciar unha e outra vez, aquí e fóra do Parlamento. Non nos imos cansar, non imos calar diante deste uso absolutamente discrecional, discriminatorio e partidista dos fondos públicos.

Señora conselleira, vostedes xestionan fondos públicos, públicos. ¿Sabe o que significa públicos? Públicos, non do Partido Popular, fondos públicos, que son de todos os galegos e galegas. *(Aplausos.)*

Mire, voulle dar máis datos, por se non quedou claro na listaxe que empecei a ler. Nesta lexislatura, desde setembro do ano 2020, 62 convenios publicados no Rexistro de Convenios, e tamén despois no de Contratos, 62; deses 62, 61 con concellos do Partido Popular. Só nesta lexislatura vostedes financiaron obras por valor de 13 millóns de euros con concellos do Partido Popular por medio do chamado Plan Hurbe —con hache—. Isto non é o Plan Hurbe, teñen que cambiarlle o nome, é o Plan Urde, Urde, porque o que fan vostedes é urdir *(Aplausos.)* convenios só con concellos gobernados polo Partido Popular; é absolutamente indecente, non ten nome.

E vostede, a súa consellería, ten a medalla de ouro na repartición partidista de fondos públicos, no sectarismo da repartición de fondos públicos. Non é a única —hai que dicilo—. Tamén



a Consellería de Infraestruturas fai o mesmo, a Axencia Galega de Infraestruturas, tamén a Consellería de Cultura —por exemplo, con vostedes, financiando auditorios en concellos do Partido Popular e denegándolles a concellos doutros partidos, como o BNG— ou tamén a Vicepresidencia e a Consellería do Medio Rural; en fin, poderíamos citar aquí exemplos de todas. E isto, no caso do Plan Hurbe, que é o maior escándalo de todos na repartición de fondos públicos, lévano facendo, ademais, desde o ano 2010, e vostedes ademais presumen diso.

Din na súa nota de prensa que levan financiando 360 actuacións, nada máis e nada menos que 155 millóns de euros en obras en materia de urbanismo por medio do Plan Hurbe. E resulta que o 95 por cento destas obras foron para financiar alcaldías e gobernos do Partido Popular. ¿Como se lle chama a isto, señora conselleira? Chámaselle discriminación, chámaselle sectarismo, chámaselle uso partidista dos fondos públicos, chámase caciquismo. (*Aplausos.*) Non ten outro nome.

E hai que dicir que a finalidade do Plan Hurbe é financiar obras en materia de urbanismo, segundo nos dixo a directora xeral, cando veu aquí ao Parlamento, que lle preguntamos por este tema. Dixo que era para financiar obras de urbanización de espazos urbanos en concellos de menos de vinte mil habitantes, Concretamente, mellora da calidade de vida, reequilibrio territorial e combater a despoboación son os obxectivos destas obras, deste plan. O que pasa é que parece ser que estas necesidades, estes obxectivos só os teñen os concellos do Partido Popular, porque alí onde gobernan outras forzas políticas non se poden beneficiar destas axudas.

É, polo tanto, unha discriminación, como lle digo, sectaria, non aos gobernos, non ás alcaldías, non aos partidos que están gobernando neses concellos, senón ás persoas que viven neses concellos, que son castigadas polo Goberno do Partido Popular por votar outras opcións políticas.

E, claro, por riba, aínda pretenden vostedes rirse de nós na cara. E imos ver como funciona a súa propaganda, esta realidade paralela que crean nas súas declaracións públicas. Recentemente o señor Rueda visitou o concello de Mos para inaugurar, xunto con vostede e a directora xeral de Urbanismo, unhas obras financiadas pola Xunta ao abeiro do Plan Hurbe. (*O señor Bará Torres mostra unha fotografía.*) Non andaron aquí con problemas de gasto, montaron aí un decorado a todo tren, todo luxo, cun grande estaribel, en fin, 390.000 euros custou a obra, non sei canto custou o estaribel pero barato non debeu ser.

En todo caso, din vostedes nas declaracións de prensa, declaracións do señor Rueda: o Plan Hurbe é un exemplo de colaboración entre administracións. Claro, faltoulle rematar a frase: un exemplo de colaboración entre administracións do Partido Popular, porque isto é realmente o que é o Plan Hurbe: colaboración entre administracións do Partido Popular, discriminando os demais concellos.

Este programa é especialmente relevante para o rural, onde promove humanizacións para o desfrute dos cidadáns. Pero, claro —como lle lin na relación e poderíalle estar toda a mañá lendo aquí—, só humanizacións, só obras para mellorar a calidade de vida para os cidadáns que viven en concellos gobernados polo Partido Popular. ¿Como se lle chama a isto, señora



conselleira? É que é un escándalo, non me cansarei de dicilo. Direino mil veces e, aínda que o digamos mil veces, non será suficiente, pero é realmente un escándalo.

Claro, nos últimos anos vostedes fixeron unha pequena maquillaxe, porque, concretamente, no ano 2021, do orzamento total de 7,4 millóns, vostedes unha parte sacárona en convocatoria pública de subvencións para concellos de menos de vinte mil habitantes para facer este tipo de obras. Pero, claro, voulle dar as cifras: dos 7,4 millóns totais, 1,3 foron mediante convocatoria de subvencións, 1,3 para todos os concellos galegos de menos de vinte mil habitantes; e despois deixaron á parte 6,1 millóns de euros para dar a dedo a concellos do Partido Popular, 6,1 millóns a dedo a concellos do Partido Popular. E no 2022 había 7 millóns, e 6 —que son estas obras que estiven lendo antes, e outras que aínda saíron recentemente— a dedo a concellos gobernados polo Partido Popular. Polo tanto, discriminación escandalosa e de libro. E para o 2023 —que vai ser ano electoral, ano de eleccións municipais— vostedes incrementaron o orzamento a 8,6 millóns de euros, e xa intuimos o que vai vir aí con eses fondos.

O que están facendo vostedes, señora conselleira, é un auténtico festín partidista na repartición de fondos públicos, que ten que rematar. E por iso nós traémoslle aquí hoxe nesta interpelación, ademais da denuncia, unha proposta concreta. Traémoslle a proposta dun compromiso para desterrar da Administración estas prácticas, que son prácticas predemocráticas, de todas as administracións, empezando pola Xunta de Galicia, que ten que dar exemplo e que ten competencias ademais para promover a redacción de leis. E propoñemos que se aprobe neste parlamento unha lei que impida esta repartición discrecional dos fondos públicos, que blinde a repartición imparcial equitativa dos recursos, que son de todas e de todos —repito: de todas e de todos—, porque son públicos, non son do Partido Popular.

Señora conselleira, fágolle unha pregunta moi clara e moi concreta, e pídolle que me responda na súa intervención: ¿está disposto o Partido Popular a aprobar unha lei así?, ¿están dispostos a aprobar unha lei así? Respóndame, por favor, na súa intervención.

E mentres non se aproba esta nova lei, queremos que deixen de discriminar, que deixen de repartir os fondos públicos de xeito partidista e que deixen de urdir, de urdir convenios exclusivamente para concellos do Partido Popular.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, dona Ángeles Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, presidente.

Señor Bará, en primeiro lugar, quero reiterarlle unha vez máis —e creo que xa non é a primeira, tamén o fixo a directora xeral de Urbanismo eu creo que hai escasos días— que dende a Xunta de Galicia o que garantimos é un trato igualitario cos 313 concellos de Galicia. (*Aplausos.*) E, como non pode ser doutro xeito, facémolo dende o estrito cumprimento co estable-



cido na normativa de subvencións, porque, de non ser así, supoño que vostedes formalizarían a denuncia pertinente e non só a traerían aquí ao Parlamento.

E dígollo eu hoxe neste pleno, pero estamos fartos de repetirillo unha vez máis. E non por vostede repetir continuamente que hai prácticas clientelares ou partidistas ao final iso vaise transformar nunha verdade, porque iso non é así, señor Bará. Cando se asina un convenio, hai esforzo polas dúas partes: hai esforzo por parte da Xunta de Galicia e hai esforzo por parte dos concellos. A Xunta de Galicia pon o 70 por cento, os concellos poñen o 30 por cento. Eu de verdade que non teño culpa de que os concellos do Partido Popular fagan máis esforzo que os concellos gobernados polo BNG.

E teño que dicirlle ademais que tan só teño unha petición dun Hurbe dun concello gobernado polo BNG. E tamén lle teño que dicir que nese concello se asinará o convenio cando cumpra estritamente co establecido. É un pouco para que lle quede claro, porque se uns solicitan e fan o esforzo e outros non o solicitan, pois comprenderá que nin a conselleira nin a Xunta de Galicia poden resolver ese problema.

Por outro lado, eu a veces pregúntome se esta pregunta vai dirixida a min ou vai dirixida a algunha deputación, que tamén lla podería formular. Aínda así, saiba vostede que a miña resposta é clara, é unha resposta única: a prioridade máxima da Xunta é a colaboración cos concellos, porque aquí a Xunta non mira cores, mira cidadáns.

E digo eu que na relación de todos eses concellos que hoxe deu aquí —que lle vou eu dar outro tipo de relacións— haberá votantes do BNG e haberá votantes do PSOE e haberá xente que non vota, e non por iso deixa de andar polas rúas ou non por iso deixa de bañarse na piscina, ¡xa só faltaría! ¿Ou é que acaso en Boborás vai poñer a alcaldesa un cartel dicindo: os votantes do BNG non poden ir bañarse á piscina? ¿Estamos de broma, non? Aquí falamos de cidadáns, non falamos de cores.

Por outro lado, direille: confúndese vostede nos datos. Levamos trece anos dende a Xunta de Galicia colaborando cos concellos e son 163 millóns de euros investidos e un total de 410 actuacións. E apostamos polas entidades locais, e máis neste momento, porque o precisan. Efectivamente, imos incrementar nun 23 por cento a partida dos plans Hurbe, ata 8,3 millóns de euros.

Pero fíxese vostede que daba unha relación, uns datos concretos, pero esquecese de que hai concellos non tan pequenos que no seu día recibiron un Plan Hurbe.

Falaba vostede de auditorios, e eu móstrolle este auditorio, señor Bará (*A señora Vázquez Mejuto mostra unha fotografía*). ¿Recoñéceo? Son fondos públicos, foron 25 millóns de euros. É unha obra cun grande esforzo, é o auditorio de Lugo, e segue pechado despois de dous anos de ser entregado ao Concello. (*Aplausos.*) E aquí si que non entran nin os votantes do PP nin os votantes do PSOE nin os votantes do BNG, porque non se poñen vostedes de acordo, os gobernantes da cidade de Lugo. Son fondos públicos e supoño que vostede tamén terá unha resposta, porque os demais tamén traemos fotografías, traemos obra. A gran diferenza é que no resto dos concellos que vostede nomeou a obra remátase e a obra dispónse dela por parte da cidadanía, pero non é o caso do auditorio de Lugo.



E viranme dicir aquí que é que resulta que ten algunhas carencias. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pois fíxese que non, porque está recepcionado polo Concello de Lugo, está recepcionado polos técnicos. O que pasa é que a vostedes, cando lles interesa, hai xuíces bos e xuíces malos, e, cando lles interesa, hai técnicos bos e técnicos malos. Pois non, fíxese: os políticos temos que deixar actuar, por un lado, aos xuíces e, por outro lado, tamén aos técnicos.

Esta é a situación que vivimos, pero eu dígolle: todos os acordos de cooperación derivados do Plan Hurbe están regulados a través dun decreto. É o Decreto 246/1992, do 30 de xullo, polo que se regulan as condicións de execución das obras en réxime de cooperación coas corporacións locais e os entes de dereito público. E así a Consellería de Medio Ambiente, dentro dese principio de cooperación, asina acordos efectivamente cos distintos concellos, e estes han de cumprir unha serie de requisitos: por un lado, poñer á disposición da Xunta de Galicia os terreos onde se vai executar a obra —uns pónenos á disposición e outros non, cuns asinamos o convenio e con outros non podemos asinalo—, que contén con financiamento nos seus orzamentos dun 30 por cento do custo —a Xunta fai esforzo, os concellos deben de facer esforzo— e que asuman a obra, a súa explotación, mantemento e conservación.

¿Que ocorre no caso do auditorio de Lugo? Pois que quixeron a obra pero agora hai que explotala, agora hai que conservala, agora hai que nutrila de actividade. E fíxese que os 25 millóns de euros foi doado conseguilos, fixo todo a Xunta de Galicia, e agora resulta que non o abrimos.

Outra puntualización máis que lle quero facer, señor Bará. A Xunta cofinancia os plans Hurbe a través do capítulo VI, é dicir, non é a través do capítulo VII; hai un que son acordos e hai outro que son subvencións. Dígoos por aquilo de non enredar e de repente que digamos: é que lles damos subvencións a uns si e a outros non. Non, hai un capítulo, que é o VI, e outro capítulo, que é o VII; pero sempre nun plano de voluntariedade e tamén nun plano de igualdade das partes.

E, por suposto, con total transparencia, porque vostede trae aquí unha relación de concellos. É que non ocultamos absolutamente nada, é que efectivamente se firman, efectivamente sae no Portal de Transparencia, efectivamente realízase a licitación; licitación que vai a cargo da Xunta de Galicia, e é que non hai absolutamente nada que ocultar. Polo tanto, publicación co acordo de cooperación no Portal de Transparencia, cun goberno aberto, e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia. Non hai nada que ocultar.

Pero non só facemos iso, non só nos centramos no Plan Hurbe na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, senón que hai moito máis, señor Bará.

Falando de auditorios, non foi o único auditorio. Foi o de Lugo, construído pola Xunta de Galicia; foi o de Ferrol, 17 millóns de euros. Pero hai outras obras, por exemplo, no concello do Barco de Valdeorras, 280.000 euros. É como se tiveramos que estar cantando aquí a lotería, pero, se nos temos que dedicar a iso, pois tamén o facemos.

Pero, recentemente, eu fun visitar dous concellos do PSOE, Parada de Sil e Ribas de Sil —creo que son os dous do PSOE, agora xa non sei se un é do BNG ou non—. Pero tamén lle pode dicir que non teño ningunha solicitude de ningún auditorio na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. ¿E sabe por que? Porque a veces aos concellos gobernados igual



polo PSOE ou polo BNG ou outros do PP gustaríalles facer esa solicitude pero teñen que poñer o 30 por cento, teñen que ter as súas arcas saneadas e non sempre as teñen saneadas.

Pero podemos ir máis aló e, polo tanto, colaboramos dende a consellería noutro tipo de accións, como dotar os concellos de plans xerais de ordenación municipal. E para o ano 2023 destinamos 3,2 millóns de euros. A día de hoxe temos 113 concellos que contan con planeamento xeral propio e adaptado, un millón de galegos e galegas teñen ese planeamento adaptado.

Pero temos que seguir avanzando, e aquí non distinguimos maiores ou menores. Póñolle un exemplo. Destinamos para o ano 2023 1 millón de euros para o concello de Vigo para a redacción do Plan xeral de ordenación municipal. Pero tamén lle podo cantar máis: Redondela, 250.000 euros; Negreira, 125.000 euros; Rábade, 85.881 euros. Digo eu que estes non están gobernados polo PP.

Pero sacamos a diante os plans básicos municipais, e fíxese que os aprobados son Trabada —que saiba eu, tampouco é PP—, Ribeira de Piquín —non é PP—, Alfoz —non é PP—, Samos —non é PP—. Polo tanto, creo que debemos de ser un pouco máis serios e dicir unhas cousas e non ocultar outras se en realidade o que queremos é transparencia total e absoluta.

Hai que seguir traballando, por suposto, hai que seguir afondando. E facémolo con outro tipo de convenios, convenios para os plans especiais de protección do casco histórico. ¿Exemplo? Allariz. Pero tamén o Plan especial de protección de reforma e interior do casco histórico de Verín, 85.000 euros —PSOE—; o Plan especial de protección do casco histórico de Corcubión, 100.000 euros; ou Betanzos, 118.500 euros.

Por último, ademais de no urbanismo, tamén colaboramos cos concellos de todas as cores no eido de vivenda, a través dos fondos de cooperación: Ares, 563.000 euros; Sada, 487.000 euros; Maside, 200.000 euros; Ponteareas, 800.000 euros; Barreiros, 513.000 euros; Catoira, 236.000 euros; Calvos de Randín, 200.000 euros; Baños de Molgas, 50.000 euros; Gondomar, 300.000 euros.

Creo que queda máis que claro, señor Bará, que non por difamar ao final a realidade se converte en mentira, ou viceversa. Polo tanto, actuamos dende a Xunta de Galicia, dende a Consellería de Medio Ambiente, conforme a lei, en base a criterios obxectivos e sempre acorde cos obxectivos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ...de interese público.

Moitas grazas e nada máis. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señor Bará.



O señor BARÁ TORRES: A ver, o colmo xa é ter que vir aquí escoitar que vostedes tratan de maneira igualitaria os 313 concellos. É que nos parece unha burla e unha tomadura de pelo despois de darlle todos os datos que lle acabo de dar, *(Aplausos.)* cunha lista incontestable de convenios publicados e contratos publicados.

Despois xa que nos veña aquí dicir en materia de auditorios —despois fálolle do de Lugo— que non denegan ningunha axuda para auditorios a concellos xa me parece o colmo, cando vostedes lle acaban de denegar o ano pasado ao Concello de Bueu, que lle pediu un convenio para o auditorio de Bueu, igual que o que tiñan co Concello de Marín. Teño aquí *(O señor Bará Torres mostra o seu teléfono móbil.)* a nota de prensa da reunión que tivo o alcalde de Bueu coa directora xeral de Urbanismo, que lle dixo que non lle daban o convenio, que non había convenio; se saíu na prensa publicado. *(Aplausos.)* Vostede nin sequera tivo a decencia de reunirse co alcalde de Bueu. Claro, estará avergoñada, pero a súa directora xeral reuniuse co alcalde de Bueu e díxolle que non había convenio para Bueu. Había convenio para Marín, había convenio para Ribeira, que eran do Partido Popular, pero non había convenio para Bueu e non hai convenio tampouco para Moaña, que lle está pedindo tamén un convenio para facer un auditorio. Este é o trato discriminatorio, isto é o partidismo, isto é urdir convenios cos seus e deixar fóra os demais, que teñen dereito tamén a ter este tipo de convenios.

E claro, o que lle estamos propoñendo aquí non é que vaian os alcaldes e alcaldesas a pasar a humillación —que non se pode chamar doutra maneira— de pasar polo seu despacho a pedirlle, por favor, a ver se lles dá un convenio. Iso non é democrático. O democrático é unha convocatoria pública igual para todos e todas, *(Aplausos.)* onde todo o mundo se presente en igualdade de condicións. Porque isto é os restos do pasado, dese sistema predemocrático, porque vostedes no fondo o que cren é que as institucións son patrimonio seu.

E iso é moi perigoso, porque, se se considera un patrimonio persoal, xa sabemos por onde acaba a cousa, e, se se considera que é un patrimonio do partido, sabemos como reparten o diñeiro público. Iso é malversación moral do diñeiro público, *(Murmurios.)* é repartición inxusta do diñeiro público, é repartición partidista do diñeiro público. Claro que si, dirémolo as veces que faga falta, non nos cansaremos de dicilo.

E miren, claro, a vostede despois non lle quedou outra cousa que o escapismo, porque non tiña ningún dato; o único dato que me deu aquí foi o do Barco de Valdeorras, que lle deron convenio ao Barco de Valdeorras. Efectivamente, dos 62 convenios que eu dixen que había en dous anos un foi a un concello que non era do Partido Popular, o do Barco de Valdeorras. Curiosamente, o alcalde fora presidente da Fegamp e xa pasara tamén a humillarse polo seu despacho, ¿non? Debeu ser iso, debeu ser iso, debeu ser iso.

Pero de 62... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, porque nos parece que iso é... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non pode ser. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor BARÁ TORRES: Reláxense, señorías do Partido Popular, tranquilos, que aínda non rematei. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Menos mal, claro, claro. Aínda me quedan dous minutos; entón, van escoitar un pouco máis aínda, que isto foi só o principio. *(Aplausos.)*



Miren, escapismo, claro. A vostede non lle quedou outra, que é unha *accusatio manifesta*, que falar de plans básicos, de plans urbanísticos. Efectivamente, pero eu estoulle falando do Plan Hurbe, e aí os datos son incontestables. Aínda máis, vostede incrementou as cifras, porque dixo que era máis do que dixerá eu que recollín. Claro, máis diñeiro que mandaron para os concellos do Partido Popular do que dixerá eu, (*Aplausos.*) que citei os datos da nota de prensa de cando o señor Rueda foi co estaribel aquel a Mos presentar as obras, inaugurar as obras que fixeran alí. Aínda hai máis diñeiro do que eu dixen. É máis grave a cousa.

E dígolle outra vez: no caso dos auditorios das cidades fíxoos todos, todos, absolutamente todos, a Xunta de Galiza gobernando o señor Fraga, gobernando despois o Goberno bipartito, gobernando despois o Partido Popular, fixéronse todos con financiamento, con fondos da Xunta de Galiza. Entón, non meta nese lote, por favor, os auditorios das cidades, que non son do Plan Hurbe. O Plan Hurbe ten outras intencións, outras finalidades. Teño aquí todos os datos do Plan Hurbe desde o ano 2010, (*O señor Bará Torres mostra un documento.*) que son claros. (*Murmurios.*) Non, vostedes financiaron o mobiliario co Plan Hurbe, que non lle tocaba, porque non é para ese tipo de concellos, pero financiaron o mobiliario.

E aínda queda agora por investir, por certo, un millón de euros, porque o que fixeron alí foi unha chapuza e non cumpre as medidas de seguridade. Iso estano dicindo tamén os informes técnicos, señora conselleira.

Mire, vostede citou aquí as deputacións. Efectivamente, imos falar das deputacións. Xa lle demostramos aquí con cifras que os plans únicos de Pontevedra e da Coruña danlles mil voltas aos que facía o Partido Popular e todos os concellos, incluídos os do Partido Popular, fan unha festa cada vez que lle chega a repartición do Plan único das deputacións de cooperación cos concellos, porque reciben moito máis diñeiro agora que o que recibían cando gobernaban os seus; non queren que volvan os seus ás deputacións, os do Partido Popular, asegúrollo.

Pero voulle facer unha comparativa de Lugo —que non é o mellor exemplo, comparado coa Coruña e Pontevedra— con Ourense. Mire, Guitiriz, 5.400 habitantes, e Allariz, 6.300. ¿Sabe canto recibe Allariz da Deputación de Ourense? 61.000 euros. ¿Sabe canto recibe Guitiriz? 439.000 euros. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Sete veces máis. Non, é igual. E igual Burela, igual Guitiriz, igual Sarria, igual Muras..., todos os concellos, todos. (*Murmurios.*) O que pasa é que vostedes gobernan en poucos concellos grandes. ¡Que lle imos facer!, (*Aplausos.*) gobernan en poucos concellos que teñen certa entidade de poboación. Pero é que hai unha repartición. Teño aquí a lista, que lla podo dar. En Lugo repártese por poboación, por poboación coa corrección de territorio, de núcleos de poboación, cun criterio obxectivo, igual para todos, sexan dun partido ou outro. (*Murmurios.*) E claro, os de Ourense reciben seis, sete ou oito veces máis que os de Lugo que teñen a mesma poboación. ¿Como se chama iso? ¿Que exemplo queren dar vostedes?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: Polo tanto —remato—, hai que desterrar estas prácticas absolutamente caciquís, predemocráticas. Ten que chegar a democracia á Xunta de Galiza na repartición dos fondos públicos a concellos e, concretamente, ás convocatorias do Plan Hurbe.



E por iso, señora conselleira, volvemos outra vez propoñerlle un acordo: aprobar unha lei vinculante para que, governe quen governe, governe quen governe, dá igual, se blinde a repartición xusta, transparente e igualitaria dos recursos públicos en todas as administracións, desterrando as prácticas clientelares e esta corrupción, corrupción moral, malversación moral...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BARÁ TORRES: ...que é repartir o diñeiro público para os seus e non de maneira igualitaria.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peché da interpelación, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, presidente.

A verdade, señor Bará, ten vostede unha memoria que podiamos cualificar de moi selectiva. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Berro, entón. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Agora si. Ben, dicíalle, señor Bará, que ten vostede unha memoria un tanto selectiva. E digo que é unha memoria un tanto selectiva porque a veces hai que facer comparacións, e, como temos que facer comparacións, fíxese que simplemente con darlle a unha tecla, ano 2008, Goberno bipartito, convenios por 1,95 millóns de euros, o 87,4 por cento foi parar a concellos nos que gobernaban os seus socios, ou vostedes ou ben os socios. Iso facíano vostedes, ¡eh!, o seu departamento, non o facía o PP, non estabamos gobernando naquel momento.

A verdade, que veñan vostedes aquí dar leccións ten tralla, tralla. Tralla, porque é que eu fun alcaldesa cando vostedes gobernaban no Bipartito. É que non recibían os alcaldes. É que eu si que recibo os alcaldes, a min non se me arrodillan os alcaldes. Eu recibo os alcaldes, atendo os alcaldes, pero na súa época non recibían a ninguén. *(Aplausos.)* Esa é a realidade, porque o vivín eu e, coma min, moita xente que estaba gobernando naquel entón.

Quero dicirlle unha cousa: non teño nin un só proxecto na miña consellería, nin a directora xeral, de ningún auditorio, nin no caso de Moaña nin no caso de Bueu, *(Murmurios.)* ningún proxecto, porque unha das condicións para subscribir un convenio é ter un proxecto. O proxecto quen o fai é o concello, non o fai a Xunta de Galicia. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Polo tanto, digo eu que, se ten vostede intención de que se lle cofinancie, terá que facer un traballo... *(O señor Bará Torres mostra o seu teléfono móbil.)* Non me ensine o móbil, porque aí non está o proxecto. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Pero como que que proxecto? ¿Acaso vostede fai unha obra se non ten un proxecto? ¿Estamos de broma? Como se nota que non xestionan, non están habituados a xestionar. *(Aplausos.)* Hai que facer os proxectos.



De todas formas, seguimos coa Deputación de Lugo, se lles parece ben, porque antes xa lles dixen que nós facémolo con total transparencia e baixo uns requisitos. Deputación de Lugo, convenios aprobados, ano 2020. O 72 por cento, 2,8 millóns de euros, foron parar a concellos do PSOE. (*Murmurios.*) O 20 por cento, 789.000 euros, foron parar a concellos gobernados polo BNG. 150.000 euros foron a parar, o 4 por cento, a concellos gobernados polo PP. Señor Bará, hai que empezar a controlar esta situación. Porque eu non sei se vostede quere que eu de repente diga que isto é arbitrario, discriminatorio e partidista. Porque, por suposto, non se me vai ocorrer dicir malversación moral, xunto con outras frases que a vostedes lles encanta dicir para meter aquí un pouquiño de tralla. (*Murmurios.*)

Polo tanto, a transparencia é total e absoluta e imos seguir garantindo por parte da Xunta de Galicia igualdade de trato aos concellos. E eu vou seguir recibindo todos os alcaldes, sexan dun lado ou sexan doutro. (*Aplausos.*) Cumprimento da normativa vixente e, por suposto, non pensar en cores nin en ideoloxías, pensar en persoas. E iso é o que deberíamos de estar facendo todos.

Friol. É certo que non teñen vostedes moitos votos, pero digo eu que irán bañarse todos os cidadáns de Friol. Fíxese que tamén van algúns de Lugo, porque se ve que as instalacións non están moi ben.

E doulles a coñecer cales son os Hurbes. Pois mire, unha biblioteca, tamén Salvaterra (*A señora Vázquez Mejuto mostra unha fotografía.*). Dáse a casualidade, é PP, pero a esta biblioteca ¿verdade que irán todos? ¿Ou é que os do BNG non van entrar nesta biblioteca? ¿Acaso cren que somos tan sectarios como vostedes? Pero ben, aquí está Parada de Sil, (*A señora Vázquez Mejuto mostra unha fotografía.*) que é un aparcadoiro disuasorio na Ribeira Sacra. Pois fíxese que non é ningún alcalde do PP, pero trae un bo proxecto, fai un esforzo e, polo tanto, a Xunta de Galicia está con aqueles que fan bos proxectos e que fan esforzos.

Así e todo, direilles: os departamentos da Xunta de Galicia son múltiples, as liñas de axudas tamén son múltiples. Dentro da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda están os plans Hurbe, están os fondos de cooperación, por suposto están as axudas de vivenda, e eu pódolle dar a relación de todos os concellos cos cales estamos colaborando: Lugo, Ferrol, Vigo, Redondela, Negreira, Rábade, Allariz, Ares, Sada, Ponteareas, Catoira, Barreiros, Baños de Molgas e un longo etcétera.

En resumo, señor Bará, levamos trece anos colaborando, imos seguir colaborando. Efectivamente, para o Plan Hurbe incrementamos o financiamento, para o ano 2023 son 8,3 millóns de euros, un 23 por cento máis. Dígalles aos seus que fagan bos proxectos e seguro que van ter o convenio asegurado.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Interpelación de D^a María Montserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación da área sanitaria de Pontevedra-O Salnés

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Prado.



A señora PRADO CORES: Moi bo día.

Moi bo día, señor conselleiro.

O Partido Popular leva trece anos ininterrompidos, porque xa viña de atrás, de acoso e derribo permanente da sanidade pública galega. E o resultado dese acoso e derribo non son estatísticas, senón unha moito peor asistencia sanitaria da poboación. Os profesionais, sometidos a unha situación permanente de estrés, de sobrecarga totalmente inaceptable.

E diante desa situación xeral da área sanitaria Pontevedra-O Salnés levamos xa meses denunciando no BNG que está convertida nun auténtico quilómetro cero desa desfeita sanitaria consecuencia das políticas do Partido Popular. Mais tamén ese quilómetro cero da desfeita está facendo que sexa tamén o quilómetro cero da denuncia, da rebeldía e de exixencia de rectificación á Xunta de Galiza por parte da poboación (*Aplausos.*), que está levantada en pé exixindo unha sanidade pública e de calidade.

E por iso hoxe están aquí acompañándonos representantes de concellos de toda a área sanitaria. Están con nós representantes de Caldas, de Poio, de Cuntis, de Moraña, de Ponte Caldelas, de Portas, de Soutomaior, de Barro, de Pontevedra, de Cerdedo-Cotobade, do Grove, da Illa de Arousa, de Vilagarcía, porque están sufrindo, día si e día tamén, as consecuencias, eles e toda a veciñanza e elas e toda a veciñanza, desa desfeita sanitaria. E eu quero darlles as grazas por non renderse, por non comprar o relato fraudulento de que nada está pasando, por rebelarse e por defender entusiasticamente todos os días unha sanidade pública e de calidade (*Aplausos.*).

Unha situación, desde logo, inaceptable, de permanente alarma sanitaria, que o BNG vén denunciando desde hai tempo, atopándonos coas sonrisas moitas veces do señor conselleiro do Partido Popular, dicindo que eramos uns alarmistas, que queríamos trasladar unha imaxe que non se correspondía coa realidade. Mais a realidade é que levan desde hai moito tempo nunha situación grave, mais hai meses desde antes do verán cruzando absolutamente todas as liñas vermellas. Non hai absolutamente ningún centro de saúde da área sanitaria nin PAC que teña unha situación de normalidade, que teña uns cadros de persoal que corresponden. Hai carencias en absolutamente todos e o habitual é atoparse todos os días con este cartaz. (*A señora Prado Cores mostra un documento.*) E este non é un cartaz antigo, señor conselleiro. Este é o cartaz que está hoxe no Centro de Saúde de Moraña, onde non hai nin un só médico para atender a veciñanza dese concello. (*Aplausos.*) Non é un cartaz reseso.

Unha área sanitaria cunha poboación de case trescentas mil persoas. Non estamos falando de catro ou cinco persoas, que a ver como lles arreglamos, como lles poñemos un microbús para que vaian ao centro de saúde do lado. Estamos falando de arredor de trescentas mil persoas sen profesionais precisos para atender ás súas necesidades de atención sanitaria.

Unha área cunha parte moi importante de prazas de médico de familia e comunitaria sen cubrir. E vostede ten dito aquí moitas veces: imos sacar non sei que medidas para cubrir prazas de difícil cobertura. ¿Como vostedes, Partido Popular, e vostede persoalmente, conselleiro, pode chamar prazas de difícil cobertura prazas da cidade de Pontevedra, unha cidade modélica onde todo o mundo quere vivir alí e conectada co eixo atlántico (Vilagarcía, Marín,



Cambados)? ¿Como as pode chamar prazas de difícil cobertura? Vostede ten que chamalas pola verdade: son prazas onde os profesionais non aturan traballar nas condicións laborais nas que vostedes os teñen inmersos. (*Aplausos.*)

E iso, esa falta de profesionais, ten consecuencias. Ten consecuencias en que centos de persoas se atopan con que non teñen médico asignado, en que cada día son atendidos —cando atopan quen os atenda— por profesionais diferentes, e nunha área sanitaria con nove PAC, señor conselleiro, onde un día si e outro tamén non hai nin un só médico —van rotando—, en ningún deles. Chegou a haber días onde dos nove PAC soamente había un profesional nun destes PAC, dos nove da área, un profesional nos PAC para trescentas mil persoas.

Esta é a radiografía: A Parda, Marín, Bueu, O Grove, Vilagarcía, Sanxenxo, Caldas, Marín e Cerdedo, onde quendas enteiras e un só profesional e no mellor dos casos onde tiña que haber tres ou dous hai un, rotando; onde a xente se ve obrigada a andar peregrinando a ver onde hai médico ese día, onde lle toca, onde desde a área da xerencia da área sanitaria lle mandan estatística diaria para o 061 cos PAC onde non vai haber médico ese día para que se busquen a vida, para que cos mesmos efectivos ou con menos intenten a ver onde mandan a poboación para ser atendida, nunha cadratura do círculo imposible.

Unha área onde son miles os nenos e nenas que non teñen asistencia pediátrica: illa de Arousa —da que hoxe temos aquí representantes—, Ribadumia, Cuntis, Moraña, Portas, O Grove, ou Baltar, onde non hai pediatra nunca; non é que non haxa hoxe, é que non hai nunca. Podemos falar de Caldas ou Cambados, onde tiña que haber tres; ás veces hai un para atender a poboación de toda a área, onde non hai pediatras.

E hoxe está con nós na tribuna deste parlamento Sandra, que é a nai dun neno do Grove, ben, é a nai de tres nenos, pero imos falar do máis pequerrecho, de Alan, do que xa falei aquí neste parlamento, que ten tres meses e medio e desde que naceu nunca tivo pediatra, porque no Grove levan sen el desde antes do verán, sen pediatra; nunca tivo pediatra, nunca tivo seguimento, nunca tivo controis, nunca tivo o outro lado de poder dicir que mo vexa o meu neno un pediatra.

Hai uns días Sandra e o seu compañeiro viron que o neno estaba mal, chamaron ao Centro de Saúde do Grove, non había ninguén no PAC, dixéronlles que foran a Sanxenxo, foron a Sanxenxo e dixéronlles que a orde da dirección da xerencia era que os do Grove non foran atendidos en Baltar, que tiñan que ir directamente ao hospital provincial. Chegaron ao hospital provincial, fixeron a súa correspondente cola ao aire libre, porque non hai sitio na lista de espera en urxencias pediátricas, non era un tema banal, ingresárono, traslado urxente ao CHUS. Alan ten unha enfermidade grave, que precisa probas e seguimento, e ¿con que se atopa? Con que no Grove segue sen haber pediatra para que lle poida facer o seguimento, nin a Alan nin aos outros centos de nenos do Grove. (*Aplausos.*) Non, non mova a cabeza, señor conselleiro, esa é a realidade. E, se non, cando rematemos esta interpelación, saia vostede aí a falar con Sandra e dígalle que non é certo o que acabo eu de describirlle, (*Aplausos.*) saia aí e dígalle que non é certo.

Claro, vostede pode dicir que é un exemplo, pero é un exemplo que se repite e que sofren demasiados miles de galegos e de galegas. Mire, e diante disto, ¿que fai o Partido Popular?



¿Cal é a estratexia do Partido Popular? Ben, a improvisación e ir de ocorrencia en ocorrencia, parecendo que quere solucionar un problema cando non quere solucionalo.

Antonio Gramsci, un gran pensador, marxista —xa llo digo eu—, na súa enorme intelixencia, capacidade de entender o que pasaba ao seu redor, a principios deste século escribiu que a realidade está definida por palabras, e, polo tanto, quen controla as palabras controla a realidade, e vostede e o Partido Popular, en vez de actuar na realidade para solucionar os problemas, só pretenden controlar as palabras. E voulle dicir por que: porque, diante desta situación de falta de profesionais, vostedes o que fan é usar palabras como «intersubstitución», «prolongación de xornada», «presenzas mínimas garantidas». E a xente escoita iso e parece que vostedes están facendo algo. Pero ¿que significan estas palabras? Intersubstitución significa que un profesional, unha profesional ten que facer o seu traballo e o de tres ou catro que faltan ese día; iso é o que significa intersubstitución; esa é a palabra que vostedes queren poñer como solución cando non hai solución. Prolongación de xornada significa que un profesional que fai a súa quenda, se está de mañá, fai outra de tarde, e, se está de tarde, fai outra de mañá; é dicir, despois de atender axendas de cincuenta-sesenta, o que faga falta, ten que seguir facendo. Ou presenzas mínimas garantidas significa que nun PAC onde tiña que haber dous equipos ou tres no mellor dos casos haxa un só ou en moitos casos soamente enfermeira e non médico. Esa é a construción da realidade, e as súas palabras non melloran esa realidade.

¿Que significa o que está facendo o Partido Popular? Ben, intentar dicirnos que están incorporando profesionais; o conselleiro dixo non sei cantas veces: estamos incorporando profesionais. Non están incorporando profesionais, o que están é cambiando de situación administrativa: o que eran eventuais converténdoo en fixos. Iso non é incorporar provisionais, por moito que vostedes usen as palabras para deturpalo.

E a última ocorrencia dentro desa estratexia do Partido Popular é sacar outro coello da chisteira. A última ocorrencia é unha formación exprés para enfermería, para que atenda soa nos PAC cando non hai médicos neses PAC, un curso exprés para enfermería para que sexa capaz de enfrontarse a emerxencias.

O que lle temos que dicir desde o BNG, señor conselleiro, é que é unha auténtica barbaridade. É unha auténtica barbaridade, primeiro, porque nin as enfermeiras están pasa substituír os médicos nin os médicos para substituír as enfermeiras. Se hai equipos, é porque fai falta o equipo completo. Porque diante dunha emerxencia fan falta todas as mans para atender esa emerxencia, para facer o electro, para poñer soros, para pinchar, para todo iso, e un profesional só non pode facelo. Significa estrés para o profesional, telos vendidos e non dar a asistencia sanitaria que se require. É unha auténtica barbaridade.

E, por iso, o que lle dicimos hoxe aquí é que, con estas medidas que non están tomando, que parece que toman, está recoñecendo *de facto* que hai unha auténtica situación de alarma, que vimos denunciando desde o BNG desde hai tempo e que vostede non quere recoñecer.

É que non é xa que llo digamos soamente desde o BNG, senón que hoxe nos atopamos con esta noticia: que o Colexio de Médicos de Pontevedra rompe relacións coa consellería en canto siga



o equipo actual á fronte, porque non está aportando ningunha solución, (*Aplausos.*) vai de ocorrencia en ocorrencia e non dá ningunha solución nin para os profesionais nin para a poboación.

Por iso, señor conselleiro...,

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora PRADO CORES: ...nesta primeira quenda remato dicíndolle: ¿que medidas vai tomar para solucionar os gravísimos problemas da área sanitaria Pontevedra-O Salnés, convertida no auténtico quilómetro cero da desfeita sanitaria e que sofren arredor de trescentos mil veciños e veciñas da área?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Resposta do conselleiro de Sanidade, don Julio García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Bo día de novo.

Presidente, señorías, señora Prado Cores.

Esta é a segunda vez que neste período de sesións son interpelado por vostede en relación coa situación de atención primaria. E unha vez máis ignora, por pura conveniencia partidista, que a situación complexa que está a atravesar a atención primaria non só nos afecta a nós, senón que afecta a todas as comunidades autónomas do Estado.

Léolle unha frase: *El Colegio de Médicos de Barcelona alertó hace unos meses de la preocupante cifra de jubilaciones que tendrán lugar en los próximos años. De acuerdo con el colegio, en 2022 ochocientos médicos llegarán a la edad de retiro. La previsión es que la cifra siga creciendo y alcance el pico dentro de cinco años, xustamente no mesmo momento que vaticina o informe do Ministerio de Sanidade, no 2027.*

Vostede segue a dicir que faltan médicos en Galicia pola política do PP e porque non escoitamos o BNG. ¿Tampouco os escoitan os seus socios? Porque lémbrolle que a sanidade catalá leva doce anos xestionada por conselleiros nacionalistas e —¡sorpresa!— alí tamén faltan médicos na atención primaria. ¿Tamén os conselleiros de sanidade nacionalistas de Cataluña teñen unha política de acoso e derribo —que tanto lle gusta a vostede dicir— da atención primaria? ¿Como poden vostedes, entón, ser cómplices e compartir alianzas electorais, pa-peletas, mitins, con xente tan desalmada, señora Prado? Probablemente ¿sabe por que? Porque non son desalmados, probablemente porque os políticos nacionalistas que xestionan a sanidade pública catalá son conscientes de que hai unha raíz común a este problema de déficit de médicos de familia en toda España. E por iso tamén demandan solucións comúns, que teñen que vir a nivel estatal, porque a día de hoxe nin en Galicia nin no País Vasco nin en Cataluña nin en ningunha outra comunidade autónoma pódese contratar máis médicos para atención primaria, simplemente porque non os hai. E aí a dificultade que atopamos



para cubrir as prazas que levan tempo vacantes ou simplemente cubrir vacantes derivadas de baixas laborais, por exemplo.

Precisamente por iso o Goberno galego, co Goberno vasco e co Goberno catalán, coincidiu nun manifesto exixindo ao Goberno de España medidas que son competencia exclusiva do Estado, aquelas relacionadas coa acreditación da formación en atención primaria. Non creo que cuestione os gobernos vasco e catalán e que diga que foxen das súas competencias. Xestionan a sanidade igual que nós, e, igual que nós, teñen as dificultades derivadas de quen xestiona o sistema de formación especializada, que é o Goberno de España e que leva anos ignorando as reformas que deben acometer, concretamente dende o ano 2018, de xeito flagrante.

Vostede dixo no debate de orzamentos desta consellería que a pedir a Madrid ao BNG non lle gañaba ninguén. Ben, pois eu teño que dicirlle que é mentira: gáñalle o PNV, gáñalle Junts, gáñalle Esquerra, gáñalle Coalición Canaria, gáñalle o Partido Socialista de Cantabria e tamén lle gaña o PP. Porque todos estes partidos facilitaron que se aprobara este mesmo ano unha resolución no Congreso pedindo ao Goberno central que tome as medidas que se necesitan, todos os servizos de saúde autonómicos. E ¿quen votou en contra? Pois o PSOE e o Bloque, o seu socio fiel. *(Aplausos.)*

Pero a resolución aprobose. O Goberno de España ten o mandato parlamentario de cumprila e, por iso, neste parlamento tamén vostede ten que exixir ese cumprimento. Trouxémolo a este Parlamento, ¿e quen votou en contra? O PSOE e o Bloque. Neste tema vostedes quedaron sós, reféns do PSOE e negándose a pedir o mesmo que piden o resto de partidos nacionalistas do Estado. Creo que isto é importante dicilo e é importante tamén que o saiba a xente; esta xente que nos acompaña hoxe e á que, por suposto, teño que saudar e trasladarlles os meus respectos. Por suposto, tamén esa xente que se manifesta pedindo profesionais para os seus centros de saúde en Caldas, en Sanxenxo, en Soutomaior, no Grove ou en Viveiro. Esa xente ten que saber que o mesmo BNG que se pon á fronte cando hai que pedirlle algo á Xunta, logo escóndese detrás da barreira cando hai que pedirlle ao PSOE que cumpra as obrigas dende o Goberno do Estado.

Por tanto, quero dicirlles a eses pais e nais que están preocupados pola falta de pediatras no Grove ou en Viveiro que a Xunta os escoita e que está a facer todo o posible para resolver o seu problema; por exemplo, para habilitar legalmente esas prazas vacantes de pediatría e de primaria e que poidan cubrirse. Por certo, que na praza de Viveiro, aínda non se xubilou o pediatra. Xubíbase nos vindeiros días. Agora está de vacacións, e xa temos aí, neste caso ao Bloque, falando de cobertura de praza. Bueno, pois teño que dicirlles a eses cidadáns que pedimos, no noso caso, a cobertura desas prazas vacantes de pediatría por concurso de méritos, e eses pais e nais teñen que saber que a esa proposta o BNG neste Parlamento votou en contra.

E quero dicirlle tamén a esa veciñanza de Caldas ou de Baltar, preocupada por que non hai médico no seu PAC, que a Xunta comparte esa preocupación, claro que si. E que para garantir esas presenza creou unha categoría o ano pasado de facultativo de primaria que combina a atención ordinaria con gardas de PAC e que convocou 106 prazas desa categoría. Isto vai permitir garantir a cobertura de máis de 2.500 gardas ao ano nos PAC galegos. A xente ten que



saber que, ante esa proposta, o Bloque votou en contra. Teñen que saber que o novo persoal que se incorporou nestes días ás consultas de medicina de familia nos centros de saúde de Baltar, Viveiro, Cambados, O Grove ou Vilagarcía o fixo co voto en contra do BNG.

Polo tanto, señora Prado, eu podo mirarlle á cara a esta xente que está hoxe aquí dicíndolle que estamos a facer todo o que está nas nosas mans para resolver o seu problema. Mentres vostedes só ven no problema destas persoas unha oportunidade partidista para as súas eleccións municipais. (*Aplausos.*) E por iso —como dicía— votan en contra destas medidas, porque vostedes teñen un interese político en que a situación que vive esta xente non se arranxe, e poñen ese suposto rédito electoral por riba das necesidades das persoas.

Por iso, eu quero dicirlle á veciñanza de todos estes concellos onde vostedes organizan protestas que teñan coidado cos que cren que se benefician politicamente de que haxa problemas na sanidade pública, porque esta xente vai facer todo o posible por que estes problemas non se arranxen —e aí remítome aos datos que acabo de dar agora—. Por iso din unha cousa e votan a contraria, (*Murmurios.*) porque non vaia ser que os postos de pediatría se ocupen e as gardas dos PAC se cubran e algún candidato do Bloque ás eleccións municipais quede sen discurso. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

E respecto da área sanitaria de Pontevedra–O Salnés, reitero por enésima vez que o persoal de enfermería en ningún caso vai substituír o persoal médico. A vostedes vailles moi ben este discurso, pero volvo dicir que non é certo. Nunca vai substituír o persoal de enfermería o persoal médico, de ningunha maneira. Nós o que queremos é substituír persoal médico con persoal médico, de aí esas 106 prazas de facultativo especialista con dúas gardas ao mes no PAC, ás que —como acabo de dicir— vostedes votaron en contra. Pero actualmente nos PAC desta área atópanse, por exemplo, 6 médicos de familia en situación de incapacidade temporal, e non podemos substituílos porque hai cero profesionais dispoñibles nas listas de contratación, como se pode ver —calquera que o queira ver— na web do Sergas, mirando como están agora mesmo as listas de contratación. Polo tanto, todo o equipo directivo desa área está a facer a xestión máis eficiente posible para poder contar cos recursos dispoñibles e poder cubrir as quendas dos PAC.

Este persoal, o dos PAC, sempre vai estar conformado, cando non haxa médico, polo menos por dúas enfermeiras, que sempre estarán en permanente contacto —como o foi dende o primeiro día— coa central do 061 para que lles brinden o apoio necesario. E ante esta realidade, temos tres propostas: os colexios oficiais de médicos piden que, de non haber médico, o mellor que se pode facer é pechar o PAC ata encontrar atención noutro centro do concello; o sindicato médico CESM, o mesmo, pídenos que pechemos o PAC, antes de deixalo sen médico; e o PSOE e o Bloque dinnos tamén que non podemos manter aberto un PAC sen persoal médico, pero non teñen a valentía de rematar o razoamento. ¿Está o Bloque de acordo —o Bloque, señor Torrado— en que pechemos os PAC por falta de médico ou quere que continuemos manténdooos abertos cos profesionais sanitarios que seguen en activo? ¿Está de acordo o Bloque, xunto cos colexios de médicos, en que debemos comezar a pechar puntos de atención continuada en todo o territorio galego e en concretar os recursos? É importante sabelo porque, en vez de reforzar a formación dos profesionais de enfermería que se atopan atendendo estes PAC, o BNG prefire pechalos. O honesto sería que o dixesen abertamente,



señora Prado. A nós non nos estrañaría, porque hai que lembrar xa o que no Goberno bipartito formulaban a través do documento *Propostas de transformación da atención primaria en Galicia*, que dicía literalmente: «*Se hace necesario realizar una reforma en profundidad que produzca una reducción actual del número de puntos de atención continuada con menor consumo de profesionales*». ¿Quen firmaba este parágrafo? O señor Manuel Martín, daquela asesor sanitario do Bipartito e hoxe portavoz desa autodenominada plataforma SOS Sanidade Pública, na que vostedes se abrazan e coa que se fan as fotos en todas as manifestacións.

¿A súa proposta é, unha vez máis, pechar PACs? Dígano abertamente. Non se presente cunha alternativa falaz de cubrilos con médicos, onde non os hai, nin sequera onde gobernan os seus socios. A situación actual é de escaseza de profesionais sanitarios, e loitamos para revertela, dende logo que si. E loitamos, neste caso, co maior presuposto da Xunta de Galicia en sanidade, 4.972 millóns de euros; que cando gobernaba o Bipartito non chegaban aos 4.000. Ou en atención primaria, que chegamos aos 1.500 millóns de euros por primeira vez, dos cales 570 son para persoal.

Como dicía, non enganen, digan o que queren facer; e, dende logo, non pretendan dicir que esta é unha situación derivada das políticas do PP. Como acabo de demostrar unha vez máis, isto está pasando en toda España, e o Bloque segue votando permanentemente en contra das medidas que se propoñen. (*Prolongados aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(*Aplausos.*)

Para a réplica, a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Antes de máis, señor conselleiro, está moi ben que lles traslade os respectos ás persoas que nos acompañan hoxe na tribuna, pero eu creo que elas prefiren que lles traslade solucións ao grave problema. (*Aplausos.*)

Eu realmente lamento que o conselleiro da Xunta de Galiza que leva gobernando trece anos ininterrompidamente en Galiza veña aquí facer de comentarista do que pasa no Estado, porque eu teño que lembrarlle que vostede é conselleiro, que leva formando parte dos equipos da Xunta do Partido Popular practicamente desde hai trece anos... (*Murmurios.*) Ben, moitos anos. En todo caso, non chegou de conselleiro, estivo xa noutros cargos. E terán a responsabilidade de dicir que fixeron, porque ¿quen goberna en Galiza? Paréceme que o Partido Popular, que leva gobernando trece anos. E vostedes, instalados en botarlle a culpa ao empedrado. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

Vostede segue instalado en, bueno, ese relato fraudulento de intentar controlar a realidade con palabras que non se corresponden. Xa llo dixen antes, mire, a realidade do día de hoxe é esta. (*A señora Prado Cores mostra un documento.*) Isto é o que está acontecendo en Moraña, e isto (*A señora Prado Cores mostra outro documento.*) é o que lle acontece a calquera nai ou pai en Soutomaior que queira pedir consulta de pediatría, que lle din: «A axenda do profesional non dispón de ocos libres para pedir cita». «Non dispón», non é que teña para dentro dun mes. Antes aínda podían pedir para o do lado; agora xa non poden nin pedir cita. Esta é a realidade, non as súas mentiras. (*Aplausos.*)



Nós interpelámolo a vostede, que é o conselleiro, e vostede, en vez de dar respostas, preguntalle ao BNG. Mire, o BNG nunca apoiou o peche de PACs nin o vai facer. Así de claro. Non temos absolutamente ningún problema.

E eu non sei o que pasa ou cales son as causas do Estado a respecto do que acontece coa sanidade, o que sei é o que pasa en Galiza e por que pasa. (*Murmurios.*) E o que pasa non é por casualidade, (*Murmurios.*) non é por casualidade. (*Murmurios.*) Mire, voulle dicir o que pasa. O que pasa é que Galiza é a segunda pola cola en investimento en atención primaria de todo o Estado. Iso é o que pasa en Galiza. O que pasa en Galiza é que o recorte acumulado do Partido Popular en atención primaria significaría que terían que ter investido máis de 2.000 millóns de euros neses trece anos e que non se investiron. O que pasa en Galiza é que nos orzamentos o ano pasado baixaron o investimento en atención primaria, cando se subiu en todo o Estado. O que pasa en Galiza é que nos orzamentos para o ano que vén non hai nin un só euro para aumentar persoal en atención primaria. (*Aplausos.*) O que pasa é que Galiza é que é a cuarta pola cola en investimento no seu persoal, (*Aplausos.*) ¡a cuarta pola cola! O que pasa é que levan anos maltratando os profesionais e que foxen despavoridos.

E, mire, os colexios médicos sacaron un informe non hai moito —que o fan todos os anos— dicindo que este ano en Galiza 75 médicos pediron o certificado de idoneidade —que é ese que piden para poder traballar fóra—, a maioría de familia comunitaria. ¿Por que cre vostede que piden o certificado de idoneidade?, ¿para telo alí exposto na parede? Non, porque a súa opción para ter unha relación laboral normal é marchar fóra. ¿Que din os médicos? Que dos que rematan o MIR nin o 40 % aceptan contratos en atención primaria. ¿Por que? Porque non soportan estas condicións. ¿Que di enfermería familiar e comunitaria? Que o 20 % dos que teñen a especialidade, para traballar nesa especialidade, teñen que ir fóra de Galiza porque aquí non lles permiten traballar do seu e que o 15 % non traballa na súa especialidade.

Eses son os datos e esas son as súas políticas, e a consecuencia desas políticas é que os profesionais marchan despavoridos. (*Murmurios.*) Entón, mire o que fan os demais, pero responsabilícese do que ten que facer vostede. (*Aplausos.*)

Eu faleille de Sandra —que está aí na tribuna—, pero vostede non quere nin oír falar dos problemas das nais e pais a respecto da pediatría. (*Murmurios.*) ¡Mellor falar do que pasa noutro lado! (*Murmurios.*) E, falando do que pasa noutro lado, estamos vendo como incluso o conselleiro dixo que, claro, é que agora resulta que en Madrid... Non, en Madrid está pasando o que leva meses sufrindo a área sanitaria de Pontevedra-O Salnés, sen médicos nos PAC. ¡Levamos meses! E isto é a proba de que é unha folla de ruta ideolóxica, que é a do Partido Popular, cando a folla de ruta en Galiza resulta que tamén a exportan a Madrid. ¡Non somos colonizados de Madrid! Vostedes van de adiantados coas súas políticas, esa é a realidade.

Mire, para rematar —que se me acaba o tempo, señor conselleiro—, o Colexio de Médicos o que di é que, por moito que vostedes quiten prazas fixas, non é cuestión diso; din que é cuestión de condicións laborais. Dío o Colexio de Médicos, non o BNG. Dígoo para que tome un pouco de nota. E eu o que lle digo é que hai alternativas que vostedes poden poñer en marcha, mais que non queren poñelas. E a primeira é tomar medidas para que non sigan marchando os que rematan a formación; tomar medidas para facer auténticas ofertas para os que están



fóra —que seguen sendo centos os que están fóra de Galiza— e para que retornen; tomar medidas para incorporar novas categorías aos centros de saúde —como son psicoloxía clínica, como son...—, que vostedes non queren incorporar, cando hai profesionais dispostos a traballar nunhas condicións dignas, non a calquera prezo.

A realidade é que tiñan que aumentar o orzamento. Galiza está á cola —só por detrás de Madrid, ¡oh!, casualidade—. Madrid é a que menos inviste; e detrás de Madrid, Galiza. Hai que aumentar o orzamento para, realmente, poñer medidas en marcha. Todo iso depende do Partido Popular, depende da Xunta...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...e de vostede, como máximo responsable.

Co cal, si pode poñer medidas encima da mesa, si pode actuar para solucionar os problemas da veciñanza e dos profesionais, pero vostedes o que non queren é facelo, porque tendo unha sanidade pública deteriorada é o único xeito de engordar a privada; e se a sanidade pública funciona ben, ninguén vai pagar consultas á privada nin facer seguros. Esa é a auténtica razón da desfeita sanitaria do Partido Popular, jesa é a auténtica razón! *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

(Aplausos.)

Para o peche da interpelación, o conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas, presidente.

Señora Prado, alégrome de que vostede non se poña do lado do Colexio de Médicos, que propón pechar os PAC; alégrome. Acaba de dicir aquí que non propón pechalos. Alégrome —insisto—. Nós tampouco queremos pechalos, e por iso estamos reforzando esa formación da enfermería, que nos parece que está perfectamente preparada para, cando non está o médico, atender. Non sei se vostedes o saben, pero cando nun PAC un médico se despraza a un domicilio ou a un hospital a enfermería moitas veces queda soa. Isto é normal. Nas ambulancias do 061 van enfermeiras soas que traballan perfectamente. Como digo, ademais, nós estamos a facer ese procedemento, deixando sempre dúas enfermeiras e, como dicía, conectadas co 061, tal como, por certo, acaba de reclamar un sindicato de enfermería manifestando ou reforzando a súa posición de que a enfermeira vale perfectamente para isto.

Como digo, a nosa intención é substituír os médicos dos PAC por médicos de PAC. E vostede, señora Prado, sabe que a solución para ter máis médicos non está na Xunta de Galicia, ou debera sabelo. Se a estas alturas non o sabe, temos un problema ben gordo. En todo o Estado o problema é o mesmo, e acabo de darlle datos na miña intervención anterior que confirman como están o resto das comunidades autónomas, de todos os signos. O País Vasco, Cataluña e absolutamente todas as comunidades están exactamente igual. Hai unha clara falta de médicos.



Vostedes están co mantra de que os médicos marchan. Xa llo dixen neste Parlamento, díxenllo en privado e dígollo todas as veces que teño ocasión: mire, nos dez últimos anos, dos MIR formados en Galicia o 90 % traballa no Sergas. (*Murmurios.*) Non, non... Se me permite, agora voulle dicir onde traballan. E dese 90 % que traballa no Sergas, o 64 %, con praza en propiedade. Efectivamente, algúns deles están traballando en urxencias, claro que si, porque aí, como saben— e aí coincidimos con vostede— estamos pedindo dende hai moito tempo no Parlamento, non en Madrid, que os especialistas formados en Familiar e Comunitaria non teñan que seguir ese camiño para traballar en urxencias, e por iso pedimos a especialidade de Urxencias.

Nesa resolución do Parlamento español á que vostedes votaron en contra estaba crear 1.000 prazas máis ao ano de Familiar e Comunitaria e crear a especialidade de Urxencias. O Bloque votou en contra. Cando veu a este Parlamento unha moción para pedirlle ao Goberno que cumpra esa resolución, o Bloque votou en contra. Votou en contra das Urxencias hospitalarias como especialidade e votou en contra... ¡Home!, votou en contra desa resolución, señora Prado. Claro que votou en contra. Entón, ben, o que digo é que lle interesa unha mensaxe en Madrid e outra aquí.

En todo caso —insisto—, os médicos non marchan de Galicia, señora Prado. Eu comparto moitas reunións co resto de conselleiros e exactamente dicimos todos o mesmo: algún médico marcha. Eu non podo evitar que un señor marche a Murcia ou que un de Murcia veña para aquí, pero maioritariamente os médicos están aquí. E voulle dar un dato: dos MIR que remataron este ano, que remataron 96 no mes de maio, 4 deles van ter praza en propiedade no mes de novembro. Grazas, iso si, ao voto favorable de vostede ás novas prazas. Preséntáronse 30 a estas prazas e 4 van coller praza en propiedade, porque hai xente que ten máis méritos... En concurso de méritos, ¡eh! señora Prado, que ao mellor vostede se equivoca; en concurso de méritos. E hai médicos que teñen máis méritos e collen praza. Pero 4 deses van ser MIR de Familia. ¡Mire vostede que malas condicións! Di vostede: o que ten que facer é ofrecerlles boas condicións. ¿Unha praza en propiedade non lle parece unha boa condición? ¿Non? ¿É mellor outra praza, non?

Os gastos. Ben, estamos co mantra tamén dos gastos, do gasto de atención primaria. Mire, este goberno gasta 134 millóns de euros máis que o que gastaba no 2009 o Bipartito —¡134 millóns de euros máis!—, para dar algún dato.

Respecto da privada, todo isto é unha montaxe do Goberno do PP, do Goberno dos cataláns, dos vascos... En fin, todo o mundo está pensando en desmontar a atención primaria para que se vaian á privada. Pois, mire, eu non sei noutras comunidades autónomas, pero agora si que vou dar o exemplo de Galicia. En Galicia cada ano derivamos menos á privada. Quen máis derivou á privada foron vostedes cando gobernaron no 2009, ¡os que máis! (*Aplausos.*) Se sacamos os datos de canto derivaron á privada, témolo aí.

Hoxe vemos un exemplo máis do que o Bloque é capaz de facer con tal de poñerse á fronte da manifestación e enganar a xente. Falan vostedes dese movemento de substituír enfermeiras por médicos; falso, rechazado. E onte a súa portavoz parlamentaria chegou a dicir que temos un plan para facer teleconsultas nos PAC. ¿Onde demonios viron iso escrito, pu-



blicado ou comentado? É máis, pídenlle ao presidente da Xunta de Galicia unha comparecencia para explicar unha cousa que non existe. *(O señor García Comesaña amosa un documento.)* Ou sexa, vostedes non teñen límite, son capaces de inventar unha cousa e de pedir unha comparecencia por algo que nin sequera dixo ninguén. *(O señor García Comesaña amosa novamente o documento.)* ¿Isto que é? Mire, isto o que merece é que se rompa... *(O señor García Comesaña racha o documento que acaba de amosar.)* *(Aplausos.)* *(Murmurios.)* E daremos explicacións das cousas que dicimos, non das que non dicimos.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Suspendemos a sesión ata as 16.30.

Suspéndese a sesión ás dúas e cincuenta minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos da tarde.

O señor PRESIDENTE: Reiniciamos a sesión co punto sétimo da orde do día, preguntas ao Goberno.

Comezamos coa seguinte pregunta.

Pregunta de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as axudas para a gratuidade da atención educativa en escolas infantís

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Bo día, boa tarde —perdón—, señora conselleira.

A Xunta de Galicia anunciou en abril de 2020 a implantación da gratuidade das escolas infantís de 0 a 3 anos para os segundos fillos e sucesivos. En outubro de 2021, no debate sobre o estado da Autonomía, o expresidente Feijóo anunciou que esta gratuidade se ampliaría a todas as familias a partir do próximo curso, que cifraba nunhas trinta mil familias, e que a Xunta de Galicia destinaría 30 millóns de euros para pagar esta gratuidade nas escolas da súa titularidade, nas municipais e nas concertadas.

Nos DOG do 22 de xuño e do 3 de agosto deste ano a consellería que vostede dirixe publicou as ordes polas que se regulan os procedementos de concesión das ditas axudas ás entidades privadas e aos concellos, destinadas a bonificar o 100 por cento do prezo de atención educativa mensual que lle corresponda aboar á familia durante once meses.

Así, para as entidades privadas, establécese un orzamento de case 41,5 millóns de euros, cun máximo de 306 euros/mes praza xornada completa, mentres que no caso das escolas infantís e puntos de atención á infancia de titularidade municipal o orzamento é de case 10,6 millóns de euros, cun importe máximo de 169,26 euros/mes praza xornada completa. É dicir, 41,5 millóns de euros para as entidades privadas, fronte a 10,6 millóns de euros para os concellos,



cun máximo de 306 euros/mes praza para as entidades privadas, fronte a 169,26 euros/mes praza para os concellos, ao tempo que vostedes obrigan os concellos a entregarlles ás familias uns xustificantes mensuais de pagamento nos que conste o importe que lles correspondería aboar coa lenda de «prezo bonificado 100 por cento pola Xunta de Galicia».

É dicir, señora conselleira, unha vez máis, a Xunta invita e os concellos pagan. E vostedes pretenden que os concellos mintan para lavarlle a cara a este goberno galego dicindo que son vostedes os que bonifican o custo da totalidade da praza ocupada, cando vostede sabe perfectamente que iso é sinxelamente mentira. Un anuncio máis desa publicidade e propaganda que tan ben lles vai.

Señora conselleira, ¿a vostede parécelle correcto anunciar a gratuidade de prazas de todas as escolas infantís de Galicia como un programa da Comunidade Autónoma de Galicia sen ter en conta a parte que financian os concellos? ¿Ten feito algún estudo do custo total de cada unha das escolas infantís de 0 a 3 anos e o financiamento total que reciben de cada administración?

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Resposta da conselleira de Política Social e Xuventude, dona Fabiola García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Moitas grazas, presidente.

Deputadas e deputados, moi boas tardes.

Señora Rodríguez, Galicia logrou converterse nunha referencia en materia de conciliación grazas ao traballo e grazas ao esforzo e ao compromiso da Xunta de Galicia. Foi precisamente a Administración autonómica a que puxo á disposición das familias galegas medidas tan importantes como a Tarxeta Benvida, unha axuda económica directa na que destinamos máis de 200 millóns de euros e que xa leva beneficiado máis de oitenta mil familias galegas, a través do Bono Coidado, para a contratación dun recurso extraordinario de conciliación e que xa beneficiou o ano pasado máis de mil familias galegas; ou tamén a través das 95 casas niño espalladas polo noso rural galego e que, ademais, son 100 por cento gratuítas tamén para todos os pais.

Este mes de setembro Galicia deu un novo paso, un paso moi importante e decisivo en materia de conciliación e que xa está sendo imitado, ademais, por outras comunidades, comunidades tamén de distinta cor política. O Goberno galego impulsou a gratuidade en todas as escolas infantís de Galicia, tanto as públicas como as privadas e as de iniciativa social; unha medida clara e que beneficia directamente máis de trinta mil familias galegas, que non teñen que pagar nin un só euro pola atención educativa dos seus fillos de 0 a 3 anos durante oito horas ao día.

Tal e como fixemos coas escolas infantís autonómicas, coas privadas e coas de iniciativa social, o Goberno galego tamén decidiu contar cos concellos para aplicar nas súas escolas infantís esta gratuidade.



Señorías, levamos moito tempo, pero moito tempo, solicitándolle ao Goberno de España que colabore no financiamento desta iniciativa, e convidando tamén a que estenda esta mesma medida en todas as zonas do noso país. En Galicia seguiremos sendo os únicos coa educación infantil gratuíta, e parece que, mentres o Partido Socialista e Podemos estean na Moncloa, seguirémola sostendo, esta medida tan importante, grazas ao peto dos nosos galegos.

Señorías, tentar xerar debate cunha medida pioneira e cunha medida que é referencia sen dúbida ningunha a nivel nacional e que beneficia como nunca antes todas as familias galegas non os deixa en bo lugar. Fáganme caso e pídalle permiso ao seu Partido Socialista e solicítenlle ao Goberno central que colabore no financiamento dunha medida que, ademais, redundando, sinceramente, no benestar das familias galegas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Señora conselleira, é verdade que a Xunta de Galicia impulsa novamente unha medida, pero que non paga na súa totalidade. Insístolle: a Xunta invita e os concellos pagan.

Voulle poñer un exemplo real, señora conselleira. Un concello galego de cinco mil habitantes, cando se construíu a escola infantil, o compromiso de financiamento era un terzo, un terzo, un terzo; ano 2021-2022, custo total: 171.400 euros; a Xunta, o 22 por cento; achegas das familias, 20 por cento; o concello, 99.512 euros; é dicir, o 58 por cento do custo total da escola infantil.

Señora conselleira, estamos no debate dos orzamentos da Xunta de Galicia para 2023. Son os orzamentos máis altos da historia, que acadan máis de 12.600 millóns de euros de gasto non financeiro, no que os concellos volven ser os grandes damnificados, con Rueda recibindo o mesmo importe de financiamento que durante os trece anos de Feijóo, 112,9 millóns de euros; cuns orzamentos para 2023 que contan con 1.239 millóns de euros máis de ingresos, e cando a propia Fegamp —na que tamén está representado o seu partido— advertiu hai uns días de que os servizos compartidos coa Xunta de Galicia custan aos concellos 1.000 millóns de euros, dos que a Administración galega só aboa 376 millóns de euros, polo que o déficit dos concellos nas competencias compartidas coa Xunta de Galicia supera os 620 millóns de euros e que ameaza seriamente a viabilidade dos concellos galegos.

Señora conselleira, asuman as súas competencias. ¿Cando ten previsto o Goberno galego asumir a totalidade dos custos das escolas infantís galegas que están mantendo os concellos, asumindo a competencia propia que lles corresponde a vostedes? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche desta pregunta, conselleira de Política Social e Xuventude.



A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Grazas, presidente.

Señora Rodríguez, unha medida histórica, unha medida que é referencia a nivel nacional e ademais implantada pola Xunta de Galicia eu penso que non debe de ser cuestionada.

Cando falamos desta medida, cando falamos da gratuidade da educación infantil, estamos falando dunha medida que vai destinada ás familias, non vai destinada aos concellos. ¿Que implica esta medida? Que os pais que antes non pagaban nunha escola infantil agora contíñan sen pagar e todos os pais que antes pagaban por levar os seus fillos a unha escola infantil agora, con esta medida, deixan de pagar.

A Xunta de Galicia leva moitísimos anos traballando polas familias galegas, e agora esta medida beneficia máis de trinta e unha mil familias de toda Galicia, trinta e unha mil familias galegas que aforrarán unha media de 1.500 e 2.000 euros cada ano por levar o seu fillo a unha escola infantil, da titularidade que sexa, trinta e unha mil familias galegas que, nun contexto de suba de prezos descontrolados como o que estamos a vivir, afrontan esta situación coa tranquilidade de saber que a atención educativa dos seus fillos é 100 % gratuíta, grazas a unha inversión de 55 millóns de euros.

Somos plenamente conscientes de que para levar a cabo unha medida de tal envergadura é necesaria a colaboración, por suposto tamén, dos concellos. E todo isto —insisto—, señora Rodríguez, faremolo con fondos propios, porque —insisto— a colaboración do Goberno central é de cero, de cero euros.

Señorías, hoxe Galicia está facendo máis que nunca polas familias galegas, para que a nosa Comunidade continúe sendo sempre o mellor lugar para nacer.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Alteración da orde do día

Agora continuaremos, e comunícolles que hai unha alteración da orde do día, que consiste en que imos debater a seguir agora as preguntas da 7.5 á 7.8, continuaremos despois coa 7.2 e coa 7.4 e, por último, a 7.3. (Murmurios.) É así, unha alteración. Eu xa sei que isto pode prestarse a confusión, pero ben, está todo máis ou menos xa explicado e coñéceno os grupos.

Agora comezamos coa de don Xosé Manuel Balseiro Orol, do Grupo Parlamentario Popular.

Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a información da que dispón neste momento o Goberno galego en relación coas causas do derrubamento e os traballos de reconstrución do viaduto da A-6 colapsado o pasado mes de xuño

O señor PRESIDENTE: Cando queira.



O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, a autovía do Noroeste é unha das vías principais de comunicación de Galicia coa Meseta. Ao redor da metade do tráfico que entra na nosa comunidade faino pola A-6, ou, para ser máis precisos, entraba. Porque, cinco meses despois do desplome do viaduto do Castro, a circulación pola autovía entre as provincias de Lugo e de León continúa interrompida, e todo apunta a que permanecerá cortada como mínimo entre dous e tres anos.

A xestión que levou o Ministerio de Transportes en relación con este asunto pode definirse facilmente como a crónica dunha chapuza. Durante meses estiveron desviando a atención, sen asumir ningunha responsabilidade, sen proporcionar datos relevantes, menosprezando as propostas alternativas da Xunta e as suxestións dos transportistas. Todo eran contradicións.

Por unha banda, o ministerio veuse obrigado a rectificar o erro clamoroso en Pedrafita, recoñecendo que o desvío que puxo en servizo en setembro non funcionaba, mentres que só uns días antes seguían insistindo en que os críticos eran minoritarios e que o desvío era perfecto. Con todo, os transportistas seguen hoxe sen unha solución efectiva que non sexa pasar polo centro de Pedrafita.

Moitas contradicións. Prometen actuar con celeridade, pero nin temos unha folla de ruta clara, concreta e completa para a reconstrución do viaduto e a recuperación da circulación na A-6, non hai partida específica nos orzamentos e a obra de emerxencia fala de tramitación e non fala de investimentos.

Despois de meses agardando por unha explicación, a información ofrecida a semana pasada polo ministerio deixa moitas dúbidas. O que se nos di, de forma moi resumida, é que o viaduto estaba moi mal e que as obras que debían reparalo tras investir 26 millóns de euros non foron correctamente executadas e fixeron que caera. E hoxe sabemos, señora conselleira, que a empresa que fixo a obra de emerxencia é a mesma que valorou as causas do colapso. Repito: hoxe sabemos, señora conselleira, que a empresa que fixo a obra de emerxencia é a mesma que valorou as causas do colapso. Comprenderán vostedes que é bastante pouco usual que unha mesma empresa sexa xuíz e parte.

Termino, señor presidente.

Señora conselleira, a realidade é que un dos principais accesos a Galicia segue pechado e a xestión que o Goberno de España está a facer do colapso do viaduto da A-6 é manifestamente mellorable en moitos sentidos.

Nada máis e moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiro.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, dona Ethel María Vázquez Mourelle.



A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señoría, pois o pasado martes acudimos, dende logo, expectantes a esa xuntanza convocada polo Ministerio de Transportes, cinco meses despois do colapso. Nós agardamos que todas as incógnitas e as dúbidas quedaran resoltas, e, sobre todo, en primeiro lugar, coñecer as causas do colapso; en segundo lugar, coñecer unha alternativa eficaz e transitoria de desvío para o tránsito de mercadorías e, dende logo, un plan maduro para a reconstrución total da autovía.

Eses eran os tres obxectivos que tiñamos por diante para esa xuntanza e reclamamos transparencia, seriedade e axilidade —eu creo que era o razoable—, pero o certo é que as nosas expectativas eran moi elevadas, porque o certo é que, despois da xuntanza, agardabamos moitísimo máis. Agardabamos máis concreción e máis claridade, porque o certo é que, despois de escoitar as explicacións e ler tamén as explicacións, dende logo hai máis dúbidas que certezas. Eu non dubido que, se alguén escoitou as explicacións, non teña claro o que aconteceu. E o máis importante: ¿que é o que debemos facer para que non se volva repetir? Porque o certo é que non podemos permitir que isto volva suceder.

E hai moitas cuestións que quedan sen resposta. Se o formigón estaba tan deteriorado, ¿por que non se detectou na inspección especial, ou si se detectou, no informe de inspección especial obrigatorio que hai que facer? ¿Por que se tomou a decisión de substituír e retensar os cables e poñer dous cables máis antes de reparar o formigón? ¿Por que non se substituíu o taboleiro de fusión na obra de emerxencia? E tamén importante: ¿por que, cando se pechou o viaduto que colapsou, se estaba tan mal, se permitiu o tráfico polo viaduto xemelgo? Polo tanto, hai moitas dúbidas sobre esta cuestión e, polo tanto, se fallaron os traballos de reparación ¿por que non se explica o que fallou na reparación?

O Ministerio de Transportes parece que pretende convencernos de que este colapso foi inevitable, e, dende logo, os cidadáns non podemos asumir que o colapso dun viaduto é inevitable. En canto aos desvíos provisionais, dende logo, o primeiro desvío e o segundo non superaron as probas dende o primeiro día e perdeuse tempo, perdéronse cartos públicos. E o certo é que o primeiro desvío non funciona, e o segundo desvío, con 55 quilómetros, tampouco se vai utilizar. Polo tanto, dende logo, a xestión do Ministerio de Transportes nesta cuestión é a improvisación. E non temos un plan concreto de reconstrución para a autovía A-6, agás previsións vagas. Dende logo, no que hai que actuar é para que isto non volva suceder.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señora conselleira, pola súa explicación. Pero comprenderá que ao Grupo Parlamentario Popular e ao grupo maioritario desta cámara hai cousas que lles chaman a atención.



Estamos a falar dunha das principais entradas a Galicia, sobre todo para unha parte da provincia da Coruña e sobre todo para a provincia de Lugo. Estamos a falar dun viaduto de 582 metros, que din os técnicos que non custaría 26 millóns de euros facelo. E estamos a falar dun viaduto que leva vinte anos en servizo, onde pasan máis de dez mil vehículos diarios, polo cal pasaron millóns de vehículos, e parece ser que se detectan unhas deficiencias e que se fai unha reparación, pero unha reparación que non é pequena, unha reparación de 26 millóns de euros, e cando esa reparación está a piques de abrirse é cando cae o viaduto abaixo.

Pero fágolle unha pregunta, señora conselleira. Nós detectamos que a mesma empresa que fai a reparación dese viaduto que cae abaixo é a mesma empresa que fai agora os informes de por que caeu o viaduto. Cando menos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ben, faga vostede unha... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor, silencio.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Silencio.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Continúe.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor BALSEIRO OROL: Parece que hai dúas empresas, di aí o conselleiro. Ben, non sei. *(Murmurios.)*

Cando menos, iso é algo que nos chama a atención. Por iso, señora conselleira, nosoutros imos seguir pedindo explicacións.

E parécenos increíble que nin a inspección nin as obras de emerxencia, nas que se investiron 26 millóns de euros, detectasen danos no viaduto. Polo cal eu ben sei que o Partido Socialista se pon nervioso, é normal.

E fágolle outra pregunta: se isto ocorrera nalgunha outra parte do territorio no Goberno que sostén o Partido Socialista e que apoiou o Bloque Nacionalista Galego e non ocorrera en Galicia, ¿o trato sería o mesmo ou por parte do Goberno central habería un trato e tomarían decisións distintas ás que tomaron con Galicia?

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiro.

Peche da pregunta, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.



A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Pois, dende logo, a xestión do Ministerio de Transportes é manifestamente mellorable. E hai dúas cuestións fundamentais: ¿que tería feito o Goberno de España se isto mesmo acontecera dende logo noutros territorios? Iso é unha evidencia. E tamén, en segunda cuestión, pois non hai unha partida con nome e apelidos da reconstrución do viaduto da A-6. E o certo é que non hai unha partida con nome e apelidos nos orzamentos do Goberno de España no ano 2023. Estas son realidades e o certo é que tamén é unha realidade que a autovía A-6 é fundamental para a entrada e saída en Galicia e a comunicación coa Meseta. É unha das principais vías de comunicación, a principal, do norte de Galicia.

E o viaduto levaba pechado un ano e cunhas obras de emerxencia de 26 millóns de euros investidos, e, dende logo, segundo a versión do Ministerio de Transportes, parece que era inevitable con eses 26 millóns de euros de emerxencia.

En resumo, entendemos o que nos di o ministerio de que o viaduto estaba moi mal e que as obras que ían reparalo fixeron que caera. Pero, señorías, o lóxico é que, se as obras son de reparación —porque son de reparación—, son para reparar. Iso creo que é o lóxico e é o sentido común; as obras de reparación son para reparar.

A partida orzamentaria —que parece que a algún deputado lle dá igual—, sen nome e sen apelidos, para unha obra de semellante envergadura e que xestionan no Ministerio de Transportes, parece como un problema menor, señoría. E este non é un problema menor, é un problema fundamental en Galicia, e diría que en materia de infraestruturas non sei como non é o maior problema do Ministerio de Transportes, porque o certo é que que colapse un viaduto e que sexa inevitable non o podemos asumir os cidadáns, porque isto non pode volver acontecer.

E durante todo este tempo de silencio o que vimos foron altos cargos do Ministerio de Transportes restar importancia do sucedido, desdeñar as nosas demandas, menosprezar as alternativas da Xunta de Galicia —que, se se fixera esa alternativa, non estaríamos nesta mala situación—. Dende logo, son ataques para dar unha cortina de fume e despistar sen saber que foi o que pasou.

Nós seguiremos defendendo os intereses de Galicia. E o certo é que o Goberno de España non está a actuar nin con transparencia nin con axilidade, nin con rigor. Debe reflexionar o Goberno de España, porque o acontecido na A-6 non pode volver suceder.

E, polo tanto, o que pedimos é transparencia, o que pedimos é que se nos diga o que fallou. Porque —insisto— as administracións públicas debemos programar inspeccións —inspeccións básicas, inspeccións principais e inspeccións especiais— para garantir a seguridade dos usuarios e a calidade das infraestruturas e de aí deseñar os proxectos de reparación. Un proxecto de reparación é para reparar.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D. Daniel Castro García e D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a aceptación da solicitude do cambio de pantallas destinadas aos centros educativos

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

O señor CASTRO GARCÍA: Moitas grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Boa tarde, conselleiro.

Ben, o PP leva así uns cantos meses mostrando unha clara case obsesión por xerar dúbidas a respecto de cada cousa que fai. E o caso da adxudicación das cinco mil pantallas dixitais para o ensino do noso país pois é un bo exemplo. E por esta razón hai unhas cantas semanas decidimos preguntarlle a vostede que que pasara para que comezado o curso 2022-2023 non estivesen aínda á disposición do alumnado e do profesorado e —o que é peor— por que estas pantallas de máxima calidade se substituíron por unhas peores.

E a resposta que deu —síntoo moito, conselleiro— pois soamente xerou máis dúbidas das que xa había, porque, para empezar, aseguraba que estas pantallas estarían para o primeiro trimestre de 2023, cando xa terían que estar para comezos de curso; e, segundo, porque mentres nos dicía isto, a día de hoxe esas pantallas seguen sen ser compradas por parte da Xunta. ¿Por que será? Non queremos pensar mal. E parece que de novo pois non teñen moita présa e que as necesidades do alumnado pois tampouco están no primeiro punto de importancia.

Pero non quedou aquí. Á Xunta nisto pareceulle que había pouco atisbo de chanchullo e decidiu cubrir isto cun pouco máis de escurantismo. E entón ¿que fixo? Pois deulle o *ok* á solicitude de cambio da pantalla seleccionada polos técnicos e técnicas da Amtega sen que se cumprisen os requirimentos legais para este cambio e ademais impedindo en todo momento o acceso á documentación, porque —como diría o señor Rajoy— a Lei de transparencia lla tala.

Entón, sabido isto, dun xeito ben claro e conciso, hoxe queremos preguntarlle: ¿por que permitiron este cambio de pantallas? ¿Por que seguen e estiveron negando até o momento de hoxe ese acceso á información? ¿Van comprar estas pantallas a pesar de todo o dito e a pesar do que debateremos? ¿Cantos meses vai ter que agardar o alumnado galego a que a Xunta resolva o problema que ela mesma creou?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Castro.

Resposta do conselleiro de Facenda e Administración Pública, don Miguel Corgos López-Prado.



O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado):
Bo día, señor presidente.

Señoría.

Pregúntame vostede pola valoración que fai o Goberno galego sobre a substitución de pantallas destinadas a centros educativos galegos no marco do proxecto Abalar.

O primeiro que quero deixar claro é que a resolución pola que se aceptou este cambio de material, a instancias do adxudicatario dun acordo marco, adoptouse segundo en todo momento criterios técnicos e obxectivos e, como non pode ser doutro xeito, de acordo co establecido na Lei de contratos do sector público e no prego de cláusulas técnicas particulares.

Como debería saber, o artigo 222.2 da Lei de contratos das administracións públicas preceptúa que os adxudicatarios dun acordo marco poderán propor ao órgano de contratación a substitución dos bens adxudicados por outros que incorporen avances ou innovacións tecnolóxicas que melloren as prestacións ou características dos adxudicados, sempre que o seu prezo non incremente máis do 10 por cento o inicial da adxudicación, agás que o prego de cláusulas administrativas particulares establecera outro límite.

O prego desa licitación prevía expresamente que se puidese proceder a esta modificación e, segundo informe elaborado polo servizos técnicos da Amtega, o novo equipamento a subministrar iguala ou mellora en todos os aspectos a mostra inicialmente presentada, polo que a súa afirmación sobre unha inferior calidade respecto da orixinal semella non corresponderse coa realidade. Igual vostede sabe máis que os técnicos da Amtega sobre a materia (*Murmurios.*), pero eu, desde logo, confío neles. (*Aplausos.*)

Tampouco é certo que non concorresen os requisitos legais para a súa aceptación —como acabo de acreditar—. O órgano licitante non pode descoñecer a normativa e os principios que rexen a contratación pública e tampouco negar os dereitos que a lei concede aos adxudicatarios dun xeito discrecional e arbitrario.

Por último, é completamente falso que non se estean a cumprir os prazos previstos. Xa llo dixen na anterior intervención e volvo repetilo: estamos seguindo o calendario previsto comprometido co Ministerio de Educación, e por iso cumprimos o primeiro compromiso, que vence no primeiro trimestre do ano 2023.

Por tanto, resulta abraiante que se diga que se está a prexudicar os centros educativos cando precisamente toda actuación levada a cabo por esta administración foi dirixida a que os mesmos contén en prazo co mellor equipamento posible. E este é o obxectivo, e este obxectivo non pode depender dos intereses privados que poida ter unha empresa que nin participou como licitadora no expediente nin é adxudicataria nin ostenta a condición de subcontratista, da que vostede semella recoller a palabra.

Lémbrolle que con estas pantallas se pretende dixitalizar catorce mil aulas no período 2023-2025. Con esta actuación lograremos dixitalizar a práctica totalidade das aulas de primaria



e secundaria do sistema público de ensinanza galego, máis de cento cincuenta mil alumnos, e —reitérolle— en cumprimento cos prazos previstos.

Este goberno actúa sempre —como non pode ser doutro modo— con total transparencia e con arranxo á legalidade para satisfacer...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Ten outro turno despois, conselleiro. Grazas.

(Aplausos.)

Réplica, señor Castro.

O señor CASTRO GARCÍA: Grazas, presidente.

¿Sabe o que pasa, conselleiro? Que isto non sería un problema para vostedes ou para a Xunta de Galiza se nós non tivéssemos nas nosas mans o informe da Amtega, que tanto se afanaron en ocultar. *(Aplausos.) (O señor Castro García mostra un documento.)* E entón vostede falaba moi ben de criterios técnicos e obxectivos. Pois entón imos darlle unha lectura diagonal ao que dicía o informe da Amtega, que, por certo, non daban, incumprindo a Lei de transparencia. O novo modelo empeora a calidade da imaxe respecto do modelo orixinal. *(Aplausos.)*

Imos seguir, ¡veña!

Luminosidade. De acordo cos valores anteriores, a nova mostra empeora en 50 candelas/metro cadrado a mostra orixinal en canto a luminosidade. *(Aplausos.)*

Conectividade. A nova mostra non iguala en conectividade a mostra orixinal, senón que a empeora. *(Aplausos.)*

Son. De acordo co anterior, a nova mostra empeora en 4 vatios a potencia de son respecto da mostra orixinal.

E imos á conclusión do informe da Amtega, que vostedes vetaron e se afanaron en non publicar e non fornecer. ¿Que di a conclusión? Á vista da análise comparativa das mostras, non se observan melloras ou avances tecnolóxicos significativos na nova mostra respecto da orixinal, senón que incluso a empeora en diversos aspectos. *(Aplausos.)*

E entón, dito isto, ¿vostede, despois do que acabo de ler, que é a palabra dos técnicos e das técnicas da Amtega, cre que pode seguir adiante este cambio que vostedes acaban de aceptar? ¿Vostede cre que é normal que os nenos e as nenas galegas van ter que esperar máis pola súa dixitalización nas aulas porque a Xunta ten que andar resolvendo os seus chanchullos? ¿Vostede cre que é normal que Galiza e o ensino galego teñan que esperar por culpa de que a Xunta anda dando contratos a dedo por sabe Deus que motivo? ¿Vostede cre que isto é normal? Responda. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Castro.

Pече da pregunta, conselleiro de Facenda e Administración Pública.



O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Señoría, hai que preparar un pouquiño mellor as intervencións. *(Risos.)*

Acaba de ler o informe do primeiro modelo que se presentou, que foi rexeitado, non do segundo, que foi aceptado. *(Murmurios.) (Aplausos.)* E hai que ter un pouco de respecto polos traballadores públicos que fixeron eses informes e a súa opinión. *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Reitérolle que a Amtega está a tomar todas as medidas para garantir que a adxudicataria cumpra coas obrigas do acordo marco. *(Murmurios.)* De feito, os técnicos analizaron unha primeira solicitude de cambio de equipamento e rexeitárona, esa que vostede acaba de ler agora en diagonal tan ben. *(Risos.) (Aplausos.)*

A min, se fora vostede, caeríame a cara de vergoña, a verdade, pero ben... *(Aplausos.) (Murmurios.)* Recóllaa, ¡home!; recolla a cara, por favor; ten a faciana no chan; recolla a cara, por favor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Un tempo despois, a adxudicataria solicitou un novo cambio cun novo equipamento a subministrar, que só foi aceptado tras un exame rigoroso e a aceptación de que os novos bens igualan ou melloran en todos os aspectos a mostra inicialmente presentada.

Insisto: isto non conlevará ningún atraso, xa que non paraliza a capacidade de Amtega para formalizar un derivado.

Ademais, a Xunta de Galicia está a seguir escrupulosamente, coa súa Asesoría Xeral, todos os preceptos da Lei de contratos e non existe a máis mínima dúbida sobre a regularidade do proceso. É máis, aínda non se realizou ningunha compra destes equipos, xa que o único que ten asinado a Amtega é un contrato marco, como describe inicialmente. No intre de formalizar o contrato derivado, que si implica un compromiso de compra pola Amtega, esta velará porque o equipamento subministrado se adecúe á mostra agora validada.

Permítame clarexarlle como foi este proceso. O que a Amtega adxudicou a esta empresa foi o lote 1, subministración de paneis interactivos do acordo marco de subministración de servizo de instalación de kits de aula dixital para centros educativos no marco do proxecto Abalar, por valor de 14,75 euros. E non existe constancia nesta administración de incumprimento ningún por parte do adxudicatario a día de hoxe.

Tras a adxudicación do acordo marco, a Xunta, para garantir todos os posibles problemas e litixios entre empresas privadas e que non tiveran impacto na subministración de equipamentos, solicitou á adxudicataria que ratificara a súa capacidade de cumprir coas súas obrigas. Neste senso, e para a súa tranquilidade, podo confirmarlle que a empresa ratificou e ademais pediu un cambio de equipamento, respectándose en todo momento os procedementos da Lei de contratos. Ademais, este cambio só foi autorizado previa comprobación do cumprimento de todos os requisitos exixidos pola normativa vixente.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro, grazas, terminou o tempo. *(Aplausos.)*



Pregunta de D^a Noa Susana Díaz Varela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a presentación no Parlamento dun informe de execución e impacto do Pacto de Estado contra a violencia de xénero en Galicia

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidente.

Boa tarde, señora conselleira.

A aprobación do Pacto de Estado contra a violencia de xénero en 2017 e a súa posta en marcha un ano despois supuxo elevar a violencia machista a unha cuestión de Estado; este pacto de Estado, un acordo político polo que todas as forzas parlamentarias definiron unha serie de medidas concretas orientadas á prevención, atención e recuperación das vítimas das violencias machistas; un instrumento vertebrador de todos os actores que interveñen e que ten que ser actualizado para responder ás novas formas nas que se manifesta a violencia.

Conforme a isto, nestes momentos estanse levando a cabo as reunións pertinentes para traballar na súa renovación. Porque o Pacto de Estado contra a violencia de xénero demostrouse unha práctica de éxito, un espazo de colaboración e contribución das administracións, de todas as administracións, que ten como obxectivo loitar contra estas violencias. Ademais, debe tamén aprobarse e renovarse para garantir un financiamento estrutural nesta loita.

Entendo, señora conselleira, que coincidirá en esencia con todo o que acabo de dicir, por suposto cos matices que vostede xa expuxo ademais onte nesta cámara e que, por suposto, deberán ser corrixidos. Dende logo, sabemos que a súa consellaría —créame— traballa para executar ao máximo posible os 8 millóns que cada ano chegan ao noso país para este fin. Diso non temos ningunha dúbida.

Pero nós si entendemos que debemos asumir unha das funcións que ten este parlamento, Cámara de representación do pobo galego, como é a de controlar a acción executiva do Goberno. Pensamos que é precisa unha avaliación concienciada e pormenorizada do destino de cada euro que chega do pacto de Estado aquí. Debemos facelo aquí no Parlamento. Porque descoñecemos esa avaliación e sabemos que ás veces eses recursos orzamentarios chegan a onde non deben, como dixen esta mañá, ou mesmo se invisten onde non se debe. Por iso pensamos que é precisa unha fiscalización.

Na nosa opinión ese informe de execución que envían cada ano ao ministerio, cumprindo cos indicadores establecidos, debe ser tamén remitido a este parlamento, se cabe cunha análise moito máis detallada. E non falamos do informe anual que presentan na comisión, non falamos dese informe anual de violencia de xénero. Nós aquí estamos falando concretamente da execución do pacto de Estado, agora que está finalizando a súa vixencia. Rógolle que non entenda nisto un reproche nin moito menos. Asegúrolle que comprendemos a dificultade de fiscalizar todas e cada unha das medidas que se desenvolven. Pero para iso, e tal e como é —repito— unha das funcións prioritarias asignadas a este parlamento, nós si cremos na necesidade de que o debatamos aquí polo miúdo.



Entón, paso a formularlle a pregunta, e é se vostede considera necesario presentar no Parlamento un informe de execución e impacto do Pacto de Estado contra a violencia de xénero en Galicia, dende o seu desenvolvemento, para así atinar nesas accións futuras que se poidan propoñer.

Nada máis, grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Varela.

Resposta da conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, dona María Jesús Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Grazas, señora Díaz.

Contestando de xeito directo á pregunta sobre se consideramos e estamos a favor de presentar ese informe, ningún problema. Dígolle directamente que si, que non existe ningún reparo por parte do Goberno nin por parte da consellería en presentar ese informe.

Efectivamente —diciáo vostede—, facémolo parcialmente cando se entrega esa información ou ese informe que se ten que presentar ao abeiro da lexislación galega contra a violencia de xénero, pero non hai problema ningún en facelo de forma ampliada e concreta respecto do pacto de Estado. E, ademais, non hai ningún problema porque o estamos remitindo —e vostede acaba de dicilo— ao ministerio cada ano, ao finalizar cada ano; nos tres primeiros meses do ano seguinte tense que presentar ese informe anual sobre a execución do pacto. E, ademais, agora estamos traballando nun informe dos cinco anos; este é o quinto ano, como saben, do pacto de Estado e estamos traballando nun informe conxunto deses cinco anos, e tampouco hai inconveniente en presentar ese informe dos cinco primeiros anos, que eu espero que no primeiro trimestre do ano 2023 debería de estar rematado.

Non hai ningún escurantismo, creo que o dicía xa vostede ao respecto. Eu mesma, recién nomeada conselleira, fun ao Senado, á Comisión especial de informes, dar conta de como se estaba executando e traballando en Galicia sobre este tema. E, ademais, creo que é bo. Quero dicir: creo que esta cámara —e dígoo continuamente— é a base dos acordos en materia de loita contra a violencia de xénero, co cal aceptamos esa remisión documental, porque creo que contribuímos tamén a un traballo conxunto que é necesario por parte de todos os grupos.

Vou dar algúns datos para ir avanzando, sen prexuízo de que se faga entrega deses informes. No horizonte 2020 prevemos acadar o 100 por cento do cumprimento dos obxectivos que están establecidos no pacto. De feito, tan só no primeiro ano recordar que xa se executaron en Galicia unhas 66 das 118 medidas que estaban no pacto. Quere dicir que no primeiro ano fomos quen de executar un 55,9 por cento do total das medidas programadas para un período de cinco anos.



E quero aquí destacar que creo sinceramente que unha parte relevante do éxito que tivo en Galicia a execución do pacto vén vinculada a unha decisión que naquel momento tomou o presidente Rueda, entón responsable das políticas de igualdade, que foi transversalizar e executar por parte de todo o Goberno —e tamén o dicía onte na comparecencia—. As entidades locais, como saben, están executando parte do pacto, as entidades do terceiro sector, os colexios profesionais oficiais, con esa quenda de garda social, a quenda psicolóxica, etc.; as universidades galegas tamén; é dicir, que se está executando con carácter xeral por todos os axentes dentro do noso territorio.

Polo tanto, reiterar o compromiso por suposto da Xunta de Galicia coa sociedade, coas mulleres, coas vítimas e co pacto de Estado, de xeito inequívoco. E ningún inconveniente —repto— en dar os informes correspondentes a esta cámara en relación coa execución do pacto.

Máis nada, grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Acaba de marcar España, 1-0. (*Murmurios.*) (*Risos.*) ¡Home!, é unha boa noticia, por favor.

Réplica, señora Díaz Varela.

Perdoen, pero un non pode resistirse a estas cousas. (*Murmurios.*) Perdón, jeh!, perdón pola...

A señora DÍAZ VARELA: Alegrámonos moito dese resultado.

O señor PRESIDENTE: Réplica, señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Si, señora conselleira, grazas, agradecemos de verdade moi sinceramente a súa vontade de presentar ese informe do que falamos aquí, para que, efectivamente, poidamos debater sobre el e así ter a oportunidade tamén os distintos grupos políticos aquí representados de propoñer melloras.

E dígolle isto porque esta deputada que lle fala coñece algúns casos da non boa utilización dos fondos que chegan directamente da Xunta de Galicia, que forman parte dese informe que vos tedes mesmos envían ao ministerio. Por iso incido nese detalle desa execución. Son accións desenvolvidas directamente por departamentos da Xunta en convenios con outras entidades. Tamén acontece coa mala execución ou a mala utilización destes recursos por parte dos concellos, e a iso tamén deberíamos darlle unha volta. E ese pensamos nós que é o problema. Se ben confiamos na transversalidade das accións pola igualdade e contra as violencias, consideramos que esa necesaria transversalidade debe estar sometida a un maior control.

Póñolle un exemplo moi concreto. A Secretaría Xeral de Igualdade ten conveniado por exemplo coa Secretaría Xeral para o Deporte con cargo a eses fondos do pacto de Estado diversas accións para a promoción da igualdade no deporte, que levaban a cabo clubs, neste caso concreto que lle poño, clubs minoritarios. Buscábase promocionar estes deportes entre as nenas, así como fomentar a igualdade na súa práctica. Nun concello que coñezo ben, nesas insta-



lacións moradas, deseñadas con cartos da secretaría xeral pero a cargo dos fondos do Estado, descubrimos que os monitores e as monitoras non tiñan ningunha formación específica en materia de igualdade e moito menos en violencia xénero. E así foi como entendemos que cada mañá á porta dese pavillón as nenas eran recibidas cun «bo día, princesa» e os nenos cun «bo día, campión» e, ademais, no momento do xogo libre os nenos naturalmente se xuntaban cos nenos para xogar ao que fose e as nenas se xuntaban coas nenas.

Disto é do que falo, de que entre todas e todos sabemos que é complicado facer unha valoración detallada, pero si pensamos que aquí no Parlamento quizais poderíamos tratar esta cuestión. Isto é un exemplo só, poderíamos traer máis. E é por iso que cun propósito absolutamente construtivo pediamos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora DÍAZ VARELA: ...que no Parlamento o poderíamos tratar. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Varela.

Peche da pregunta, conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Reitero: ningún problema, traerase o informe.

Descoñezo, por suposto, o caso concreto que está sinalando.

Eu penso que con carácter xeral a transversalidade dos fondos permitiu unha adecuada execución e chegar ás distintas idades, aos distintos sectores. Por suposto, os casos que se detecten por calquera hai que comunicalos.

Agora ben, tamén é bo non elevar o de sempre, a excepción á categoría. Con carácter xeral, eu penso que se está executando de xeito adecuado; de feito, non hai nin un só requirimento por parte do ministerio neses informes que se están presentando. Nunca se reparou a execución por parte da Comunidade Autónoma. Iso non quita que nos múltiples programas que existen poida haber, por suposto, cuestións que se poidan mellorar, e para esa marxe de mellora é para o que se presenta no Parlamento. Polo tanto, compromiso absoluto por parte do Goberno respecto do pacto e da propia avaliación.

E sinalo un pouco o que dicía onte na comparecencia. Tiven onte a oportunidade de dicir un pouco as idas e vidas que tivo o pacto de Estado. Agora mesmo existe ese compromiso por parte do ministerio en canto á prórroga, en canto ao financiamento, pero si é certo que penso que non se están tratando dende o ministerio coa debida seriedade os prazos e a axilización da execución do pacto. Eu dígoo aquí porque tamén vostedes poden falar cos seus socios de Goberno en Madrid. Na axenda ou no calendario que está repartido ás comunidades autónomas vai ser nos meses de xaneiro e febreiro cando se concrete exactamente cal vai ser o



financiamento que vai recibir cada comunidade autónoma para esa execución do pacto e para ese catálogo de servizos mínimos en violencia de xénero.

Entón, eu xa lles comentaba onte que votamos a favor na Conferencia sectorial, por suposto, do impulso da prórroga do pacto e tamén dese catálogo de servizos mínimos, porque cremos nel, pero eu non vou apoiar ningún tipo de acordo onde o financiamento para a Comunidade Autónoma de Galicia se modifique ou se reduza.

Nós imos apoiar o criterio que defendemos sempre, tendo en conta a estrutura territorial que ten a Comunidade Autónoma, e pido aquí tamén que se nos apoie na medida do posible en Madrid para que non se perdan fondos do pacto ou da execución dese catálogo de servizos mínimos na nosa Comunidade. Penso que o éxito é ter acadado un pacto nun asunto tan prioritario, pero sen dúbida penso tamén que temos a obriga entre todos de preservalo e de garantilo.

Dende logo, vendo e analizando a súa execución, é unha maneira de garantir que efectivamente os fondos teñen un adecuado cumprimento ou que están adecuados á súa finalidade, pero tamén garantindo que a prórroga conleva un adecuado financiamento dos servizos que se manteñen como mínimos na totalidade do Estado.

Nada máis, moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e D^a Marina Ortega Otero, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a actuación do Goberno galego para levar a cabo un novo modelo de atención primaria no sistema sanitario que permita aos profesionais mellorar a capacidade asistencial

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, preguntámoslle hoxe se o seu Goberno se ve capaz de transformar o modelo de atención primaria para dar resposta ás cuestións evidentes de problemas que temos diante, e non parece que estea sendo así. Por iso, preguntamos. Non parece, porque vostedes están tendo algunhas ideas bastante comprometedoras para o sistema.

Quixeron deixar sós os MIR nos centros de saúde en que non había médicos ou nos PAC; tiveron que dar volta atrás, porque todo o mundo estivo en contra, como é obvio. Queren desamparar as enfermeiras deixándoas soas tamén e facendo funcións de médicos, o cal non ten ningún sustento. Tiñan vostedes un plan, que tiveron que parar, para facer videoconsultas e resolver por videoconsultas cuestións dos PAC.

Son vostedes un bufé libre de problemas. Se un é médico, tenlle a precariedade; se un é enfermeiro, desamparo legal; se un é técnico de ambulancias, que se arranxe os convenios coas empresas; se un é usuario, ten tarifa plana. Aí ten todos.



Vostedes deixan elixir, en realidade cada un pode elixir, é como xogar a súa propia aventura, cada un entra nun centro de saúde a ver que é o que lle vai pasar. Iso si, o que teñen é un prato único de respostas: a culpa, do Goberno do Estado porque non hai médicos. E isto é o único do que sabemos nos últimos meses. A verdade é que vostede renunciou xa hai tempo ás súas competencias, pero aínda por riba está soltando un discurso que é perigoso, perigoso no sentido de que pode ser que alguén lle crea que é verdade.

Permítame algunha reflexión, porque vostedes apelan a que non hai profesionais e non a que vostedes o xestionan mal. Mire, España é o segundo país do mundo con máis facultades por habitante, despois de Corea do Sur. Producimos nos próximos dez anos, aproximadamente, a este ritmo, algo máis de oitenta mil profesionais, os mesmos que se van xubilar. E seguirán faltando. ¿Por que? Faltan os que non repuxeron vostedes cos recortes. Aí está o problema: os recortes, señor conselleiro, que sufrimos polas súas políticas.

Pero é máis: cada ano preséntase menos xente aos MIR. ¿Por que se presenta menos xente? Poderíamos debater sobre isto. Unha razón —non ao completo— é que se marchan. Vostede di que non, pero a realidade é que se presentan menos a pesar de que vostedes, iso si, España, non puido cumprir 97 prazas de medicina familiar, o 10 por cento delas en Galicia. A xente non as quixo, puido elixir e non as quixo. A súa solución, nunha dinámica de mercado fabulosa, é: se a xente non quere as prazas que eu lle oferto, ofértole máis. Porque vostedes piden máis prazas de MIR. Se alguén fabrica teléfonos móbiles para vendelos ao mercado e hai un modelo que non se vende, ten dúas opcións: mellorar as prestacións ou fabricar moitos máis. Eu creo que a primeira é moito mellor opción. Son as condicións laborais e son os recortes, señor conselleiro.

Nós propuxemos, dende hai moito tempo, ampliar o volume de categorías laborais. Hai comunidades autónomas que incorporan en atención primaria moitas máis categorías: os podólogos, os fisioterapeutas, que aquí pasamos sete anos sen convocar prazas. Ademais, chegar ao tope competencial, deixar que todas as comunidades fagan todo o posible que está nas súas competencias, e non facer un sistema medicocentrista como teñen agora, e mellores condicións laborais.

¿Vense vostedes capaces de facer isto para, de verdade, ter unha atención primaria mellor da que temos? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Sanidade, don Julio García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Señor Torrado, respondendo á súa pregunta que me realiza, teño que dicirlle que si, efectivamente, o Goberno galego non só ten capacidade de afrontar un cambio de modelo en atención primaria senón que o leva planificando e executando dende hai tempo. Dende a Xunta



de Galicia somos conscientes, efectivamente, da situación que está a vivir a atención primaria, por esa escaseza de falta de profesionais, nomeadamente especialistas de familia comunitaria, e por iso, seguindo o documento «Por unha atención primaria vertebradora», actuamos en consecuencia, e —iso si— case sempre en solitario.

Moitas das medidas que vostede enumera ao longo da súa exposición de motivos, incluíndo, por suposto, esas mil supostas prazas de menos que temos en atención primaria —unha nova mentira ou a mesma mentira de sempre—, teño que dicir que, por non dicir todas, as fixemos co seu voto en contra.

Fala vostede de que temos as peores condicións laborais de España, e di, textualmente, sobre todo en termos de temporalidade. Ben, máis alá do dubidoso rigor desa afirmación, imos poñernos nun suposto. Se iso fose así, un pensaría que cando a Xunta de Galicia trae a este parlamento unha lei para facer prazas fixas en primaria por concurso de méritos para médicos vostedes votarían que si. Pero non, o ano pasado votaron en contra. Vostede agora di que era nunha lei máis ampla, que, ben, que non, que apoiaron. Non, non, vostedes apoiaron unha emenda de supresión do BNG sobre este artigo concreto e logo votaron en contra da emenda do PP que incorporou o concurso de méritos.

Este ano trouxemos outra vez esta proposta, para incluílo tamén, incluíndo a pediatría de primaria, lei breve e cuestión simple: prazas fixas por concurso oposición ¿si ou non?, vostedes votaron que non.

Fala tamén de deixar atrás o modelo medicocentrista. Está ben, porque somos conscientes de que hai que ir cara a equipos multidisciplinares e potenciar outros profesionais sanitarios que poidan asumir tarefas que agora desempeña o persoal médico. Por iso, seguindo o mandato desta cámara, potenciamos as competencias dos farmacéuticos para renovar receitas de crónicos, unha cousa pouco frecuente en atención primaria; e as da enfermería, a través de protocolos avanzados de enfermería. Son boas iniciativas que xurdiron neste parlamento, iso si, co voto en contra do PSdeG. Continuamos coa desburocratización. Hai que liberar o médico para permitirlle adicar o maior tempo posible ás tarefas clínicas. Sen ir máis lonxe, antes de onte, na Lei de medidas deste ano, introducimos un cambio legal para que non teña que ser o médico o que tramite as solicitudes das próteses sanitarias, si que as indique pero non as tramite. ¿Que fan vostedes? Votar novamente en contra.

Os orzamentos do ano pasado incluían 81 prazas de enfermería e 28 de farmacia de primaria; PSOE en contra. Dende o ano 2019 ao 2021 creamos 40 prazas de fisioterapia e 130 de enfermería, dentro do Plan galego de atención primaria; PSOE en contra. Nestes orzamentos incorporamos 130 novas prazas de categorías de primaria distintas ás do médico: enfermeira, administrativo, fisioterapeuta, traballo social; ¿e que fai vostede? Dicir que se opón aos orzamentos porque só incrementan 42 prazas de médico. Se medran as prazas de enfermería máis que as de medicina, non lle valen os orzamentos. ¿Quen é o medicocentrista aquí?

Señor Torrado, claro que queremos afrontar ese cambio de modelo na atención primaria, prazas fixas en propiedade, para médicos e pediatras e máis profesionais doutras categorías



e máis competencias para eles. Vendo o que votan vostedes, si que non hai que cambiar o modelo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, di vostede que levan planificando moitísimo tempo e que tomaron unhas medidas fabulosas, e, non obstante, estamos peor que sempre. Eu diría que isto —eu non estudei filosofía— é un siloxismo fácil. Se vostedes levan traballando moito tempo nunha mesma liña e estamos peor que sempre, pode ser que a liña na que están traballando non sexa boa. Chámeme vostede o que queira, jeh!, pero pode ser que, se vostedes están traballando nunha liña que vostede defende que é moi boa e as cousas están cada vez peor, a liña non sexa boa, e iso é o que lle estamos trasladando.

Vostede afirma facer moitas cousas, pero a realidade é que os centros de saúde están cada vez con menos sanitarios. Que hoxe o Consello de Médicos, non o Partido Socialista, lle di que vostede xa non é o interlocutor necesario *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*. Vostede dime que non, non mo diga a min, dígallelo a eles. Pero, señor conselleiro, non mo diga a min. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Ah!, o de Pontevedra, vale, enfrontarse con toda Galicia non, cunha parte si. Supoño que lles gusta a provincia, xa vexo que non lles gusta o suficiente. En todo caso, é unha alegría, e vostede debe medilo ao peso. Só os de Pontevedra, debe ser por iso que os tratan mal.

En todo caso, se vostede cre que iso está ben e é satisfactorio, ben. Nós cremos —vólvame chamar medio louco, jeh!, que tampouco iso é unha cousa..., isto igual non é unha ciencia— que era mellor traballar en consenso con eles.

Vostede di aquí que votamos en contra dunhas propostas de lei. ¿Sabe que di o Consello Galego de Médicos? Que había dúbidas da súa constitucionalidade. Vostede quere pedirnos a nós que votemos algo que ten dúbidas de inconstitucionalidade. Eu estou citando o Consello Galego de Médicos; a ver, se vostedes queren, discutan con eles. É que vostedes teñen o problema de que todo aquel que non os aplaude e non lles dá a razón e non lles sorrí e non lles di que guapos son e que bonitos é un demagogo, un populista, e hai que bater contra el.

Nós o que dicimos é: constrúan un pouco, que non manden as enfermeiras a facer o que non lles corresponde, que non manden os MIR a facer o que non lles corresponde.

E a ver se non estamos tan loucos. Non é que fagan máis; é que fagan mellor, señor conselleiro, mellor. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Peche da pregunta, conselleiro de Sanidade.



O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Señor Torrado, na súa pregunta falou de consenso, distintas organizacións orientando as decisións que son necesarias. Xa podía aplicarse vostede ese consenso e baixar deste enfrontamento constante.

Fíxese que nin unha soa vez lle mencionei os obstáculos do Goberno central socialista para as medidas que tomamos aquí en primaria. Sobran os exemplos dos obstáculos que pon aquí en Galicia a oposición socialista.

Vostede vén aquí falar dunha liña de romper esa tendencia medicocentrista, incorporando categorías, e cando eu lle digo que incorporamos categorías e vostede vota en contra, parécelle mal. Mire, estamos nesa liña, estamos nesa liña e facémolo perfectamente. O que ten que facer vostede é recoñecer o traballo dos farmacéuticos de atención primaria, das enfermeiras de atención primaria, de todas as categorías que temos introducido.

Fala vostede de que se nos ocorreu poñer MIR sós. Primeiro, vostedes saben que non estaban sós, estaban cun titor e cun médico de primaria, e ademais o seu ministerio díxonos que esa solución era boa e ademais que podíamos telos sós. Xa llo dixen, o que pasa é que vostede deste tema non lle debe preguntar ao ministerio.

E, falando dos médicos MIR, quero dicirlle que vostede tamén no seu argumentario di que deixamos 150 prazas formativas sen cubrir nos últimos trece anos. Mire, señor Torrado, vostedes en catro anos, só en catro anos, deixaron de convocar 157 prazas, en catro anos. O certo é que nós durante algúns anos non cubrimos o cen por cento das prazas, seguramente porque facemos concurso de traslados e os titores móvense de centro en centro. Pero, aínda así, vostedes no ano 2009 cubrían o 70 por cento das prazas. Neste trece anos que goberna o Partido Popular fíxose un incremento do 65 por cento das prazas.

Mire, señor Torrado, aínda que todos estamos a falar de reciclaxe, utilizar unha nota no mes xullo dos presupostos do ano pasado non é moi práctico. Eu non vou insistir en que recortou o presuposto o ano pasado en primaria. Xa sabe vostede que non había fondo covid, pero si quero recoller que nestes orzamentos, hoxe, os que aprobamos esta mesma semana, a Xunta incrementa en 137 millóns de euros a achega para atención primaria, por certo, unha contía moi semellante á que pedía o seu secretario xeral hai uns meses. Non obstante, onte vostedes rexeitaron igualmente este orzamento. Aínda que a primaria suba o que se supón que vostedes querían que subise, señor Torrado, iso amosa unha clara intencionalidade e aposta política da actual oposición.

Sigan vostedes opoñéndose a todo o que facemos, sigan por outro lado falando de que hai que cambiar o modelo e póñanse dunha vez de acordo. ¿Queren vostedes que haxa máis profesionais en atención primaria: farmacéuticos, enfermeiras, administrativos, traballadores sociais? Pois se é así, ¿por que votan en contra cada vez que traemos unha proposta dese tipo?

¿Con praza en propiedade? Tamén se opoñen ás prazas en propiedade en atención primaria. Iso non é boa estabilidade laboral. É a mellor opción que ten a Administración para ofrecerlle a un médico unha praza en propiedade; tamén votaron en contra diso. Médicos de familia, médicos de atención primaria e de pediatría ou médicos en centros comarcais. De verdade, así é difícil acertar nunha soa proposta que poida ter algún tipo de consenso con vostedes.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de D^a María Begoña Freire Vázquez e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia do incremento dos casos de ocupación de vivendas e a pasividade do Goberno central

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora FREIRE VÁZQUEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde, señora conselleira.

O fenómeno de ocupación ilegal de vivendas foi en aumento nos últimos anos, converténdose nun problema xeneralizado en todo o territorio nacional. Todas as comunidades debuxan unha evolución ascendente e Galicia non é unha excepción.

A presenza dos casos de ocupación ilegal nos medios e os datos que imos coñecendo xeran un incremento de alarma ante o crecemento sen freo destes delitos cada vez máis numerosos e visibles, debido, por unha banda, á introdución da actividade de grupos organizados na ocupación de vivendas, auténticas mafias de ocupación, e debido, por outra banda, á chegada ao poder ou espazos de decisións de partidos e persoas pertencentes a grupos que defenderon ou incluso favoreceron a ocupación ilegal de inmobles como modo de adquirir a posesión.

A realidade é que desde que Pedro Sánchez goberna as ocupacións aumentaron exponencialmente, pero o Goberno central non ve un problema. O PSOE de Pedro Sánchez nega que exista un problema coa ocupación ilegal. Agora é un partido que non defende a propiedade privada, compartindo postulados coa esquerda máis radical.

En diversas ocasións este grupo parlamentario e a Xunta de Galicia puxeron enriba da mesa a súa preocupación polo incremento dos casos de ocupacións, que, ademais dos prexuízos que ocasionan aos propietarios, se unen aos problemas de convivencia e á situación de inseguridade, á que dá lugar no contorno social no que se producen.

Non só falamos de edificios enteiros senón de rúas e de barrios. Os afectados e as asociacións veciñais veñen reclamando novas medidas para facer fronte á ocupación ilegal de vivendas. Todos coñecemos casos na Coruña, Santiago, Lugo, etc., mesmo onde os veciños tiveron que organizar gardas nocturnas para evitar novas ocupacións e expulsar eles mesmos os ocupas.

Pero se a gran maioría dos cidadáns considera insuficiente a actual lexislación en materia de ocupación de vivendas, para os policía que cada día teñen que combater esta situación resulta tamén desquiciante. En palabras dalgún axente —e cito textual— «*Coa actual lei a acción policial está comprometida, non é moito o que podemos facer e os cidadáns non o entenden. Os políticos saben cales son as nosas dificultades e o que está pasando, e é a eles aos que lles corres-*



ponde solucionar o problema». Tamén sinalan os axentes da Policía Nacional que as instrucións dadas dende a Fiscalía e a Secretaría de Estado de Seguridade no 2020 non tiveron eficacia ningunha.

Señora conselleira, estamos ante un problema serio de gran transcendencia social que, lonxe de desaparecer, se incrementa ano a ano e ante o que o Goberno central non está dando resposta porque non existe vontade política para dar solucións.

A pregunta que queremos formularlle é: ¿que valoración fai a Xunta de Galicia sobre o incremento dos casos de ocupación de vivenda e a pasividade do Goberno central?

Polo de agora, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, dona Ángeles Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, señor presidente.

Moi boa tarde.

Señora Freire, como vostede sabe, levamos dous anos traballando arreo coas distintas asociacións e organizacións, cos distintos concellos, e trasladándolle ao ministerio a problemática de ocupación. Pero parece ser que a problemática só parte dun lado. Por outro lado, van en sentido contrario e queren facer normal aquilo que é un delito. E digo que é un delito porque se trata dunha ocupación dunha vivenda privada e, polo tanto, non podería cualificarse doutro xeito. E hai unha total pasividade por parte do Goberno central, que eu teño que dicir que tamén está alentada polo BNG aquí en Galicia e cada vez que teñen que votar no Congreso en relación con este tema.

Acúsannos de alarmistas pero eu, sinceramente, prefiro que me acusen de alarmista, que me acusen de negacionista, porque é unha realidade máis que obvia. E digo que é unha realidade máis que obvia porque podemos asistir cada día a noticias nos distintos medios de comunicación. Pero vexo que no día de onte en *El Progreso*, a alcaldesa de Lugo dicía que «Méndez reunirá a Xunta de Seguridade polos ocupas da Milagrosa». Pero aquí hai unha auténtica contradición entre o que cre o delegado do Goberno, que di que non pasa nada, os números son escasos, despois dareille os números... Pero despois cando toca en concellos, hai problemas nos barrios e entón ás alcaldesas ou alcaldes que son da mesma ideoloxía política non lles queda outra máis que reunir a Xunta de Seguridade, porque en realidade non é que haxa alarmismo, é que hai un problema.

Polo tanto, estamos a vivir este fenómeno en certos barrios, en certas zonas, e debemos de dar resposta. As competencias, por suposto, en materia de seguridade non as ten a Xunta de Galicia, senón que as ten o Goberno central; aínda así, pretendemos e queremos ir da man.



Finalmente, despois dun ano, eu logrei que me recibira o delegado do Goberno —jun ano!, a unha conselleira, e non me imaxino que pode facer cun alcalde ou con calquera outro cargo—, foi o 26 de setembro, e aí dábanos a coñecer datos. Datos nos cales se reflicte que entre xaneiro e xullo do 2022 houbo 110 casos coñecidos pola Delegación do Goberno. E todos sabemos que hai moitos casos que non chegan a denuncia, senón que como non se lles dá resposta acaban indo a distintas empresas para que se proceda ao desaloxo correspondente. É dicir, que estamos deixando os cidadáns ao seu albor, que busquen a súa vida porque por parte das administracións non lles estamos dando resposta.

Pero ¿sabe que quere dicir iso, cento dez casos dos cales eles teñen coñecemento? Que cada dous días hai unha ocupación en Galicia.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

(A señora Vázquez Mejuto pronuncia palabras que non se perciben.)

Grazas. Ten outra rolda despois.

(A señora Vázquez Mejuto pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Grazas.

Réplica, señora Freire Vázquez.

A señora FREIRE VÁZQUEZ: Grazas, presidente.

Grazas, señora conselleira, pola súa resposta e a súa claridade, e por estar sempre ao lado das preocupacións dos galegos e galegas e na defensa dos intereses dos cidadáns, que non son lamentablemente os do Goberno de Pedro Sánchez.

A falta de solucións legais ante un fenómeno que non só afecta a vivendas baleiras ou segundas residencias, senón tamén o que constitúen pisos de residencia habitual, coloca os titulares dos inmobles nunha situación de absoluta indefensión. A evolución dos datos —algúns aos que se referiu e os que aparecen tamén nos distintos medios de comunicación— é de por si alarmante. As distintas asociacións que aglutinan as vítimas deste fenómeno advirten de que os datos de ocupacións son moito maiores dos que aparecen nos medios de comunicación, xa que moitas persoas están recorrendo a acordos extraxudiciais, porque saben que do contrario entre a lentitude dos procesos xudiciais, os anos de demora, as importantes perdas económicas e mesmo os danos psicolóxicos se traducen nun verdadeiro pesadelo.

A situación é tan esperpéntica que ante a situación de desprotección e para recuperar a súa propiedade vense abogados, os que poden e teñen recursos para iso, a contratar empresas de desocupación, ás que vostede se refería.

Esta mesma semana viamos nun medio de comunicación que A Coruña suma no que vai de ano unhas trinta e cinco actuacións de desocupación privadas.



E mentres o fenómeno prolifera, o Goberno central lávase as mans e bota balóns fóra para seguir de brazos cruzados impasible ante o clamor cidadán, que reclama medidas efectivas e cambios lexislativos.

Nesta sede parlamentaria, señora conselleira, tamén o Partido Socialista e o BNG negan a realidade, alegan que son casos puntuais e que as noticias dos medios de comunicación son *fake news*. Mesmo se chegou a dicir nesta sede parlamentaria que os xornalistas buscan casos de ocupas baixo as pedras, e chegan incluso —como xa sabe— a cualificala a vostede, señora conselleira...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Freire.

(A señora Freire Vázquez pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Peche da pregunta, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, presidente.

Cada dous días ocúpase unha vivenda en Galicia. É unha escalada de casos con respecto a anos anteriores: ano 2020, houbo 169 ocupacións; ano 2021, subiron a 195; ano 2022, de xaneiro a xullo, 110 casos. Estes datos difiren moito dos da Federación Galega de Empresas de Inmobiliarias, que cifran en seiscentas vivendas as ocupadas en Galicia, cun incremento do 15,3 por cento. Seguramente que isto tamén lles parece a moitos que é unha anécdota sen máis.

E a realidade é a seguinte. Nós dende a Xunta apostamos por un endurecemento das penas, porque é irrisorio. Irrisorio tanto como que roubar un móbil ten un castigo maior, de seis a dezaioito meses de cárcere, fronte a unha ocupación, que ten de tres a seis meses de cárcere. Iso quere dicir que non vai ningún.

A nosa postura ao respecto das ocupacións é clara: necesitamos un marco xurídico duradeiro, eficaz e definido, que endureza as penas, que se garanta a axilidade nos desaloxos, que se outorgue ás comunidades de veciños o dereito a actuar ante a xustiza. É algo que debería de compartir con nós o Goberno central, é algo que estamos pedindo en moitas das comunidades autónomas.

Pero, ao final, co que nos atopamos é cunha Lei de vivenda que, ao igual que o resto das leis que están saíndo aprobadas, vai supoñer que unha ocupación sexa a fórmula para obter unha vivenda; fronte a aquelas persoas que están nunha lista de agarda para ter unha vivenda pública.

Polo tanto, este é un fenómeno que en lugar de remitir vai a máis. E o Goberno parece ter outras prioridades; para nós é unha gran prioridade. Hai que modificar dunha vez por todas o Código penal, para endurecer as penas en caso de ocupación de vivendas. Hai que incluír novas medidas na Lei de axuízamento criminal. Hai que modificar a Lei de propiedade horizontal, para habilitar as comunidades de propietarios como persoas xurídicas para que poidan iniciar os procesos de recuperación. E, por suposto, tamén hai que cambiar a Lei de bases de réxime local, para que se evite a inscrición no padrón municipal de ocupantes ilegais.



Polo tanto, ao ministerio o que lle hai que dicir é que se poñan as pilas. E poñerse as pilas é que escoiten as comunidades autónomas, pero sobre todo que escoiten a sociedade, porque o problema da ocupación é un problema que altera un barrio, que dá inseguridade, que crea frustración. E, ao final, aqueles que por un lado negan rapidamente cando un está preto da cidadanía, como foi no día de onte a alcaldesa de Lugo —pero poden ser moitos alcaldes—, non queda outra máis que recoñecer a realidade; realidade que é teimuda e que, polo tanto, as ocupacións van a máis.

A partir de aquí, agardemos que a Lei de vivenda estatal non saia adiante...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(A señora Vázquez Mejuto pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Grazas, conselleira. Grazas.

(Aplausos.)

Pregunta de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o grao de cumprimento do pacto ambiental asinado entre a Xunta de Galicia e Ence en xuño de 2016

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don Xosé Luís Bará, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor BARÁ TORRES: Señora conselleira, fíxese nesta fotografía *(O señor Bará Torres amosa unha fotografía en dirección ao escano da señora conselleira.)* —non sei se a pode ver desde aquí, que ten boa vista—, non, explícolle eu. Esta é unha fotografía de xullo de 2016. Nela están a exconselleira, a súa antecesora, Beatriz Mato, ¿recorda?, máis o señor Rueda e o conde de Polentinos, o señor Colmenares, o conselleiro delegado de Ence. Ano 2016, xullo, estaban facendo unha especie de unidade de destino universal, é unha especie de «*uno para todos y todos para uno*», poñendo as mans así xuntas. Porque estaban selando o que chamaron vostedes o Pacto ambiental de Ence, que supoñía supostamente un investimento de 193 millóns de euros, que realmente era unha compensación porque vostedes lle deran uns meses antes unha prórroga ilegal cun Goberno en funcións, o señor Mariano Rajoy. Acórdanse diso, ¿non? Tan ilegal que foi declarada ilegal pola Audiencia Nacional uns anos despois. *(Aplausos.)* En fin, non dixemos nós que era ilegal, díxoo a Audiencia Nacional. *(Aplausos.)*

Pois ben, tres anos despois resulta que Ence suspendeu ese pacto, deixou de aplicalo. Ese pacto prevía uns investimentos, prevía a creación dunha comisión de seguimento e prevía tamén un informe anual sobre eses investimentos. E vostedes recoñeceron —pedímoslles a documentación e non nola deron aínda— que non fixeron seguimento ningún dese acordo. Non só isto, senón que en lugar de facer o seguimento e velar polo cumprimento vostedes o que fixeron foi premiar a Ence. Vostedes a Ence, que incumpriu ese acordo, premiárona defendendo os seus intereses, avalando as súas ilegalidades e poñéndoa como exemplo.



E o pasado día 3 de outubro, despois de tres anos —fíxese no retardo que levaban co tema—, vostedes déronse conta de que Ence levaba tres anos incumprindo o acordo. E de todo o acordo preocupoulles especialmente unha cantidade de 3 millóns de euros que Ence destinaba a financiar entidades sociais da zona de Pontevedra. Entidades como, por exemplo, Xoán XXIII ou a Asociación de Parkinson, a Asociación de Persoas Discapacitadas, o Banco de Alimentos, a Asociación contra o Cancro, que, en todo caso, debían estar financiadas por fondos públicos se fan unha finalidade pública, non necesitan as dádivas de Ence.

E preguntámonos a que vén esta preocupación tan repetina e tan tardía tamén do presidente da Xunta. Pois nós pensamos que é un paripé, porque realmente a vostedes non lles preocupa ese incumprimento, a vostedes preocúpalles seguir defendendo os intereses de Ence. Vostedes tiveron que escoller no seu día entre Ence e Pontevedra, e escolleron Ence. Pontevedra non paga a traidores, señora conselleira. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, presidente.

Señor Bará, sabe que todas as industrias en Galicia están sometidas a unha rigorosa normativa, que é a normativa de carácter ambiental, cun estrito control do seu cumprimento, dende o punto de vista ambiental, pero tamén dende o punto de vista da seguridade industrial. Ence non podía ser unha excepción, Ence non é unha excepción e, polo tanto, o mesmo que se lle exige ao resto exíxeselle a Ence.

Pero, como ben sabe, a empresa conta con autorización ambiental integrada do ano 2008. E, que saiba eu, no ano 2008 non estaba gobernando o PP, estaba gobernando o Bipartito. A miña pregunta é: que boa era Ence naquel momento e que malísima é Ence agora. E é bo que lles expliquen tamén aos cidadáns de Pontevedra quen deu o primeiro paso con Ence. Pode haber moitas fotografías, pero, ao final, o que hai son papeis onde se asina, e, polo tanto, había unha autorización ambiental; unha autorización que foi revisada e actualizada no ano 2018 para adaptarse ás mellores técnicas dispoñibles. Pois, fíxese, se vostede di que agora non cumpre, ¿como sería no ano 2008? Eu dígolle: se naquel momento os técnicos asinaron é porque cumpría, e se no ano 2018 asinaron, é porque tamén cumpre, porque os técnicos son funcionarios e, polo tanto, son imparciais. Non é como os alcaldes, que ás veces, unha cousa ou a outra... Non, non, os técnicos son técnicos.

Dende a Consellería de Medio Ambiente o que fixemos foi velar por ese estrito cumprimento da autorización ambiental integrada. De feito, esta factoría está sometida á subministración de información periódica sobre o cumprimento de certos parámetros e a un estrito réxime de inspeccións e verificacións concretas e periódicas que están baseadas todas en criterios obxectivos. Non crea vostede que, de repente, a parte medioambiental é subxectiva. Non, iso non pode ser así. E o resultado é claro —aínda que sei que a vostede non lle gusta oílo—: no



día de hoxe a planta cumpre cos requisitos fixados para este tipo de actividades, cos índices de emisión e cos de vertidos. E, de non ser así, habería non sei cantas denuncias, o xulgado daría o visto e praxe..., ¡faltaría máis! E cumpre rigorosamente as exixencias marcadas pola Unión Europea.

A maiores e de xeito voluntario, efectivamente, no ano 2016 asinou coa Xunta un pacto ambiental; unha figura —¡ollo, señor Bará!— que está prevista na Lei de protección ambiental en Galicia dende o ano 1995.

A pregunta que eu lanzo hoxe aquí é: ¿como é posible que asinaran o pacto no ano 2016 e por que vostedes non lle exixiron a Ence que asinase este pacto social no ano 2008? Porque, en vez de ter investidos equis millóns, seguro que terían investidos moitos máis.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Grazas, terminou o tempo.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Iso si que é velar polos intereses de Pontevedra. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Para a réplica, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Vaise vostede pola tanxente, señora conselleira, *(Aplausos.)* porque, claro, eu pregúntolle polo Pacto ambiental e vostede fala das autorizacións ambientais. Hai unha pequena diferenza, que é que no 2008 a empresa tiña a concesión ata 2018 e vostedes, cando ía caducar a concesión, déronlle unha prórroga ilegal, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* que foi anulada pola Audiencia Nacional en 2016. *(Aplausos.)* Non só iso, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* senón que o fixeron cun goberno en funcións, que xa é motivo de nulidade, porque un goberno en funcións non pode tomar unha decisión como esa. Así que non faga esas comparacións.

Pero estoulle preguntando polo pacto de 2016, estoulle preguntando pola comisión de seguimento, estoulle preguntando polos informes, estoulle preguntando polo cumprimento dese pacto e vostede non me deu ningunha resposta.

É que vostedes, ademais, a nós non nos deron a documentación polo artigo 9 aínda, pero vostedes dixéronlle a un medio de comunicación, a *Praza Pública*, que non había ningún informe, porque vostedes non fixeron seguimento nin fixeron informe nin fixeron nada, porque lles dá igual. O único que lles preocupou realmente a vostedes... Non lles preocupou que Ence non fixese eses 193 millóns de investimentos que prometeu, que non fixese non sei cantas plantas que ía facer de bioenerxía, biomasa, biofábricas ou como lle chamen agora...; a vostedes o único que lles preocupou foi que a partir de 2019 Ence deixase de financiar unha serie de entidades da comarca de Pontevedra con 3 millóns de euros. ¿E sabe por que? Porque a repartición deses fondos se decidía na sede do Partido Popular de Pontevedra, *(Aplausos.)* porque a repartición de fondos era a campaña electoral do Partido Popular de Pontevedra, porque con eses fondos vostedes gañaron dous concelleiros en 2019 *(Murmurios.)* e con eses



fondos vostedes querían botar abaixo, derrocar, o Goberno municipal de Pontevedra, e non o conseguiron. *(Aplausos.)* E levan vinte e tres anos na oposición. Nin con todo ese diñeiro do mundo nin con todo o diñeiro de Ence van conseguir botar abaixo ese goberno. Así que aprendan a lección e non esperen que lle financien a campaña en Ence.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Para o peche da pregunta, a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Señor Bará, ¿de verdade que escoitei ben? ¿De verdade que dar autorización ambiental no ano 2008 ata o ano 2018 iso estaba *guay*, ben, pero a prórroga está fatal? Podía soportar Pontevedra unha empresa nun momento determinado, pero non a pode soportar agora. De verdade, sexamos un pouquiño máis serios. *(Murmurios.)*

E non hai prórroga ilegal de ningún tipo porque non podería estar tendo actividade a empresa neste momento. ¡É que, se van así por Pontevedra, ao final, non me estraña, porque menudo caos teñen os veciños e as veciñas! *(Murmurios.)*

Independentemente de todo isto, que quede claro —ano 2008, autorización ambiental de vostedes, efectivamente— que hai un pacto que levou aparellado sinaturas; sinaturas dun convenio do que despois se asinaron adendas no ano 2017, no ano 2018 e no ano 2019.

Os investimentos realizados: 82 millóns de euros, dos que 73,2 millóns foron para actuacións na factoría, co conseguinte desglose: 29 millóns de euros para melloras medioambientais, 23,2 millóns de euros para eficiencia enerxética e 21 millóns para optimización do proceso produtivo. Os 9 millóns restantes foron para o denominado Programa Marco, destinado a colectivos e asociacións de Pontevedra con axudas para proxectos de índole medioambiental, 1 millón de euros; para deportiva, 2,6 millóns de euros; para impulso ao emprendemento, 2 millóns de euros; para loita contra a exclusión social, 1,5 millóns de euros, e para outras de carácter social e educativo, 1,6 millóns de euros.

Polo tanto, señor Bará, efectivamente, houbo un pacto; un pacto asinado, un pacto que puideron asinar vostedes dende o ano 2008, porque así o preestablecía a lei, e non o fixeron, e que se tardou un tempo en realizar. É certo que hai poucas empresas que asinen este tipo de pactos medioambientais, cos que poñen por escrito o seu compromiso de investimentos no lugar onde desenvolven a súa actividade, que son para actividades distintas, e, ademais, para os veciños e as veciñas, que, efectivamente, soportan unha carga de distinta índole. Entón, o balance non deixa de ser máis que positivo porque houbo, ademais, integración paisaxística da factoría, redución de impacto acústico e tratamento de rexeneración das augas.

A isto hai que engadir o anexo de creación de emprego do pacto, ao cal destinaron 34,3 millóns de euros.



Aínda así, hei de dicirlle que algunhas das cousas non están feitas porque saben que había un goberno que non axilizaba as licenzas nin as sacaba para diante. Espero que lle quedase clara a resposta.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D^a Rosana Pérez Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración da Xunta de Galicia de todas as leccións que nos deixou o afundimento e a catástrofe ambiental e social do *Prestige*

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Señora conselleira, boa tarde.

Despois de vinte anos dunha das maiores catástrofes ambientais e económicas da nosa historia, moitos responsábeis políticos da Xunta de Galiza afirman con rotundidade, mesmo cando no día de hoxe seguen a aparecer periodicamente manchas de chapapote identificadas como procedentes do *Prestige*, que a costa está totalmente recuperada.

Descoñecemos os datos que manexan vostedes e que ocultan aos demais. Pero esas e outras afirmacións resultan, cando menos, temerarias, sobre todo se temos en conta que non se fixo unha avaliación global do impacto ambiental, tampouco sobre os efectos da exposición e o contacto co fuel sobre a saúde das miles de persoas que participaron nos labores de limpeza ou da recuperación das zonas afectadas.

Mais a situación das arredor de 13.000 toneladas de fuel que aínda permanecen no buque afundido e a súa afectación ou as 10.000 toneladas que aínda continúan sen ser tratadas nas Somozas seguen sendo unha incógnita sen despexar.

A Xunta aprobou no ano 2012, dez anos despois do *Prestige*, o Plan Camgal como instrumento fundamental para a loita contra a contaminación marítima; un plan que non fixo unha análise completa de riscos e que, malia ser obrigatorio, segue sen ser adoptado aínda por moitos concellos costeiros. Sería bo, señora conselleira, ter datos reais sobre el, máis alá das manobras propagandísticas de simulacros por parte da Xunta.

Mil cincocentos quilómetros de costa, máis de 4.000 embarcacións, 128 portos, máis de 20.000 traballadores e traballadoras no sector do mar, 40.000 barcos ao ano fronte ás nosas costas, unha media de 35 barcos ao día con mercadorías perigosas, e vinte anos despois Galiza segue sen ter o control das súas costas.

O propio Goberno galego desbotou ter un órgano propio para investigación de sinistros marítimos e desprezou en varias ocasións as propostas do BNG para solicitar as transferencias en salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña que recolle o Estatuto de



autonomía do noso país. A seguridade no mar continúa en mans privadas e a Xunta non quere nin oír falar da creación dun servizo público de salvamento.

O heliporto de Ruibo emprazouse nunha ubicación imposíbel para a operatividade dos helicópteros e cunha ignorancia total sobre as necesidades de seguridade das costas galegas.

A construción e a dotación dunha base de contaminación mariña no Porto de Brens vótase en contra anualmente polo PP nesta Cámara e o seu desleixo chega ao límite de poñer en perigo mesmo o servizo de práctico na Costa da Morte, vital para a seguranza no mar e vítima dos recortes da Xunta.

¿Aprenderon, señora conselleira, algunha lección da catástrofe ambiental e económica do *Prestige* ou non aprenderon nada?

Grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pérez Fernández.

Para a resposta da conselleira do Mar, dona Rosa María Quintana Carballo.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, presidente.

Señorías, señora Pérez, moi boa tarde.

A Xunta de Galicia considera que houbo, como en toda actividade nesta vida e tamén na Administración, cuestións das que aprender nese episodio, pero non se trata só de aprender unha lección, senón que se trata de aplicar o aprendido. E, neste caso, consiste en dar pasos adiante.

Nestes anos déronse pasos adiante para mellorar substancialmente a disposición de medios e operativos para afrontar unha situación semellante á que se deu co accidente do buque tanqueiro *Prestige*.

Neste senso déronse e acometéronse accións en varios planos. Avanzamos no plano operativo de resposta, xa que España está moito máis preparada tanto cientificamente como a nivel de medios para facer fronte a unha emerxencia deste tipo e conta cun sistema nacional de resposta ante a contaminación mariña. Dentro deste sistema, Galicia dispón do Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental, que se creou no ano 2012 para loitar de forma máis eficaz, operativa e eficiente ante emerxencias deste tipo.

Avanzamos no plano de dotación de medios. Nos últimos anos incorporamos o buque *Irmáns García Nodal*, o buque *Sebastián de Ocampo*, ambos dotados cos EPI de protección nuclear, radiolóxica, biolóxica e química, así como o remolcador *Ría de Vigo*, que está designado para o noroeste da península Ibérica pola Axencia Europea de Seguridade Marítima, e no que a Xunta contribúe economicamente cun millón de euros para manter a súa operatividade.



A maiores, todas as bases do Servizo de Gardacostas de Galicia e tamén todas as súas patrulleiras contan con material de loita contra a contaminación, ao tempo que a comunidade dispón de 5 naves de almacenaxe de distintos equipamentos, 3 de gardacostas e 2 de Portos de Galicia.

Polo tanto, cremos que se avanzou substancialmente nestes dous planos e déronse pasos tamén no plano normativo e de seguridade marítima. Hoxe en día hai un maior control do tráfico marítimo, endurecéronse tanto as normas como as inspeccións e a Organización Marítima Internacional prohibiu dende o ano 2010 a navegación de buques monocasco.

Avanzamos tamén no coñecemento científico. Galicia participou nos últimos anos en máis de quince proxectos de investigación europeos.

Xa para finalizar quería incidir en que afrontar unha situación da magnitude do *Prestige* sería moi complicado para calquera país e calquera goberno do mundo, polo que quero poñer en valor, malia que o risco cero non existe —porque o mar é un medio hostil e variable—, que Galicia é hoxe un dos espazos marítimos con maior e mellor protección. E nesa liña imos seguir traballando porque esa foi sempre a nosa máxima.

Cremos que protexer a nosa costa e o noso sector é o noso traballo e a nosa obriga.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Para a réplica, a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Señora conselleira, vostede fala de aplicar o aprendido. ¿Temos que concluír, entón, que aprenderon algo? Di vostede que se avanzou, e dende logo nós, despois de dúas décadas, non imos ser quen de non recoñecer que, efectivamente, houbo avances, sobre todo normativos. Agora falta que o Goberno da Xunta e o Partido Popular recoñezan que eses avances se deben fundamentalmente á mobilización e á exixencia do pobo galego e de moitos miles de persoas que viñeron de fóra. (*Aplausos.*)

Señora conselleira, hoxe pola mañá «aplausouse» aquí con intensidade por parte do Partido Popular un aniversario que se cumpre hoxe, no entanto, hai uns días, o 13 e o 19 de novembro, cumpríronse outros aniversarios, o da ausencia e o da incompetencia dos responsábeis políticos do Partido Popular en Madrid e en Galiza, o da submisión absoluta do Goberno galego ás instrucións e consignas que viñan de Madrid, o da mentira e o do caos que multiplicou o efecto da marea negra. Todo o pobo galego acaba de lembrar e conmemorar estes días a única e inmediata resposta que houbo naquel momento: a dada cos seus propios medios por miles de galegos e galegas e por miles de persoas que chegaron tamén de fóra do país. (*Aplausos.*)

Vinte anos despois, como daquela, neste aniversario, o único ausente foi de novo o Goberno galego, o que deixa ben ás claras en que mans estamos e que, de haber outra catástrofe similar,



estariamos seguramente bastante parecido, ao albur das ocorrencias do ministro —ou conselleiro ou conselleira de turno— e coa mesma indefensión que naquel momento.

Señora conselleira, no 2002 vostede era directora xeral de Innovación e Desenvolvemento pesqueiro dunha consellería dirixida polo ínclito López Veiga...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pérez Fernández.

(A señora Pérez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.) Grazas. Terminou o tempo.

(Aplausos.)

Para o peche da pregunta, a conselleira do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, presidente.

Señorías.

Non sei como ía terminar a réplica da señora Pérez, *(Murmurios.)* pero ía a algo así como que eu naquel momento era directora xeral de Innovación e Desenvolvemento pesqueiro. Si, e tiñamos un gran conselleiro, o conselleiro López Veiga, que dende o primeiro momento estivo á fronte dun operativo moi importante e que conseguiu minimizar o risco. *(Aplausos.)*

E, xa naquel momento, ese conselleiro que vostede supoño que quería desprestixiar coas súas palabras, pero non lle deu tempo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Vou ver se son capaz de manter... *(Un señor deputado: ...a calma.)* Non, a calma mantéñoa tranquilamente, non se preocupe. Digo que naquel momento se tomaron as disposicións necesarias para acudir a toda a poboación... *(Murmurios.)* A verdade é que é un momento en que os insultos xa non teñen razón de ser, pero... *(Un señor deputado: «...los hilos de plastilina...»)* Non, «los hilos de plastilina» figuran nun informe técnico. Pero, bueno, se me deixan, ao mellor, podo explicar algo. Podo explicar que, despois de atender a poboación, despois de atender o sector pesqueiro, despois de ter que prohibir a extracción de todos os recursos pesqueiros, cando se abriron todas as zonas, non houbo nin unha soa denuncia por que houbo algún problema de contaminación en ningún dos recursos que se obtiveron do noso mar. E naquel momento xa se adoptou o primeiro plan de loita contra a contaminación mariña; plan que tiña que ser renovado no ano 2006-2007 e que cando chegamos nós ao Goberno aínda estaba en tramitación. O único que fixeron foi pasarlle as competencias que tiña a Consellería de Pesca á Consellería de Emerxencias, porque os que estaban en Pesca non querían saber nada de coordinar as accións que houbo que poñer en marcha se houbo outro caso similar ao do *Prestige*. Iso foi o que fixeron no Goberno bipartito. O que fixeron no Goberno bipartito queda ben claro cun buque que estivo durante quince días navegando polas costas da Mariña, cun problema de contaminación, e no que o Goberno galego estivo totalmente ausente. Estivo coordinado todo por Madrid.



A vostedes váiselles todo en dicir unha sarta de mentiras como que nas Somozas aínda quedan 10.000 toneladas de fuel, ou 50.000. Vaian ás Somozas ver cantas toneladas de fuel atopan sen tratar. Vaian ás Somozas e despois digan a verdade aquí, neste Parlamento.

Señora Pérez, eu dígolle unha cousa. Vostedes falan de que facer un simulacro é facer o ridículo. Eu dígolle que é a forma que temos para manter os equipos entrenados se hai que actuar nun caso de necesidade. É o que recomendan todos os técnicos e é o que facemos en Galicia coa periodicidade que se establece por parte dos técnicos. Iso é o que temos que facer, estar preparados. Pero recórdolle as palabras do director da Axencia Europea de Seguridade Marítima: nin toda a Unión Europea tiña os medios suficientes para loitar contra unha situación como a que se viviu na época do *Prestige*. Non pretendan vostedes que unha rexión tan pequeniña como Galicia poida estar máis preparada que toda a Unión Europea. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Boa tarde.

Remata aquí o pleno. E a tarde non se deu mal. Comunícolles que España vai ganando 3-0 no primeiro tempo. ¡No primeiro tempo!


Remata a sesión ás seis e sete minutos da tarde.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Aira Díaz, María del Carmen	(BNG)	39. Pardo López, Adrián	(P)
2. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	40. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
3. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	41. Pérez Domínguez, Fernando	(P)
4. Arangüena Fernández, Pablo	(S)	42. Pérez Fernández, Rosana	(BNG)
5. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	43. Pérez López, Daniel	(BNG)
6. Armada Pérez, José Antonio	(P)	44. Pérez López, Noelia	(P)
7. Balseiro Orol, José Manuel	(P)	45. Pomar Tojo, Carmen María	(P)
8. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	46. Pontón Mondelo, Ana	(BNG)
9. Caballero Miguez, Gonzalo	(S)	47. Porro Martínez, María Corina	(P)
10. Cachafeiro Anta, Belén	(P)	48. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
11. Calvo Pouso, Diego	(P)	49. Prado del Río, Paula	(P)
12. Candia López, María Elena	(P)	50. Prado Patiño Jesús Miguel	(P)
13. Carballo Páez, Ramón	(P)	51. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
14. Carreira Pazos, Iria	(BNG)	52. Puy Fraga, Pedro	(P)
15. Castro García, Daniel	(BNG)	53. Queixas Zas, Mercedes	(BNG)
16. Castro Rey, Paloma	(S)	54. Rey Varela, José Manuel	(P)
17. Conde López, Francisco José	(P)	55. Ríos Santomé, Paulo	(BNG)
18. Díaz Mouteira, María Sol	(P)	56. Rivas Cruz, Xosé Luís	(BNG)
19. Díaz Varela, Noa Susana	(S)	57. Rodeiro Tato, Ovidio	(P)
20. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	58. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
21. Fernández Alfonzo, Ramón	(BNG)	59. Rodríguez Carrera, María Felisa	(P)
22. Fernández Gómez, Alexandra	(BNG)	60. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	(S)
23. Ferro Iglesias, José Luis	(P)	61. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
24. Freire Vázquez, María Begoña	(P)	62. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
25. Gallego Sanromán, María Leticia	(S)	63. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
26. García Vidal, Ana Belén	(P)	64. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
27. Gómez Salgado, Carlos	(P)	65. Salido Maroño, María Belén	(P)
28. González Albert, María	(BNG)	66. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
29. González Iglesias, María do Carme	(BNG)	67. Santos Costa, Manuel	(P)
30. López Sánchez, Rosalía	(P)	68. Sanz Arias, Cristina	(P)
31. Lourenzo Sobral, Manuel Antonio	(BNG)	69. Seco García, Martín	(S)
32. Lorenzo Gómez, Rubén	(P)	70. Suárez Sarmiento, María Elena	(P)
33. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	71. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	(BNG)
34. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	72. Torrado Quintela, Julio	(S)
35. Ojea Arias, Eduardo	(S)	73. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
36. Ortega Otero, Marina	(S)	74. Vega Pérez, Daniel	(P)
37. Otero Lago, Noelia	(S)	75. Vereja Fraiz, Borja	(P)
38. Otero Rodríguez, Patricia	(S)		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

